

ANUARIO DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Nº/ **17**

Revista Oficial da
Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG
EDICIÓN BILINGÜE

GALICIA MÁXICA

DOENZAS

RITOS

CONTOS

CURANDEIROS

Nº17

REVISTA OFICIAL DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

CONSELLO EDITORIAL

Xacobe Abel Fernández García / Presidente

Paula Marcos Carregal / Vicepresidenta

María Villarino González / Secretaria

Eduardo Martínez Lamosa / Tesoureiro

Paula Cid Gutiérrez / Vogal

María Salomé Botana Martínez / Vogal

Isabel Figueroa Matallín / Vogal

Marta Millares Otero /Vogal

CONSELLO DE REDACCIÓN

M^a Gabriela Domínguez Martínez / Directora
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN PONTEVEDRA

Noelia Pita Fernández
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE FERROL

Paula Rodríguez Vázquez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE VIGO

Laura Sotelo Estévez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA – O SALNÉS

Aislinn García Hermo
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

anuario@copgalicia.gal

EDITA

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espíñeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela

T. 981 534 049 | Fax. 981 534 983

www.copgalicia.gal | copgalicia@copgalicia.gal

DESEÑO E MAQUETACIÓN – Laura de Cibreiro

IMAXE DE PORTADA – Raymond Petrik / Pexels

ISSN: 2444-6653

Revista indexada en Latindex
<https://www.latindex.org/latindex/ficha/22303>

latindex

Novembro, 2024

Depósito Legal: C 1615-2019
<https://copgalicia.gal/secciones/psicologia-e-saude/publicacions>

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables das opinións verquidas nos artigos publicados

As opinións expresadas na Presentación son responsabilidade do Consello de Redacción

APUNTAMENTO

A preferencia de idioma no orixinal de cada artigo foi determinada polo/a seu/súa autor/a, coa tradución do Consello de Redacción e revisión do COPG

SUMARIO

04	PRESENTACIÓN
	M ^a Gabriela Domínguez Martínez
06	DOENZAS / MALES DA CABEZA: NOTAS SOBRE DENOMINACIÓNS, CAUSAS, SÍNTOMAS E REMEDIOS SEGUNDO A MEDICINA POPULAR TRADICIONAL GALEGA
	Antonio Reigosa Carreiras
28	RITOS / TRANSFORMACIÓNS DA RITUALÍSTICA FUNERARIA NA GALICIA CONTEMPORÁNEA
	Rafael Quintía Pereira
50	CONTOS / CRECER CON CONTOS: O IMPACTO DAS HISTORIAS NO DESENVOLVEMENTO INFANTIL.
	María Ángeles Goás Amado
60	FERRAMENTAS — CURANDEIROS / PSICÓLOGOS E OUTROS MENCINEIROS
	Jorge García Fernández
	ANUARIO ABERTO
76	CASO 1 / (RE)TOMANDO O RUMBO: ABORDAXE DUN CASO CLÍNICO A TRAVÉS DA TERAPIA NARRATIVA – Lucía Díaz Riola + Melania Beceiro Rico
90	CASO 2 / AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA DUNHA SÍNDROME AMNÉSICA TRANSITORIA RECORRENTE – Anxo Fernández Villar + Cristina García Díez + Nora Suárez Fuentes + Jennifer Cabaleiro Suárez + Uxía Martínez Hervés + Beatriz Fernández Malvido
102	CASO 3 / ATENCIÓN PSICOLÓXICA AO FINAL DA VIDA NO CONTEXTO DO COVID-19 – Ana Amado Mera
110	PÓSTER / GRUPOS DÓ PERINATAL
	Andrea Navarro Marcos + Marta Yáñez Vicente + Andrea Puime Pérez + Ana Asunción Canle de Andrés + Fátima Álvarez Martínez

*Son enfermos, unos del cuerpo,
otros del alma, que vienen
a curarse con exorcismos y
oraciones ya que la medicina no
puede hacer el milagro de aliviar
males que no tienen remedio ni
suprimir la inevitable muerte,
herencia de los mortales.*

Rosalía de Castro, *El primer loco*
[1881]

Moitas veces o tema que escollemos para o *Anuario* foi pensado hai tempo, como propostas anteriores que foron rexeitadas. Como se se tratara dunha historia, hai personaxes que saen ao principio pero cobran protagonismo máis adiante. Non sabemos se, como o bo viño, esta idea tiña que madurar ou se foi o seu predecesor, o *Anuario dos Inicios*, quen a fixo amosar; pero escollemos reflexionar sobre as orixes. Ben podería ser este, Orixes, o título do *Anuario*, pero na terra das meigas, e sendo cinco bruxas no equipo, a maxia e a poesía son a nosa pegada, así que seguimos co simbolismo, co realismo máxico da nosa terra, da Galicia Máxica.

Probablemente este sexa un dos *Anuarios* máis fermosos, fermoso porque o fio condutor é a nosa terra, Galicia, coa súa historia e historias. É fermoso polo contido e fermoso polas imaxes. É fermoso por bonito e porque nos conecta coas nosas raíces.

Galicia é maxia, é historia e memoria. Cada un de nós creamos a nosa propia trama, embebidos da historia e memoria colectiva, que nos atravesa, que nos constitúe, que nos dá identidade. Ao final da vida, o que deixamos son historias e vivimos en historias, polo que coñecemos e non soterralas, axuda a entender o que nos ocorre.

Quizais na época da tecnoloxía, dos avances, da profesionalización do todo, da patoloxización da vida, da individualidade fronte á comunidade se convida á desmemoria; nós queremos evitalo e recordar e contar. E facémolo con artigos, artigos que enganchan e fan sorrir, artigos que nos conectan entre nós e nos levan ao importante. E como se de fadas se tratara, entre os propios articulistas cítanse.

Abrimos o *Anuario* cun artigo de Antonio Reigosa, escritor, investigador e divulgador da cultura popular tradicional galega. Co seu artigo *Males da cabeza: notas sobre denominacións, causas, síntomas e remedios segundo a medicina popular tradicional galega*, trata de derrubar barreiras de desentendemento entre o mundo tradicional

PRESENTACIÓN

M^a Gabriela Domínguez Martínez

Directora do Consello de Redacción

Psicóloga Clínica

Práctica privada en Pontevedra

gabriela.dominguezmartinez@gmail.com

SUMARIO
CASTELÁN

e o científico. Fala das enfermidades ou doenzas, da orixe sociocultural das mesmas, como aspecto importante a reflexionar, e o medo e a culpa que sempre están detrás. E faino describindo os males de ollo, do aire, das sombras, o corpo aberto, o ramo cativo, o corpo santo, os curandeiros...narrando as explicacións que se daban aos males da cabeza, onde o poder curador non depende só do que sabe, senón tamén dun ente superior e da comunidade.

A influencia e peso da tradición está en todas partes, non se libra nin a morte. No seguinte artigo, Rafael Quintúa, antropólogo, fala da *Transformacións da ritualística funeraria na Galicia contemporánea*; reflexiona sobre como cambiou o ritual e xestión do tronso da morte na cultura e na sociedade galega. De como a morte mudou do colectivo ao individual, da vivencia do dó e a morte en soidade hoxe en día fronte á socialización da dor que imperaba nas sociedades rurais. Curioso, a sociedade na que todo se fai público pero se leva en privado a morte, incluso se nega e se reprimen os sentimentos asociados e os tempos para sentir, pasando de ser considerada unha realidade irremediable a vivir coma se a morte non existise, mais sempre está aí.

E da morte pasamos á vida, ás crianzas e aos contos. Ángeles Goás, mestra e contadora de contos, reflexiona sobre a importancia de recuperar o contar e a tradición oral nas familias co seu artigo *Infancia e fantasía: o poder transformador dos contos e o seu impacto no desenvolvemento*. Cunha lectura amena, introduce a cultura da narrativa oral e as bondades e beneficios de contar contos á infancia, no marco da Galicia dos nosos devanceiros. Contar é compartir, prestar atención, pararse e estreitar lazos. Tamén fai reflexión e crítica sobre a rapidez, produtividade e «profesionalización» nos nosos tempos, onde, a pesar do mundo conectado, se perden as conexións interpersoais mais

íntimas; e onde o conto trata de «profesionalizarse», perdendo a súa verdadeira esencia.

E de contos tamén sabemos os psicólogos, pois escoitamos historias e axudamos a reelaborar relatos. E cos *Psicólogos e outros menciñeiros*, do apartado de ferramentas, pechamos este ciclo de historias con este artigo do psicólogo clínico Jorge García. Cunha escritura dinámica e clara, e a través dunha viñeta clínica que a acompaña, fala sobre o noso facer en terapia como escoitadores de historias. A persoa con malestar é a que elixe o seu axente de curación e outórgalle a potestade de facelo e nisto inflúe tamén a cultura, os grupos sociais, a familia, aqueles que están preto no momento de enfermarse. Recolle puntos claves para o noso bo facer nas consultas.

Este relato pechado da Galicia Máxica deixa paso ás historias abertas do ANUARIO ABERTO, con tres artigos libres e o traballo premiado nas pasadas Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG: *(Re)tomando o rumbo: abordaxe dun caso clínico a través da terapia narrativa*, de Lucía Díaz Riola e Melania Beceiro Rico; *Avaliación neuropsicolóxica dunha síndrome amnésica transitoria recorrente*, de Anxo Fernández Villar, Cristina García Díez, Nora Suárez Fuentes, Jennifer Cabaleiro Suárez, Uxía Martínez Hervés e Beatriz Fernández Malvido; *Atención psicolóxica ao final da vida no contexto do COVID-19*, de Ana Amado Mera; e *Grupos de dó perinatal* (traballo premiado) de Andrea Navarro Marcos, Marta Yáñez Vicente, Andrea Puime Pérez, Ana Asunción Canle de Andrés e Fátima Álvarez Martínez.

Esta historia chegou ao seu fin e, como cada ano, agradecer e dar os parabéns ás miñas compañeiras de equipo pola súa implicación, o seu traballo e compromiso; así como ás autoras e aos autores dos artigos, que tan ben o fixeron, e ás compañeiras do COPG.

Agardamos que vos quede un bo sabor de boca coa lectura!

DOENZAS

MALES DA CABEZA: NOTAS SOBRE DENOMINACIÓNS, CAUSAS, SÍNTOMAS E REMEDIOS SEGUNDO A MEDICINA POPULAR TRADICIONAL GALEGA

Antonio Reigosa Carreiras

Escritor, investigador e divulgador da cultura popular tradicional galega

antonioreigosa@gmail.com

www.galiciaencantada.com

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Reigosa, A. (2024). Males da cabeza: notas sobre denominacións, causas, síntomas e remedios segundo a medicina popular tradicional galega. *Anuario de Psicología e Saúde*, 17, pp. 6-27. <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude/publicacions>

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

Este artigo contén, en resumo, a miña intervención no XXIII Congreso Nacional e III Internacional da Sociedad Española de Psicología Clínica ANPIR que tivo lugar na cidade da Coruña os días 18, 19 e 20 de maio de 2023.

O obxectivo que se pretendía con aquel relatorio consistía en axudar a derrubar barreiras de desentendemento entre o mundo tradicional e o científico, sistemas que viviron e viven aínda, desafortunadamente, afastados por anos luz de prexuízos e incomprensións, sexan estas léxicas, semánticas ou doutro tipo, e que están na cerna do recorrente mutuo desprezo entrambas cosmovisións, de aí que moita xente distinga, sendo as mesmas, dous tipos de doenzas: «as que non son de médico» e «as que son de médico».

PALABRAS CHAVE — Mal da cabeza, Mal de ollo, Meigallo, Posesión diabólica.

ABSTRACT

This article contains, in summary, my speech at the XXIII National and III International Congress of the Spanish Society of Clinical Psychology ANPIR, which took place in the city of A Coruña on May 18, 19 and 20, 2023.

The aim of that report was to help break down barriers of misunderstanding between the traditional world and the scientific world, systems that lived and still live, unfortunately, light-years apart from prejudices and misunderstandings, be they lexical, semantic or otherwise, and which are at the core of the recurring mutual contempt for both worldviews, hence why many people distinguish, being the same, two types of illnesses: “those that are not for a doctor” and “those that are for a doctor”.

KEY WORDS — Mental Health Issues, *Mal de ollo*, *Meigallo*, Demonic Possession.

Se dicimos mal de ollo, meigallo, ramo cativo ou posesión diabólica, corpo aberto, espiritado ou corpo santo, aire de..., sombra de..., caída da *paleilla*, do calleiro ou da espiñela só unhas poucas persoas, cada vez menos, saben ou intúen a que nos referimos.

En cambio, se dicimos ou escoitamos palabras como ansiedade, depresión, esquizofrenia, bipolaridade e aínda unha longa listaxe máis, case todo o mundo sabe que nos referimos a trastornos, fobias, disfuncións e outras alteracións da saúde mental das persoas.

O primeiro grupo correspóndese coas formas de nomear tradicionais, coas que pacientes e curandeiros distinguían uns males da cabeza doutros. O segundo, coas que psiquiatras, psicólogos e outros especialistas con formación científico-académica aplican aos mesmos ou parecidos tipos de trastornos.

Porén, se describísemos con detalle os síntomas máis comúns de todas estas enfermidades, chámense como se chamen, axiña detectaríamos unhas máis que evidentes correspondencias entre unhas e outras.

ENFERMIDADE OU DOENZA

Nunca deberamos esquecer que as enfermidades, en xeral, e as doenzas mentais de orixe psíquica, en particular, teñen orixe sociocultural e que para o seu correcto tratamento se precisa unha resposta que implica coñecer a fondo o medio social, cultural, relixioso e simbólico, así como outras circunstancias que afectan ao doente ou paciente.

Os nomes significan, representan, informan, conforman unha realidade. En certa ocasión preguntáronlle a unha muller se cría na existencia do mal de ollo. E ela respondeu: *«Se ten nome, algo habrá! Se ten nome, existe! Todo o que se nomea, existe, evidentemente!»*

Aínda que usarei indistintamente os termos «enfermidade» e «doenza» como sinónimos,

convén aclarar que hai expertos neste tipo de males que establecen matices diferenciais entrambos. «Enfermidade» úsase como termo de uso máis común para referirse ás alteracións obxectivas e universais da saúde, mentres que «doenza» implica, ademais, a percepción cultural que se ten dese problema de saúde ou a somatización dun estrés social que se manifesta nalgún dos individuos dunha comunidade mediante síntomas de carácter cultural; ou sexa, cando o mal se expresa en función das crenzas compartidas maioritariamente polo grupo social.

O MEDO E A CULPA

En termos xerais, podemos avanzar que detrás deste tipo de doenzas, dese «estar dos nervios» que tamén se di, sempre están o medo e a culpa. O medo ao descoñecido ou incontrolable, o medo a pasar fame e aos elementos que a poden provocar (secas, temporais, imposibilidade de cultivar...), o medo que xeran conflitos, calamidades, guerras...; o medo á propia enfermidade e o medo a poderes incontrolables ou sobrenaturais, pero, por enriba de todos os outros medos, o medo maior: o medo á morte.

Desde o punto de vista relixioso, detrás de cada doenza sempre se agacha unha culpa, un pecado, o que explica a crenza de que se lle atribúan estes males a entes, espíritos, seres diabólicos ou persoas que exercen como intermediarias dos poderes do Outro Mundo. Enténdase aquí ese Outro Mundo como un espazo moral, alleo ao terreal, onde residen as divindades, os deuses e deusas, mesmo os nosos devanceiros falecidos (ánimas), aos que tamén se lles atribúen competencias para premiar ou castigar as accións dos humanos vivos.

Todos eses medos, eses sentimentos de culpa afectan decisivamente ás inquiredanzas transcendentais dos seres humanos que se poden simplificar en: preocupación pola superviven-

cia se a infertilidade das mulleres, da terra (fritos, cultivos...) e dos animais nos priva de descendencia ou alimento, ou se, tras a morte, non merecémos o acougo que nos prognostica a doutrina relixiosa.

ORIXE E TRATAMENTO

Na cultura tradicional, a doenza atribúese á acción de elementos de orde sobrenatural e moitas veces asóciase a condutas que quebran normas ou tabús, tal e como sostén o antropólogo Carmelo Lisón Tolosana. Todo isto dá sentido e explica porque os principais ritos de curación destas doenzas os constitúan, nun senso amplo, os exorcismos cerimoniais, tanto de natureza relixiosa como máxica.

Hai, pois, que asegurar a reprodución e a alimentación, e tratar de evitar ou combater as doenzas para retrasar o máis posible ese «mal sen cura» que é a morte; obxectivos para os que se describen ritos de curación moi precisos nos que se usan principalmente remedios de tipo máxico e relixioso como os amuletos e as reliquias, invocacións a deuses, virxes, santos... mediante rezos e oracións que se realizan, xeralmente, en lugares sacralizados.

Para os crentes, o poder curador, a diferenza da medicina científica, non procede só do saber da persoa que exerce esa facultade, senón dun ente superior; ou sexa, en última instancia, é Deus quen, directamente ou valéndose dos seus intermediarios (cregos, curandeiros...), restablece a saúde a quen o precisa, igual que se cre que tras do mal está o Demo ou os seus axentes (bruxas e bruxos, aolladores e, en xeral, xente malvada ou de mala fe...).

No plano social, os causantes de doenzas psíquicas soen ser persoas do común, pero marxinais (xeralmente mulleres vellas ou persoas doutras etnias) ou antisociais, ás que se atribúen condutas envexosas que poden causar males considerados moi graves como o mal de ollo. Neste caso, coa curación do doente pro-

cúrase, ademais de normalizar a súa conduta e reconducilo ao respecto polas normas de convivencia, restablecer o equilibrio social da comunidade á que pertence.

A SUXESTIÓN

Entre as causas que orixinan estas doenzas está moitas veces a suxestión, que podemos definir como un proceso psicolóxico que fai que unha persoa responda inconscientemente ás influencias doutras, sexan estas verbais, xestuais, visuais ou a través de calquera dos sentidos. A suxestión mental xoga un papel moi importante no noso comportamento individual e colectivo, influencia cuxa detección e proceso de curación forma parte do sistema cultural. Para exemplificar estas situacións, abonda citar a capacidade que se lles atribúe a algunhas persoas para fadar (dispoñer o destino dunha persoa), malmirar, maldicir ou emanar aires, sombras... con consecuencias xeralmente nefastas para quen padece os seus efectos.

Esa solución cultural á que aludimos implica a participación activa do grupo social do que forma parte o doente e os diferentes especialistas ou curandeiros. O curador coñece ou trata de saber a orixe do mal e quen o causa. Identifica cun nome concreto para, finalmente, aplicar o tratamento idóneo, que debe ser o disposto e acaído para esa precisa doenza.

DOENZAS

Deixamos escrito que o nome significa e que o contexto cultural, social e relixioso define ese significado; por iso é importante coñecer a denominación que o doente e a comunidade social da que forma parte usan para o mal que padece.

Nas próximas páxinas imos describir sucintamente algunhas destas doenzas, entre elas as máis coñecidas como son o mal de ollo, algúns

aires e sombras, o corpo aberto, o corpo santo ou espiritado, o meigallo ou ramo cativo, o enganido ou tangaraño, a caída da paletilla... Tamén comentaremos algúns ritos e deixaremos algunhas notas sobre algúns dos especialistas na curación como poden ser os pastequeiros, saudadores, talladores, sabios e sabias. A esta listaxe poderíamos engadir outras moitas doenzas como poden ser os casos de licantropía que derivaron en coñecidos relatos de homes ou mulleres que cren transformarse en lobos, lobas, peeiras, corredores, lobos da xente ou outros animais, apartado este que por si só xa precisaría dunha boa presada de páxinas para desenvolve-lo minimamente.

MAL DE OLLO

Esta doenza, ademais da denominación máis estendida, recibe moitos outros nomes. Poñamos aquí algúns de exemplo: aollamento, dada, frida de ollo, mal de envexa, mal de ollada, mala fada, mirada ediversa, ollado... e aínda poderíamos engadir algúns máis, segundo a zona xeográfica.

O mal de ollo pódeno padecer tanto persoas como animais. As sintomatoloxías máis comúns son, en persoas, a debilidade física, decaemento de ánimo, falta de apetito, tristeza e desgana por vivir. Ademais, tamén pode atribuírsele esa orixe á perda de bens, ou contratempos como accidentes, enfrontamentos con familiares ou coñecidos. Pode ser a causa de que se malogren as colleitas ou de que morran os nosos animais e mesmo a persoa afectada. Cando estes síntomas se dan en criaturas, nenos ou nenas, recibe os nomes de enganido ou tangaraño.

Cando afecta a algún animal doméstico, o animal comeza a ter comportamentos estranhos. De repente, deixa de comer ou de andar, ou négase a pasar por diante dalgunha persoa ou casa, xeralmente relacionada con quen lle causou o mal. As vacas ou as cochas deixan

de dar leite ou dano sanguento e, por tanto, inservible para o consumo humano ou para as súas crías.

Como norma xeral, o mal de ollo atribúese á envexa, ese ruín sentimento tan humano e estendido, e á capacidade ou forza que se cre que teñen na vista algunhas persoas (aolladores) para causar, voluntaria ou involuntariamente, o mal, sexa noutras persoas, nos animais, nas plantas ou, incluso, nos obxectos que posuímos.

Os aolladores poden ser de dous tipos: os que o causan o mal á mantenta (bruxas, bruxos, vellas, ...) e os que o causan sen podelo evitar por seren vítimas dun fado (sino, destino) que os forza ou obriga a causalo. Estes aolladores involuntarios para evitar causar dano teñen que tomar medidas preventivas como non mirar directamente aos ollos da xente ou usar lentes con cristais dobres e escuros. Segundo Vicente Risco (Risco, 1979), tanto as persoas que causan mal de ollo voluntariamente como as que o causan sen querer, teñen a mirada írtiga (fixa) e cristalina. Ás veces tamén se di que a teñen torta.

Para a prevención do mal de ollo, a nosa ciencia tradicional achega unha listaxe inmensa de remedios, entre os que destaca o uso de amuletos (obxectos de poder) como os ollomaos (cerre da cuncha dun molusco múrice), levar no peto castañas de indias e allos ou poñer nas portas das cortes e casas cornos ou dentes de distintos animais. Recoméndase usar figas, especialmente as fabricadas con acibeche compostelán, ou facer o xesto que a imita coa man. Tamén se pode facer o xesto chamado «cornamán» (imitar a figura duns cornos cos dedos da man).

Entre os obxectos protectores de orixe relixiosa están os escapularios, medallas, cruces e os «escritos» (impresos con textos dos evanxeos escritos en latín). As pedras de ara ou de altar, especialmente as procedentes da Porta Santa da catedral de Santiago, son tamén moi efectivas.



En xeral, recoméndase desconfiar de quen nos eloxia en exceso sen vir a conto e non mirar directamente aos ollos das persoas sospeitosas de seren aolladores. Aos homes adultos recomendáselles pasar a pucha por entre as pernas tres veces, de diante para atrás, á altura dos xenitais. Para protexer a todo o mundo desde o nacemento hai que bañar as criaturas con auga onde se bote unha moeda de prata ou cobre mentres se di: *«Coa auga do cu / lávoche a cara / para que Dios che quite / a mala fada»*.

Para a diagnose, hai varios procedementos. Segundo Mariño (1985/1986) un consiste en botar unhas gotas de aceite en auga ou outro líquido; se o aceite desaparece, non padeecemos mal de ollo; pero, se non desaparece ou forma «ollos», si.

Cando a vaca ou outra femia animal deita leite sanguento hai que botar este leite na lareira ou no forno quente e ao ferver rapalo cun res-trelo de ferro para que se vaia aclarando, e así clarea o leite no ubre do animal.

Para completar estas breves notas sobre o mal de ollo na cultura galega, diagnose, preven-

ción, curación e outros aspectos, recomenda-mos a lectura do documentado estudo sobre esta doenza da autoría do antropólogo Rafael Quintía Pereira (Quintía, 2022).

MAL DE AIRE

Aínda que a listaxe de doenzas que se atribúen a moi diferentes «aires» é enorme, poderíamos dividilas en dous grupos: as que teñen orixe en aires comúns e as que o teñen en aires emanados, procedentes ou con orixe en persoas, animais, obxectos, astros ou lugares.

As que se atribúen a aires comúns derivan da crenza de que nalgúns aires ou ventos que reciben moi diferentes nomes (ruíns, soáns, lurpios, cativos, coados...) viven seres con capacidade de danar a persoas, animais ou plantas, e que mediante airexas, correntes ou remuíños son quen de provocar temporais, treboadas, secas, andazos, rompen cristais, causan accidentes, malogran colleitas e, en definitiva, doenzas e mortes.

Mentres que algúns aires non se sabe de onde proceden, outros dise que nacen en montes ou penedos concretos como na cova do Pico Sacro (Boqueixón), o Penido da Capelada, en Teixido (Cedeira) ou nun seixo crebado existente no pozo de San Xoán da Cova (río Ulla). A maioría destes ventos son considerados perigosos, causantes de moitos males, pero tamén hai algún como o que corre na Serra da Capelada que disque empreña as eguas, clara evocación do clásico Bóreas; se fose preciso esconxuralo, abundaría con debuxar unha cruz cos dedos.

O mal de aire producido polos aires emanados, emitidos ou desprendidos, causa doenzas con moita variedade de síntomas (dores de todo tipo, problemas dixestivos, inapetencia, fatiga, afeccións na pel, etc.) e reciben infinidade de nomes que varían dependendo de se foron os causantes animais, persoas (vivas, mortas ou noutros estados), obxectos, astros e mesmo lugares.

Entre os aires con orixe animal podemos distinguir, entre outros, o de becho, limaco, cobra (cobriña, mal do cobral), vacaloura, carracha, pita, lagarta, lagarto, salamántiga, pinchorra ou zaramela (pozoña), sapo (coxo ou goxo), toupa (mal da toupa), raposa, araña, alacrán, gato (gata á xaneira, gata preñada, gata parida), mosca, rata, boi, vaca, etc.

Naturalmente, hai máis causantes e teñen moitas máis denominacións locais. Entre os aires causados por persoas vivas dáse tamén unha enorme variedade, segundo a quen se lle atribúa. Se é de muller (preñada, menstruando, virxe ou non virxe, desvirgada, doncela); se procede dun home, pode ser de pai despois de copular, de cristián, de mouro, de xudeu, de excomungado, de envexa (mal de ollo), de bruxa, de ciática...

As persoas mortas causan aires moi perigosos. Así, atopamos aires de cadáver fresco, de condenado, de estadea, de cortexo, de camposanto, de sartego ou de excomungado morto. Estes aires son sempre perniciosos, calquera

que fose a condición do falecido, xa que, como é ben sabido, «os mortos chaman polos vivos»; en concreto, o aire de morto no momento de expirar é o máis temido porque nese trazo a persoa bota, emana ou despide un bafo que «chama» pola persoa que ten arredor. Urxe conxuralo canto antes, operación coñecida como «volverlle o aire», para que o morto non lle tire pola vida ao vivo afectado.

Se o aire de morto afecta a unha muller, hai que ir a medianoite ao camposanto na compañía de tres Marías (tres mulleres chamadas María). Dispónse a comitiva arredor do lugar de enterramento da persoa causante, e a doente, vestida de estola (prenda sagrada), ponse de bruços sobre a terra e aspira con forza o «aire de vivo» que o morto lle roubara.

Se quen padece aire de morto é neno ou nena, só puido collelo no ventre da nai cando esta asistía a un velorio ou se, estando no cuarto onde se vela o morto, se puxo cara o solpor. Para curar as crianzas hai que levalas ao camposanto onde repousa o cadáver do causante e requirilo (invocalo) para que lle retire o aire de morto e lle devolva o de vivo. Tamén se aplican fumazos de loureiro.

En Borneiro, no concello de Cabana de Bergantiños, cargan un carro ou un tractor con espadanas e van en procesión espaxéndoas polos camiños do lugar. Ao remate, a xente recólleas e lévaas para a casa para, ao queimalas, deixarse afumar como método preventivo para non enfermarse de aire de morto.

Hai aires que poden ser causados polos astros (lúa, sol) e pola propia Terra. A doenza infantil coñecida como enganido ou tangaraño (raquitismo) crese que a causa o aire de encrucillada. Tamén existe aire de camiño, de vasoira, de mar e de moitas outras orixes.

O curandeiro, sabio, sabia, pastequeiro, tallador ou sandador, antes de proceder a confirmar a existencia dun determinado mal de aire, fai unha proba que consiste en lavar o enfermo con auga de sete fontes ou dunha soa

que nunca estiña, e despois pasar esa auga por un pano de lamanisco¹. Sobre ese pano aparecen os pelos do causante, animal ou persoa, aínda que fixese o mal involuntariamente. Os tratamentos, de confirmarse a doenza, fanse cunha variedade enorme de ensalmos, rituais e fórmulas, aínda que son frecuentes os lavados a repelo (de pés a cabeza) e os fumazos, xunto cunha ampla e ás veces secreta variedade de oracións e recitados.

Para rematar este apartado sobre o mal de aire cunha nota optimista e esperanzadora, diremos que parece ser que o aire de artesa (recipiente de madeira usado para amasar o pan) é un dos poucos que non causan dano e

que mesmo serve para curar as enfermidades dos ollos.

SOMBRAS

Os asombramentos, como os aires, aínda que ás veces se confunden, son moi diferentes, pero tamén moi perigosos. As sombras poden ser causadas por persoas vivas ou mortas, e tamén por animais, árbores ou astros.

As sombras máis temidas son as das eclipses. Afectan especialmente ás persoas, aos froitos e a quen, unha vez asombrados, os come. Tamén se consideran danosas as que causan as femias, tanto as mulleres como as dos animais, especialmente cando están en celo, preñadas ou paridas e os afectados principais son os nenos e as nenas. Os síntomas perceptibles son que as criaturas enfraquecen, interrom-

¹ Lenzo ao que se atribúen poderes máxicos e que imita a prezada seda coñecida como «damasco» coa que se facían manteis labrados á maneira de Alemaña; de aí o de chamarlle alemanisco ou lamanisco.



Foto: Fidam Nazim

pen as medras, vólvense pálidos e quéixanse de dores en todo o corpo.

Para descubrir a orixe dunha sombra úsanse preferentemente dous procedementos. Un consiste en ferver cinsa de toxo macho e despois lavar o doente a repelo (desde os pés á cabeza) con esa auga. Despois envólvese cun pano de lamanisco (ver nota 1); se padece algún asombramento quedarán sobre o pano plumas, se o causante foi ave, ou pelos, se foi mamífero. Outro remedio consiste en poñer ao lume un caldeiro con auga e, en forma de cruz, queimar enriba del dúas pallas co cirio do Xoves Santo para que caian as cinsas e a cera dentro da auga. Lávase o enfermo a repelo e as plumas ou os pelos do causante da sombra aparecen na auga.

Se a sombra fose causada por un defunto, hai que recoller nun pano terra do camposanto onde estea enterrado, envolver con ese pano o doente e despois lavar todas as prendas de roupa da casa. Hai outras sombras que, en realidade, son ánimas en pena. Causan dano, sobre todo, a familiares próximos ao defunto, sempre coa intención de apupalos para que lles axuden a saír do purgatorio onde padecen.

En Castrelo, Laxe (concello de Paradela), unha muller viúva de pouco sentiu —era de noite— no fondo da cortiña da casa un ruído. Pensou que eran ladróns e, en principio, correu cara o lugar para facerlles fuxir, pero de repente parou e deu a volta para a casa con medo, pois viu vir cara ela unha sombra.

A pobre muller desde aquel mesmo instante deixou de falar e comezou a ladrar coma os cans. E andou así ata que o cura da parroquia lle dixo que o que ela vira fora a sombra do seu home que estaba penando no purgatorio. O crego díxolle que para librarse da sombra tiña que vestir un hábito de santo Antonio e ofrecer unhas misas pola alma do esposo. Unha vez que cumpriu o mandado, ela deixou de ladrar e volveu falar como as persoas.

O URCO

O Urco non é unha doenza senón a visión dunha sombra singular, unha especie de corpo astral que representa a figura, o seu dobre, a alma externada ou a pantasma dun vivo. Os asturianos chámanlle *Huerco*, os islandeses *Fylgiar*, *Forynar* ou *Hamingiar*; os noruegos *Folgie*, *Vardögl*, *Vardygr*, *Vardivil*, *Vardöiel*; os alemáns *Oppelgänger*, *Waff*, e os escoceses *Fetch*.

O Urco pode ser visto pola persoa que vai morrer —atoparse coa propia sombra é nefasto— ou por outra persoa calquera. É, en realidade, un aviso de morte. Cando se ve unha persoa facendo algo desacostumado pode non ser ela, senón o seu Urco.

Outra presenza do Urco descríbese como un can xigante de aspecto terrorífico e xeralmente de cor negra. Pode aparecer con cornos, orellas grandes, ollos candentes e arrastrar cadeas. É mito propio das parroquias da beiramar e sempre se relaciona cos agoiros de morte. Vive no Máis Alá, nun lugar submarino que algúns identifican co Borrón. Neste caso tamén se lle chama Can do Mar e Can do Urco.

Sempre sae do mar e soe verse nas noites de lúa chea, xeralmente acompañado doutros cans negros vagabundos. En terra agranda de tamaño. A súa misión é sinalar coa súa presenza, con ouveos e outros rúidos, a casa onde vai haber morto. Ao rematar a misión, regresa ao profundo do mar.

A PALETILLA

Chámase *paletilla*, *espinela* ou *espiñela* a unha cartilaxe, óso ou apéndice xifoide que, segundo crenza moi estendida, se sitúa no esterno ou na boca do estómago para protexelo de golpes, aínda que tamén hai quen opina que se sitúa nas costas, entre os ombros. Se este apéndice sae do seu sitio natural, causa unha doenza coñecida como «caída» ou «mal» da

paletilla ou da espiñela e só se pode curar coa operación chamada «levantar a *paletilla*»:

Paletilla i espinela / vólvanse ó sen lugar / como os santiños ó altar / e as ondiñas ó mar.

Ás veces, o doente interpreta que o que caeu ou se desprazou do seu lugar foi o estómago e, entón, denomínase caída do calleiro.

Esta doenza foi moi ben descrita por algúns dos nosos investigadores como o médico, escritor e etnógrafo lucense Xesús Rodríguez López (Lugo, 1859 – 1917) nun artigo sobre o tema (Rodríguez, 1888) e no libro *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares* (Rodríguez, 1974).

Rodríguez López, referente para o estudo da nosa cultura popular, foi un combatente furi-bundo contra crenzas e supersticións e, a pesar diso, recibiu reprimendas severas de parte da igrexa por considerar que criticaba ritos ortodoxos cando, en realidade, só describía a participación de cregos e relixiosos en operacións de curación de dubidosa eficacia.

No artigo mencionado, baixo o título “La Paletilla”, explica con detalle a casuística desta doenza. O mal aparece cando o óso chamado *paletilla* ou espiñela «cae» do seu sitio natural e o enfermo non cura ata que se lle practica a operación coñecida como «levantar a *paletilla*», intervención reservada a especialistas, sexan homes ou mulleres.

Os síntomas máis habituais para diagnosticar a caída da *paletilla* son a perda de apetito, o cansazo ao andar ou sentir malestar sen razón obxectiva, cando se transuda ou se ten frío sen causa aparente, dor de cabeza ou sono excesivo. Se a estes síntomas engadimos un aspecto físico fraco, palidez, tose e opresión no peito conclúese que temos a *paletilla* caída.

O curandeiro ou curandeira o primeiro que fai é comprobar se, efectivamente, o enfermo ten ou non a *paletilla* caída. Un dos procedementos consiste en sentar ao paciente no chan ou nunha cadeira, facerlle poñer o corpo de

fronte, collelo polas monecas e estirallo os brazos o máximo que se poida. Despois tratan de xuntarlle as mans por enriba da cabeza; se os brazos non igualan, é evidente, conclúe o entendido, que ten a *paletilla* caída. Outro método consiste en medir cunha cinta métrica desde a boca do estómago ata o espiñazo por ambos lados e, se un mide máis que o outro, confírmase a sospeita de que ten a *paletilla* caída.

En caso de confirmarse a doenza, a continuación hai que levantar a *paletilla*, operación para que se coñecen varios métodos. Un deles consiste en apoiar as dúas mans do enfermo no correspondente lado da cabeza. Despois érgueno, colléndoo por detrás, de maneira que as costas do enfermo apoien sobre o xeonllo do curandeiro.

A continuación dáselle unhas sacudidas ata sentir o estalar dos ósos, sinal definitivo, sobre todo se o estalo se asemella ao dunha póla ou galla cando se rompe, de que a *paletilla* queda no seu sitio. Hai que ter moito tento en non deixar que a *paletilla* volva caer, polo que se lle fai beber ao doente inmediatamente despois do tratamento uns tragos de auga fría.

Outro método consiste en curar «por palabras»; ou sexa, mandar o paciente para a casa e prometerlle que a curandeira dirá unhas oracións durante o transcurso dunha misa. Rodríguez López di que na misa, entre o alzamento da hostia e o do cáliz, a curandeira reza durante varios días oracións como estas:

Paletilla y espinilla, tente fuerte, como Jesucristo se tuvo en la cruz con el poder de Dios y de la Virgen María. Un padrenuestro y un avemaría.

Un cura de la sacristía sale a decir misa va, y un hombre le va a ayudar. Así como estas cousas son verdad, paletilla y espinilla, tripas e cualleiro (de fulano de tal) se volvan ó seu lugar. Con el poder de Dios y de la Virgen María. Un padrenuestro y un avemaría.

Nun manuscrito de nigromancia titulado “La Monja de Filgueira” que se publicou no xornal El Correo Gallego, de Ferrol, o 23 de

xuño de 1900, veñen outras palabras que se din para curar este mal:

La paletilla, mal de tripas, bazo, madrí y calleiro curarán y sanarán por el poder de Dios y de la Virgen María y del bendito San Juan cuando dijere el ministro después de morder la cola de un gato negro y gritar por tres veces ¡Meigas fóra! esta oración sagrada: «Espinilla, paletilla, asaduras y calleiro, volveros á vuestro lugar como as galiñas al poleiro y los cregos al altar y el capeludo á ó inferno é as ondiñas á ó mar». Aquí persignese y bendiga y diga con devoción: «San Juan y Santa María fueron juntos á una romería y dijo San Juan; «Se me cayó la paletilla», y le respondió la Virgen yo te la levantaré y séate levantada por el poder de Dios, la virtud y la fe mía. Amén.

Outro remedio consiste en «correr» (masaxear) os membros do enfermo coas mans secas ou untadas en aceite e friccionar con forza todo o corpo; e, outro máis, coller o enfermo polas pernas e levantalo, cabeza abaixo, ata tres veces.

Tamén se lle podían dar ao doente cocementos de varias herbas durante sete días ou meterlle nove plantas chamadas «estrelas de mar» (fentos?) entre a pel e as medias que debía manter durante nove días sen sacar.

Tamén se practicaba, segundo se explica en El Bien, nº 73 (19/07/1903), tirar da pel que recobre o estómago de abaixo a arriba e que por tres días o doente non colla pesos nin nas mans nin na cabeza.

En Cuveiro (1876) apúntase un remedio diferente. Consiste en poñer unha moeda sobre a boca do estómago e sobre a moeda un misto acendido que se recobre cunha ventosa ou cun vaso en forma de campá, calcando coa man durante un cuarto de hora para que non entre aire. Cando se retira a ventosa, ponse un emplasto confortante sobre a zona. Neste mesma obra dise que a planta chamada chan-taxe, levándoa algún tempo debaixo da planta do pé, favorece a curación da *paletilla*.

R. Quintía Pereira (Quintía, 2014) recolleu na parroquia de San Martiño de Salcedo, concello de Pontevedra, outro método que consiste en que o sandador poña as mans na cabeza do enfermo para de seguido darlle un golpe na testa. E así volvía a *paletilla* ao seu sitio.

Xavier Costa Clavell (1992) escribe:

Conocí en Chantada una «curandeira/menciñeira» muy singular. Vivía en la calle de los soportales de abajo de la villa. Aquella mujer pasaba por ser muy hábil a la hora de curar el «Mal de la Espiñela». Yo fui como acompañante de una prima de un amorío mío sería por el año 1941 o 1942 y recuerdo que la «curandeira», mujer vieja, sucia, casi harapienta, que tenía todo el aspecto de una bruja y olía pestíferamente aunque no a azufre, sino simplemente a mugre antigua y de variada composición, me causó una deprimente impresión.

Como no tuve oportunidad de entrar en el sórdido tabuco en el que llevaba a cabo sus manipulaciones, no pude comprobar en qué consistía su «ciencia» ni qué tipo de ensalmos recitaba. Pero recuerdo que mi amiga pareció salir muy reconfortada de la visita y convencida de que la «paletilla caída» que decía tener se le iba a poner muy pronto en su sitio.

Expoñemos a continuación unha serie de remedios para tratar a caída da *paletilla* publicados na web Galicia Encantada²:

Había unha veciña miña que a levantara. Sentaba a persoa nunha cadeira, igualáballe as mans cara arriba e logo había que tomar nove graos de nabiña de nabo nunha culleriña de café con mel durante nove días. Non vexas os que pasaron por alí!

Antonio Fernández. A Fonsagrada (Lugo)

Na miña casa era moi común. Meu pai padecía diso. Tiña que cruzar os brazos diante do peito e una persoa por detrás levantalo para que se lle colocara!

Dolores Flores Fernández (Lugo)

² Galicia encantada (www.galiciaencantada.com [A caída da paletilla]). Consultada en setembro de 2024.

Se estás canso, sen ánimos, con malestar ... e queres saber se tes a “paletilla caída” é tan fácil como sentar no chan coas costas apegadas a unha parede, levantar os brazos e xuntar as palmas das mans sen separalas, e baixalas ata velas. Se está caída, unha das mans estará máis alta que a outra; se é así, dar nove golpes no ombro da man que estaba máis alta. Volver a repetir para mirar se xa están iguais as mans e se é así, o malestar desaparecerá rapidamente.

Manuel Gómez Martínez

Pola comarca dos Ancares era moi frecuente. Rezaban unhas oracións que nunca souben e pasaban polas sofraxes, dunha á outra, e por todo arredor do tórax, un nobeliño de lá.

Helena Villar Janeiro. Becerreá (Lugo)

A curandeira leva ao doente ata o pé dun sabugo que nacera espontaneamente, é dicir, que

non teña sido plantado por ninguén. Unha vez alí, envólvelle unha póla da árbore arredor da cintura, sen que esta se desprenda do sabugo e recita tres veces o seguinte ensalmo:

Sabugo que fuches nado e non plantado, cérralle a paletilla a fulano de tal (dise o nome e os apelidos), cun pai noso e unha ave maría, coa graza de Dios e da Virxe María.

María José Gómez Alvite, de Ligonde, Monterroso (Lugo)

Imos comentar agora outro tipo de doenzas psíquicas que teñen en común que o doente cre estar baixo os efectos dun ente ou ser sobrenatural que o posúe e goberna e que, para ben ou para mal, dirixe os seus actos.

Aínda que moitas veces se confunden, e mesmo se intercambian as denominacións, hai tres tipos de doenzas ben diferentes: Corpo aberto (posesión dunha ánima), Corpo santo e Meigallo ou Ramo cativo (posesión demoníaca).



CORPO ABERTO

Chámase corpo aberto, espiritado ou iluminado á persoa viva na que se introduce algún espírito, normalmente a ánima dun defunto, xeralmente a dun familiar, pero tamén pode ser a dun veciño e incluso a dun descoñecido, debido a unha especial predisposición que ten a persoa doente para atraer ánimas. A posesión pode ser momentánea, temporal ou permanente.

Estas persoas que atraen as ánimas dos defuntos soen ser febles de carácter e padecen moito mentres dura a posesión, pois vense obrigadas a invocar os espíritos que as habitan, polo que a curación pasa pola operación de «pechar» ese corpo o antes posible.

O espírito ou ánima ocupante aproveita o corpo que ocupa para manifestarse e facer recomendacións, valéndose da persoa posuída e que, ben por propia vontade ou obrigada por exorcismos ou conxuros dos espiritistas, especialistas que saben invocalos e traducir e interpretar o que din os espíritos, transmite as mensaxes do posesor.

V. Risco (1979) di que non se debe confundir esta situación cos efectos do somnambulismo nin do hipnotismo.

Cando o espírito ocupante dun corpo aberto actúa por propia vontade fai que a persoa doente se comporte dunha maneira non habitual, senón como o faría en vida a persoa á que corresponde esa ánima. Comeza a falar en idiomas (latín, castelán) que o doente non coñece, pronuncia discursos imposibles para os seus saberes, fai recomendacións piadosas (rezos, ofrecer misas, asistir a romaxes...), sempre acordes coa ortodoxia relixiosa, polo que ás veces estes enfermos son confundidos cos chamados corpos santos que veremos a continuación.

Hai quen considera os corpos abertos como mediadores obsesionados con facer o ben, pois, transmitindo as recomendacións que a ánima que os posúe lles fai, contribúen a re-

conducir unha situación considerada de desorde moral. En ocasións, a ánima do posesor válese do mediador para revelar profecías ou cumprir algunha obriga contraída en vida por el mesmo. Noutras, presume de coñecer os segredos do Outro Mundo e informa da situación doutras ánimas; se están no ceo, se purgan no purgatorio ou padecen no inferno. En ocasións, a sabedoría que se manifesta a través do corpo aberto é aproveitada, de xeito oportunista, polos espiritistas, sabios ou sanadores que os tratan.

A Iluminada de Moeche

En Galicia son varios os casos de corpos abertos dos que hai noticia, pero o máis difundido foi o de Manuela Rodríguez Fraga, tamén coñecida como a Espiritada ou Iluminada de Moeche, que imos comentar de seguido.

O nome desta muller apareceu na prensa galega, concretamente en El Orzán, o 28 de xaneiro de 1925. Nacera e residía en San Xusto, concello de Moeche (A Coruña). Aos 22 anos xa levaba catro padecendo unha tuberculose que a mantiña encamada e en progresivo deterioro. Tiña paralizados os membros inferiores, apenas comía e fora diagnosticada de neurastenia aguda. Vivía cos pais que eran caseiros nun lugar propiedade do marqués de Cavalcanti. O pai, coñecido como O Quinto, fora santeiro, polo que na casa abundaban os escapularios, crucifixos, estampas e gravados con asunto relixioso así como amuletos moi variados.

De repente, o 12 de xaneiro de 1925, Manuela comezou a falar en terceira persoa, con voz de home e acento cubano. Impartía consellos con coñecementos de liturxia, dogmática e filosofía que ela, evidentemente, non posuía. Referíase a si mesma como «La niña». Vendo o éxito das proclamas da moza, o párroco do lugar deu en organizar peregrinacións á súa casa e a xente acudía a moreas os domingos para escoitar o que chamaban “misas”. Un tempo despois, mesmo recuperou o apetito e

comezou a comer vorazmente. Cando a entrevistaron os xornalistas de El Orzán, díxolles que se metera no seu corpo o espírito dun antigo crego de Ortigueira que emigrara a Cuba e morrera na Habana sen cumprir o compromiso de dicir unhas misas e unhas oracións. O espírito do crego para purgar aquelas faltas metérase no corpo de Manuela mentres esta bebía auga debuzada sobre un rego.

O caso tivo ampla repercusión na prensa galega e española, e mesmo na estranxeira como no The Chicago Tribune e en Le Petit Parisien. W. Fernández Flórez dedicoulle algún artigo, e X. L. Méndez Ferrín e Manuel Rivas recrearon este caso nalgún dos seus relatos.

Algúns médicos da época cualificaron o caso de histerismo. Teólogos e teósofos considerábanla unha médium. Segundo os autores do artigo (Espandian et al., 2014): «[...] *podríamos pensar que estamos ante un caso de la esfera de la Histeria (disociativo, personalidad múltiple, psicosis histérica...)*».

A sonda de Manuela, unha muller de saúde delicada que botou moito tempo encamada e sen comer e que morreu nova, esvaeceuse cando o pai prohibiu que seguisen peregrinando xentes á súa casa.

CORPO SANTO

A diferenza dos corpos abertos, os chamados corpos santos non son obxecto de ningún tipo de posesión, nin de demo, nin de ánima ou espírito, aínda que haxa moitos parecidos entrambos padecementos. Os corpos santos soen darse en persoas excepcionalmente piadosas, con comportamentos de verdadeiros santos ou santas, polo que as facultades que se lles apoñen para curar determinadas doenzas poden considerarse un don de Deus. Adoitan sentir de maneira mimética as dores dos de-

mais, tamén as de Xesús Cristo e mesmo as de toda a humanidade.

A sintomatoloxía é moi característica. Permanecen moito tempo encamados, sen comer, agás comungar, nin evacuar sólido nin líquido. Apenas falan. Poden presentar catalepsia, insensibilidade e moitas veces os estigmas de Cristo nalgún membro.

En Asturias chámanlles Ánimas Vivas, pois crese que son resucitados, que xa estiveron no purgatorio e volven entre os vivos. Constantino Cabal conta varios casos que reflicten experiencias próximas á morte.

Tampouco faltan casos de simulación e de aproveitamento por parte de terceiros con poucos escrúpulos.

A Santa de Gonzar

Josefa de la Torre Neto, a Santa ou Espiritada de Gonzar, foi un caso célebre de corpo santo. Naceu o 11 de novembro de 1773 en Gastrar (Boqueixón). Criouse moi influenciada polas crenzas relixiosas familiares, sobre todo por un tío cura co que conviviu ata os 16 anos. Despois trasladouse cos pais, labradores acomodados, a Santa Baia de Vigo e posteriormente a Gonzar (O Pino). Cando tiña 23 anos casou e tivo catro fillos, un faleceu moi novo, antes de quedar viúva con 30 anos.

Todo comezou un día de novembro de 1806 cando acababa de cumprir os 33 anos. O sogro empeñárase en mallar, a pesar de que Josefa se opoñía, pois achegábase un temporal. En plena faena comezou a chover. Josefa, que estaba preparando o xantar na cociña, correu axudar, pero o contraste entre a temperatura da cociña e a friaxe e a humidade do exterior provocáronlle espasmos, desmaios e calafríos que lle duraron dous días.

Nas seguintes semanas morreu a nai e a Josefa presentóuselle unha gastroenterite. Progresivamente fóronselle paralizandoo os membros e quedou practicamente cega. O corpo inchou-

lle e enchéuselle de chagas supurantes. Sen nai e sen marido, sometida á vontade do sogro e cunha débil saúde, todo anunciaba complicacións. Ademais, todo o que engulía sentáballe mal, deixou de comer e encamou.

Só falaba cun confesor. Unha criada descubriu que cando a familia durmía, ela erguíase, achegábase ao lume e peiteábase, pero non comía nin bebía. Só confesaba e comungaba unha vez ao mes. A súa sona estendeuse. Persoas enfermas correron a carón dela para tocala e pedirlle bendicións polo que o arcebispo de Santiago, Rafael de Vélez, púxolle vixilan-

cia a cargo de tres frades bieitos e un crego ordinario que en dezasete días non descubriron nada en especial.

O prestixioso médico José Varela de Montes —precursor da psiquiatría galega—, despois de observala trece días, escribiu un opúsculo en 1838 onde di que, en xeral, presentaba un estado aceptable e que só se alteraba cando o frío ou a calor eran anormais. Se non expulsaba líquidos nin excrementos, nin suores —só deitaba algunha bágoa— concluíu Varela, tampouco precisaba repoñer, pois nada gasta-



Foto: Fidam Nazim

ba. Un capitán do exército emitiu un informe de similares características. Nin engurras tiña.

Josefa de la Torre faleceu en 1848, con 75 anos. Levaba 42 anos encamada, sen comer nin beber, nin apenas moverse, en posición fetal; cando o facía, queixábase dalgunha dor. Tras facerlle a autopsia díxose que atoparan restos do broa no seu estómago. Enterrárona cinco días despois con acompañamento numeroso, nun sitio principal, debaixo do altar da Nosa Señora do Carme, na igrexa de Santa María de Gonzar.

Que se saiba, nunca se destapou a tumba para ver o estado de conservación do seu corpo, e iso que ao parecer o arcebispado de Santiago dispón dunha chave para abrir a sepultura.

Como o de Josefa de la Torre, déronse outros casos, sempre protagonizados por mulleres, que transcenderon á prensa tanto en Portugal como en Galiza, como o da santa de Vilamaior (Baltar, Ourense), a espiritada de Paracosteira (Chantada, Lugo), a santiña de Seixomil (A Bola, Ourense), a xaxuadora de Millerada (Forcarei, Pontevedra), Dominga Recamonde Gil (Solla, 2021: pp 38-49), e o de Rosa Fraga Peón de San Pantaleón de Cabanas (Ouro, Lugo).

MEIGALLO OU RAMO CATIVO

A «loucura ruín», segundo a terminoloxía usada por J. Rodríguez López, recibe outros nomes, amais de meigallo e ramo cativo, como feitizo, dada e mal de bruxería. Dos doentes dise que están posuídos ou endemoñados e polo seu comportamento, xeralmente violento, tamén se lles chama energúmenos ou sucios.

Nos momentos agudos da posesión, os doentes profiren berros e xuramentos, sofren convulsións e retorceduras nalgunhas partes do corpo, e botan escuma pola boca. Néganse a entrar en lugares sagrados e a relacionarse cos

cregos e coas cousas benditas. Algúns perden a vista ou sofren parálises.

Quen padece meigallo ou ramo cativo é reo do axente demoníaco que o posúe, que lle causa tormentos e torturas psíquicas e físicas. En canto á sintomatoloxía, maniféstase de moitas maneiras. Debilidade física, decaemento de ánimo, inapetencia, abatemento ou calquera outro tipo de alteración da saúde. Tamén pode padecer esta doenza quen é vítima de accidentes ou perdas económicas, quen se ve involucrado en conflitos familiares ou se acontecen mortes imprevistas na contorna social. Soe confundirse co mal de ollo, aínda que os axentes causantes son, neste caso, demos ou espíritos malévolos que se introducen nos corpos e que someten á súa vontade a da vítima.

O espírito ou ente maligno de orixe demoníaca introdúcese no corpo das persoas por propia iniciativa ou como consecuencia dun feitizo ou de comer ou beber, mesturada con outros líquidos ou alimentos, unha apócema seguindo a receita dalgún bruxo ou bruxa.

*Heiche de dar o meigallo / heiche de dar o feitizo /
heiche de dar o meigallo / no pemento do chourizo.*

A un mozo de catorce anos de Zoñán (Mondoñedo, Lugo) un tío seu deulle a beber un demo nunha cazola de leite. A seguir, o mozo comezou a facer cousas raras. Escapaba para o monte, choutaba por riba de silveiras, toxearas, xesteiras e penedas. Por veces ouleaba coma os lobos ou brecaba coma os becerros; outras veces regalaba os ollos e facía carantoñas, esmendrellaba a roupa, arrincaba os pelos e bebía nas poceiras. A habilidade máis extraordinaria era que o mozo podía meterse pola fenda dunha hucha por onde non cabía unha man travesa e volvía a saír tan campante. Así andou durante catorce meses ata que lle quitou aquel demo do corpo un frade do inmediato convento dos Picos.

Os ritos de curación son moi variados e soen realizarse en santuarios especializados en males da cabeza como os de Santa Xusta (Mo-

raña, Pontevedra), Santa Eufemia (Arteixo), O Corpiño (Losón, Lalín, Pontevedra), Santa Comba e San Pedro (Ribadavia, Ourense), ou no de San Pedro Mártir (convento de Belvís, Santiago de Compostela).

Nestes santuarios realízanse, ou realizábanse, exorcismos practicados por cregos formados e autorizados expresamente pola igrexa católica.

PASTEQUEIROS

Á marxe destes lugares relixiosos, hai especialistas como os pastequeiros e as pastequeiras que coñecen o segredo e as artes para curar o meigallo. Sérvense de oracións e ritos que se soen executar en lugares sagrados (templos, adros, camposantos). Soen exercer esta profesión persoas devotas e nada interesadas economicamente.

O nome vénlles da expresión latina *pax tecum*, «a paz sexa contigo», tomada do rito da misa, e que eles adoitan utilizar como fórmula nos seus rezos, produto dunha curiosa mestura de fragmentos litúrxicos e outros textos de escura orixe máxica.

Pastequeiros só os houbo en dúas parroquias veciñas, Santa Comba de Bértola (Vilaboa, Pontevedra) e San Cibrán de Tomeza (Pontevedra). As imaxes dos patróns das parroquias, Santa Comba ou San Cibrán, que teñen ademais en común que os dous foron bruxos antes ca santos, teñen que estar presentes no acto de curación, no que tamén utilizan unha estola e unha cruz de Caravaca. Despois da oración, hai que xantar ou merendar. O doente ten que aportar a tal fin pan e viño. A parte do enfermo, que ten prohibido comer, dáselles ás ánimas, depositándoa no camposanto.

Os pastequeiros herdan os seus coñecementos dos seus devanceiros, un caso curioso de sincretismo entre relixión e maxia, clara supervivencia de cultos precristiáns.

A iluminada de Chanteiro

El Correo Gallego, de Ferrol, do 24 de agosto de 1886, informa do caso. En Chanteiro, parroquia de Cervás (Ares, A Coruña), vivía naquel entón unha muller chamada Carmen de arredor de 22 anos que dicía estar posuída por dous demos cuxos nomes eran Daniel e Xacinto. Carmen estaba casada e era nai dunha nena de poucos meses.

O xornal descríbena como muller ignorante e inculta, máis vítima de ataques de histerismo que de fanatismo relixioso e insta aos párrocos das parroquias da comarca a que intenten convencer os seus fregueses de que ofenden a Deus sendo tan crédulos.

Dos demos que a posuían, Daniel era xurador, violento e irascible. Xacinto, en cambio, era místico, «*bonancible y bien educado*». Mentres Daniel botaba pestes, Xacinto «*solo en Dios y en los santos encuentra motivo de disertación*». Os dous demos falaban sempre pola boca da endemoñada.

Carmen estaba encamada. Á súa casa acudían multitudes «*de muchas leguas a la redonda*» e a todos os que lle preguntaban polo paradoiro ultraterreo dos seus familiares falecidos respondía coa axuda dos demos que tiña dentro do corpo. Cando lle preguntaban que podían facer para valerlles, os demos respondían pola boca de Carmen. Ás veces facíalle compañía e mantiña conversa con ela outra veciña que dicía ter dentro do seu corpo o espírito dun cura que falaba, a través dela, en latín.

As posesións remataron o día 17 de agosto, ás nove da mañá. As persoas que o presenciaron viron como saía do corpo de Carmen unha pomba branca cun peteiro vermello que voou e marchou.

Neste caso é ben evidente o cruce de características entre corpos abertos e meigallo ou ramo cativo. Tamén pode ocorrer que os redactores da nova no xornal non reparasen nos

detalles e se deixasen levar polo seu afán por desacreditar e ridiculizar a protagonista.

ENGANIDO OU TANGARAÑO

Chámase enganido ou tangaraño á doenza que só afecta a nenos e nenas e que se cre causada por diferentes aires. Tamén se ten documentado que o que causa a enfermidade, meténdose no corpo do neno, pode ser un demo chamado precisamente Tangaraño. As criaturas deixan de andar, non medran e non engordan. A medicina convencional identifica este mal co raquitismo.

Un dos rituais de cura consiste en reunir a tres mulleres chamadas María que xunto cun cacho de pan e un pouco viño levan ao doente a unha casa distinta da súa. E alí, na cociña, van pasando o doente dunha a outra ata nove veces mentres unha di e outra contesta a cada volta:

—*Toma, María.*

—*Que me das aí?*

—*O Enganido.*

—*O Enganido non cho quero, que quero a —nome do neno—.*

Múdanlle a roupa que leva posta por unha limpa e cada unha bate (enténdese que o fai suavemente) coa cabeza do neno nunha artesa por tres veces. Despois queiman a roupa vella na lareira e a seguir bótanlle un anaco de pan a un can e elas comen o que queda e beben o viño. Para rematar, saen da casa por porta distinta da que entraron.

No Penedo Furado de San Bieito da Cova do Lobo faise un rito semellante no que tamén participan tres mulleres chamadas María, aquí pasando o neno pola fenda do penedo.

Tamén poden facer a mesma operación entre a nai e a madriña da criatura. Unha di:

—*María, aí che vai o tangaraño.*

E outra responde:

—*Aí cho devolvo, san e salvo.*

Tres mulleres chamadas María poden facer curacións deste tipo en diferentes penedos da nosa xeografía, nun burato das paredes das igrexas, nas encrucilladas, por baixo das pólas dunha abeleira, das gallas dun carballo, por debaixo de dúas pedras que imiten unha ponte ou por debaixo dunha artesa. Tamén poden ser substituídas pola nai e por unha ou dúas irmás do doente.

Outro rito para «tallar» o enganido precisa da intervención dun carpinteiro de terceira xeración quen, valéndose dun machado, dá un golpe nunha atume de xuncos coa que se atan as pernas do neno mentres se di:

Meu pai carpinteiro, meu avó carpinteiro, eu carpinteiro.

Córtoche a pexa neste talleiro.

Outros curandeiros, sabios ou sabias, levan o neno a unha igrexa, acompañados da parteira. Unha vez que o ispen, móllanlle a cabeza con auga bendita, fanlle unha cruz na fronte cun allo e no altar maior erguen a pedra e pasan o neno dúas ou tres veces por enriba e por debaixo. Para rematar, dáselle a beber ao cativo, pinga a pinga, unha mestura de viño, incenso e mel.

CURANDEIROS E CURANDEIRAS

Para rematar este breve repaso ao mundo dos males da cabeza desde a óptica da cultura popular tradicional galega, deixamos unhas notas sobre as persoas que tradicionalmente se dedicaron a curar este tipo de males. Axiña comprobarán que, en varios dos casos, as

persoas que teñen a capacidade de remediar o mal a outras persoas tamén o padecen ou padeceron, pois a facultade vénlles, xustamente, desa circunstancia.

Os nomes polos que se coñecen van en función da especialidade ou doenza que atenden. Úsase con frecuencia o xenérico curandeiro ou curandeira para referirse indistintamente a calquera persoa que se dedicase a este oficio. Ás veces tamén reciben o nome de menciñeiros ou menciñeiras.

Xeralmente, aprenden da tradición e dos devanceiros, preferentemente dos da propia familia que se dedicasen ao mesmo. Tamén hai casos nos que o don de curar depende dunha circunstancia casual, por fada (destino), por ter falado no ventre da nai ou por outro motivo.

Chamáselles bruxos e bruxas a aquelas persoas que usan algunha maxia tanto para curar unha doenza como para causala, pois teñen ambas capacidades.

Cando o seu cometido é facer exclusivamente o ben, curar, chamáselles sabios ou sabias. Estes, ademais de curar doenzas, teñen a capacidade de adiviñar o porvir e a vida que levan os que están lonxe, descubren roubos e saben onde se agachan as cousas perdidas. Tamén saben remediar o meigallo, o mal de ollo, os aires e expulsar os demos do corpo. Recetan rescritos, amuletos, herbas, pedras e outros remedios máxicos ou relixiosos. Tamén poden descubrir tesouros.

Ás veces á persoa que cura chamáselle sandador. Pode ser home ou muller. O don pode virlle do nacemento, por nacer en Venres Santo ou o mesmo día e á mesma hora que o fixo Xesús, ou por ser o sétimo ou o noveno irmán do mesmo sexo. Soen ter unha cruz no padal ou debaixo da lingua. Soen exercer boa influencia, aínda que se coñecen casos en que botan maldicións.

Xa falamos dos pastequeiros e pastequeiras, especialistas en curar meigallos e posesións diabólicas. As talladoras, soen ser mulleres,

teñen a facultade de tallar, coutar, a enfermidade chamada coxo ou goxo, que é unha erupción granular na pel que deixa retratado o animal que a causou co seu aire ou a súa pezoña (veneno): araña, toupa, sapo, pincho-rra, cobra, alacrán, víbora, cempés, cínife, etc. Faise talladora quen consegue matar tres toupas con cadansúas puñadas. Para curar, bota cuspe na zona afectada e bendícea tres días seguidos, ou fai tres cruces durante tres días seguidos sobre a erupción cun corno de Alicornio³ bendicido.

A modo de exemplo, recreamos agora nunhas poucas liñas algunhas notas biográficas de dúas destas persoas:

Filomena Arias Armesto

Foi coñecida como a Sabia de Torbeo por ter nacido nesta parroquia do concello de Ribas de Sil (Lugo), entre 1865 e 1885. De moza marchou cun fillo vivir a Madrid, cidade na que residiu, traballando como criada, ata 1920 ou 1921. Cando regresou a Torbeo, un día, estando de fiadeiro cos veciños, foi beber auga á fonte da Cruz e cando volveu xa entrou de costas na casa. Despois botouse ao monte e por aló andou ata que uns homes da parroquia, comandados polo párroco, a foron buscar. Trouxérona atada e atada a retiveron a carón de cemiterio mentres o crego lía un texto dun libro para esconxurarlle os cinco «cadelos» (espíritos) que disque tiña dentro do corpo. Só conseguiron tirarlle dous «cadelos»; os outros quedaron para sempre dentro dela. Cando lle daba o «mal» falaba en castelán. Comezou a exercer de curandeira, aca- dando unha sona enorme por toda Galicia e por boa parte da península tanto de España como de Portugal. Curaba con plantas e con outros remedios tradicionais, sobre todo con

3 Alicorne, alicorno. Raspas ou po do fabuloso Unicornio aínda que, xeralmente, non era senón po dos cornos doutros animais como a vacaloura, o cervo... Usouse na curación de meigallos e outras moitas doenzas dándollo a beber ao doente mesturado en auga.



Foto: Fogar do Santiso, Teo

apócemas. Os que a coñeceron ou oíron dos seus méritos dicían que tiña poderes que lle permitían saber do paradiro ou do estado de saúde de persoas aínda que non as coñecese ou que residisen ben afastadas dela. Era consultada para destapar tesouros. Para moitos dos cometidos axudábase dunha *medium* que ela invocaba chamándolle «*La niña*».

Segundo Risco (1979), Filomena Arias dicía que cando morrese había lle deixar o seu poder a unha rapaza de 15 anos, que fose virxe e que se chamase coma ela. Mais, que se saiba, non tivo herdeira. Cando lle daba o mal permanecía deitada na cama, ladraba coma os cans por tempo de media hora ou dunha hora. Despois atendía as consultas. Non precisaba preguntar, pois adivinaba a pregunta que lle ían facer, e a seguir entraba en detalles sobre a doenza e outras circunstancias do doente.

Nos últimos anos da súa vida trasladouse a Monforte e cando osmou a morte pediu que a levasen expirar a Torbeo, pero non deu chegado. O 23 de abril de 1938, cando a trasladaban nunha padiola, fóselle a vida á altura Rairos, lugar do mesmo concello de Ribas de Sil en cuxo cemiterio está enterrado o seu corpo.

Isolina Camiña

A Gheiteira naceu en Cerdedo (Pontevedra), en 1909, e morreu en Pontevedra, en 1996. Posuía unha artesa que usaba para esconxurar o *anghinido* (enganido), un anel dourado de estrela e a cruz de santo André. Era especialista en cortar o aire de defunto. Poñía o anel no dedo, colocaba o doente na artesa, facíalle unhas fregas e dicía as palabras do ritual, repetindo tres veces. O doente acababa por adormecer dentro da artesa e, cando espertaba, xa estaba curado. Un seu sobriño-neto, Calros Solla (2008), foi quen herdou estes utensilios e está especialmente orgulloso da chamada cruz de santo André, un seixo gris que de maneira natural ten debuxada unha cruz branca en aspa. Quen ten esa pedra no peto no momento de

expirar, aínda que non peregrinase ao santuario de Teixido en vida, queda libre de facelo despois de morto. O salvoconduto universal!

Para poñer a coda a este apartado e ao artigo, extracto, a modo de exemplo da presenza destes temas na literatura galega contemporánea, un fragmento da coñecida obra da autoría de Álvaro Cunqueiro titulada “*Escola de menciñeiros*” (Cunqueiro, 1976).

O personaxe escollido chámase Borrallo de Lagoa, un menciñeiro que, por ser albino, non podía botar mal de ollo, que «*curaba tolos, morriñosos i afrixoados*» e «*Decía que non había demos e que sobaban os esconxuros*». Cambiáballes o nome aos doentes e inventáballes unha vida nova, moi diferente a que viviran de seu. Curaba ensinando a ler e recomendaba longos paseos.

Ós que en neloutroas partes chaman alganados ou ensumidos, por Terra de Miranda e Pastoriza dicíenlles afrixoados. Xente é que se entrista, enfraca, cánsase, desavece a comida, e morre aborrecida e calada nun recuncho, a pel da cór da cera, e por veces queixándose dun punto frío que lles vaga polo corpo, cando no peito, cando na espiña. Borrallo estaba especializado, que il mesmo fora un afrixoado, i autocurouse. Parte da terapéutica consistiu en aprender a lér: vendeu unha terra e foi a pasar un mes en Ourense. Volveu novo.

—¡Valía máis que Conxo!, díxome un mui amigo dil. De neno, afixo a comer do mesmo zatico de pan a un rato i a un melro. Tiña mui estudiada á xente.

BIBLIOGRAFÍA

Actas do Simposio Internacional en homenaxe a D. Antonio Fraguas (1997): *Medicina popular e antropoloxía da saúde*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Becoña Iglesias, E. (1981). *La actual medicina popular gallega*. A Coruña: Magogyo

Costa Clavell, X. (30 de marzo de 1992). Curandeiros y menciñeiros. *La Voz de Galicia*.

Cuba, X., Miranda, X., & Reigosa, A. (1999). *Diccionario dos seres míticos galegos*. Vigo: Xerais.

Cunqueiro, A. (1976). *Escola de menciñeiros*. Editorial Galaxia.

Cuveiro Piñol, J. (1876). *Diccionario Gallego*. Barcelona: Establecimiento tipográfico de N. Ramirez y Cía.

Espandian Nojavan Pana, A., López López, M. A., Delgado Charro, L., & Simón Lorda, D. (2014). La iluminada de Moeche. *Cadernos de Atención Primaria*, (20), 260-264.

Gondar, M., & González, E. (1992). *Espirítados. Ensaíos de Etnosiquiatría galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Gondar, M., & González, E. (2003). *Poseídos. Ensaíos de Etnosiquiatría galega*. Santiago de Compostela: Endovelía.

Iglesias Iglesias, L., Cuevillas, F. L., Risco, V., Parga Pondal, I., Otero Pedrayo, R., Lorenzo Fernández, X., & Taboada Chivite, X. (1979). *Historia de Galiza*. Madrid: Akal.

Lis Quibén, V. (1980). *La medicina popular en Galicia*. Madrid: Akal.

Lisón Tolosana, C. (1980). *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia*. Madrid: Akal.

Lisón Tolosana, C. (1991). Antropología de los pueblos del Norte de España: Galicia. *Revista de antropología social*, 0, 13-29. Madrid: Universidad Complutense.

Losada, U. (1926). A espiritada de Moeche e o poseso Antón Ramilo. *Nós*, 29, 5-10.

Mariño Ferro, X. R. (1985/1986). *La medicina popular interpretada I e II*. Vigo: Xerais.

Quintía Pereira, R. (2014). *Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas*. Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA).

Quintía Pereira, R. (2022). El mal de ojo en Galicia. Creencias, ritos y lugares de sanación. *LIBURNA*, 19, 163-218.

Reigosa, A. (2024). *Galicia Encantada. Enciclopedia da fantasía popular de Galicia*. galiciaencantada.com

Rodríguez López, X. (25 de febrero de 1888). La paletilla. *El Regional*, n° 10.216.

Rodríguez López, J. (1971). *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Lugo: Celta.


Rodríguez, J. A. (2010). “O Corpo Aberto”: Novas achegas etnográficas. *Fol de Veleno*, 1, 16-29.

Solla, C. (2008). *Isolina, a Gheiteira. Dorna*, 32, 69-71.

Solla, C. (2021). *Crónica da Galiza bizarra*. Cangas do Morrazo: Morgante.

Vázquez Gallego, X. (2004). *Tradiciones y Curanderismo en Medicina Popular en Galicia*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.

Taboada Chivite, X. (1982). *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña: Salvora.



RITOS

TRANSFORMACIÓNS
DA RITUALÍSTICA
FUNERARIA
NA GALICIA
CONTEMPORÁNEA

Rafael Quintía Pereira

*Antropólogo e xerente de Ab Oríxine Antropoloxía e
profesor-titor de Antropoloxía na UNED*

rafael.quintia@aborigine.es

SUMARIO

CASTELÁN

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Quintía Pereira, R. (2024). Transformacións da ritualística funeraria na Galicia contemporánea. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 17, pp. 28–49. <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude/publicacions>

RESUMO

Neste artigo abordaremos como o proceso de cambio social afectou á ritualística funeraria e á xestión do trazo da morte na cultura e na sociedade galega. Estudaremos o cambio cultural na percepción da morte e do dó na sociedade actual galega e como isto repercute na integración do proceso da morte, na súa xestión individual e colectiva, nos ritos, nas crenzas e nos propios procedementos legais. En concreto, achegarémonos a temas como a transformación da idea do privado e do público, o cambio do locus da litúrxica funeraria, os novos xeitos de xestión do corpo morto, a comunicación do falecemento, os mecanismos de xestión da perda, as novas visións relixiosas ou o cambio da sociedade holística á individual e a súa repercusión na cultura da morte en Galicia.

PALABRAS CHAVE — Morte, dó, rito, Galicia, velorio, cadáver.

ABSTRACT

In this paper we will address how the process of social change affected funeral rituals and the management of the trance of death in Galician culture and society. We will study the cultural change in the perception of death and mourning in current Galician society and how this affects the integration of the death process, its individual and collective management, rites, beliefs and the legal procedures themselves. Specifically, we will approach topics such as the transformation of the idea of the private and the public, the change of the locus of the funeral liturgy, the new ways of managing the dead body, the communication of the death, the mechanisms of loss management, the new religious visions or the change from holistic to individual society and its impact on the culture of death in Galicia.

KEY WORDS — Death, mourning, rite, Galicia, wake, corpse.

INTRODUCCIÓN

A chamada cultura da morte en Galicia mudou nas últimas décadas. A relación que existía coa morte, o transo e o dó no mundo rural xa non é como era hai apenas unhas décadas. Os xeitos de xestionar este acontecer da vida adoptan, cada vez máis, as formas propias das actuais sociedades industriais e tecnolóxicas. O cambio da sociedade rural cara a unha sociedade maioritariamente urbana e industrializada, a perda de peso do catolicismo, a globalización, os procesos de aculturación ou a mudanza da ideoloxía da nosa sociedade rural holística cara a unha visión individualista da vida alteraron a nosa forma de ver e interactuar coa morte. Como di Marcial Gondar, «*a sociedade occidental virou as costas á morte ata o punto de convertela nun dos seus tabús fundamentais*» (1989: 9).

A MORTE NO MUNDO RURAL VS. O MUNDO URBANO

Para entender o proceso de transformación da ritualística funeraria cómpre, primeiramente, comentar brevemente como era e, de algún xeito, aínda é a vivencia da morte no mundo rural e como esta se integra no mundo urbano. Para isto, botamos man dalgunhas das ideas contidas nos traballos do antropólogo Marcial Gondar (1989), referente obrigado no estudo da morte en Galicia.

No mundo urbano e na sociedade actual en xeral prodúcese unha negación da morte fronte á aceptación e integración dunha realidade irremediable que se daba, e dalgún xeito aínda se dá, na sociedade rural. No mundo urbano actual, esforzámonos por ocultar a morte e os mortos, incluso nos medios de comunicación se censuran as imaxes de mortos baixo a escusa do respecto á intimidade das vítimas. Na

sociedade rural galega era todo o contrario, o morto exhíbese, amósase á colectividade para facernos partícipes da perda e conscientes da nosa fragilidade e finitude. As consecuencias desta ocultación, marxinación e «cancelación» da morte na sociedade urbana son que, cando acontece, se vive como un shock traumático que require atención psicolóxica en moitas ocasións; fronte á idea de traxedia natural que impera na sociedade rural. Isto leva a unha vivencia da morte e do dó en soidade fronte á socialización da dor e do dó que se daba nas sociedades rurais.

A ausencia de mecanismos sociais e culturais de amparo e a represión dos sentimentos son tamén características propias das actuais sociedades modernas, a diferenza do que acontecía antes e nas comunidades rurais onde a exteriorización das emocións e a teatralización da dor funcionaban como mecanismos de catarse e válvulas de escape, socialmente aceptadas, das tensións psicolóxicas e emocionais, tanto individuais como comunitarias, que xeraba a morte dun ser querido ou membro do grupo. En canto á xestión do dó tamén hai grandes diferenzas, pois actualmente existe unha presión social para reducir o tempo de dó. Acéptase que un estea triste un tempo, pero máis cedo que tarde xa se está dicindo á persoa que ten que superalo, que ten que refacer a súa vida, que xa é tempo de esquecer, sen ter en conta as necesidades particulares e características persoais de cada un para xestionar as súas perdas e emocións.

Por último, tamén existe unha fonda ruptura entre o que se concibe como unha mala morte e unha boa morte. Fronte a idea e desexo de ter unha morte rápida e súbita, sen apenas tempo de decatarse, nas sociedades rurais a boa morte é aquela que se ve vir, que dá tempo para deixar todo amañado, partillas feitas, débedas pagas, promesas cumpridas; a que se demora o suficiente como para poder despedirse dos seres queridos e partir en paz acompañados dos seus ao calor do fogar e da comunidade e seguindo os ritos que marca a

tradición para garantir o bo transo. Esa é a boa morte. En consecuencia, a relación coa parroquia dos defuntos tamén muda, como veremos a continuación.

Rematamos este apartado cunha cita do médico forense Benito López de Abajo que fai unha interesante reflexión sobre os diferentes xeitos de vivir a morte na sociedade rural segundo sexa a idade do falecido e segundo esteamos na Galicia interior ou costeira.

Yo creo que la muerte en el medio rural se vive de una forma más próxima, sin que por ello resulte menos dramática. Todo parece indicar que en el medio rural de la Galicia interior hay, fundamentalmente, dos modalidades de muerte: La primera, son aquellas ocurridas “cuando llegó la hora”; es decir, las muertes anunciadas, las de las personas mayores, que, de alguna manera, era esperada por toda la comunidad. La segunda son aquellas otras que se adelantan a los que cabría es-

perarse la llegada de su hora. Las primeras son muertes aceptadas, tomadas como algo inevitable y, por lo tanto, con resignación. En ellas se siente la pérdida, pero se comprende lo ocurrido. En cambio, en las segundas, al sufrimiento de la ausencia se le añade el sentimiento de rencor, por la tremenda injusticia cometida al llevarse a una persona tan joven. Y el sufrimiento es, en líneas generales, directamente proporcional a lo súbitamente que ocurrió la muerte, e inversamente proporcional a la edad en la que se produjo. [...] En la Galicia costera este segundo grupo está más interiorizado, en el sentido que, debido a su profesión, conviven más cerca de la guadaña letal y asumen como más “natural” aquello que en la Galicia del interior se vería como una tragedia. [...]. Las condiciones en las que transcurre su vida son tan extremas, que cuando a alguien le ocurre una desgracia, los otros se apiñan alrededor de él, demostrándole que entienden su dolor y su estado, porque ellos también lo han pasado en otras ocasiones (López de Abajo, 2006: 516).



Foto cedida polo autor

O CAMBIO NAS CRENZAS SOBRE O OUTRO MUNDO

A topografía do Alén e a súa concepción tradicional tamén está a mudar na nosa sociedade actual. Ata fai unhas décadas, a visión imperante do máis alá na nosa sociedade era a que transmitiu o catolicismo na nosa doutrina. O clero desde o púlpito coa súa predica e o catecismo encargáronse de modelar unha visión colectiva do que acontece tras a morte marcada por posibilidades:

- **O Ceo:** ao que van os que morren en grazza de Deus. É a recompensa a unha vida libre de pecado, un lugar de paz e harmonía, onde non existen as preocupacións e onde vivir eternamente xunto a Deus e rodeado dos seus anxos.
- **O Inferno:** onde van os condenados que non alcanzaron a salvación. No inferno xa non hai esperanza. É o lugar do sufrimento eterno e alí os pecadores serán castigados segundo a gravidade das súas faltas.
- **O Purgatorio:** lugar de penitencia ou purificación. Ese Outro Mundo-Purgatorio do cristianismo galaico é un mundo moral. Desde el sanciónanse as faltas ao código axiolóxico cometidas no noso mundo terreal, pero nel tamén sofren o castigo os que en vida pecaron. É lugar de penitencia e expiación e nel redímense as transgresións feitas en vida no mundo terreal. Do Purgatorio sáese cara arriba, ao ceo, ou cara abaixo, ao inferno.

Fronte a esta visión, na nova sociedade urbana, globalizada e máis multicultural, empezan a penetrar outro tipo de crenzas que, xunto co crecente agnosticismo froito da sociedade laica e tecnolóxica, conviven con outras do que sucede tras a morte. Aparecen así nocións como a da reencarnación, propia de correntes filosóficas e relixiosas orientais, a dunha nova vida renacido noutro plano de existencia; diferentes ás que ofrece o cristianismo ou outras

crenzas nacidas da *New Age* que, desde os anos 60 veñen collendo peso na nosa sociedade.

Relacionado con esta visión do Alén está tamén a seriedade coa que se trata o mundo dos defuntos, o seu culto, recordo e a súa comunicación. Nada máis afastado das actuais festas de *Halloween* onde se produce unha banalización da morte e dos defuntos e se converte a data na que se exterioriza, escenifica e ritualiza de forma colectiva a homenaxe aos defuntos nunha sorte de entroido protagonizado por fantasmas, monstros, depredadores sexuais e *psycho killers* con motoserras que pululan por festas, centros escolares, rúas e bares.

FACTORES DE TRANSFORMACIÓN NA RITUALÍSTICA FUNERARIA

Como xa avanzamos, son varios os factores que inflúen na transformación dos ritos funerarios en Galicia. Novas concepcións da morte froito dunha sociedade máis global e multicultural; a perda de peso da Igrexa na sociedade, tanto a nivel de poder real como de influencia moral e ideolóxica; a convivencia con relixións en competencia co catolicismo; o crecente individualismo propio da sociedade capitalista moderna onde o valor do individuo se impón sobre o da colectividade; a consecuente desaparición da sociedade holística propia do mundo rural; a urbanización da sociedade e o cambio tecnolóxico son algúns dos factores que podemos citar entre os causantes desta transformación. Moitos deles foron maxistralmente estudados polo antropólogo Marcial Gondar na súa obra *Romeiros do Alén. Antropoloxía da morte en Galicia*, polo que recomendamos a súa lectura. Todos eles podemos aglutinalos en cambios que afectan ao carácter social e cambios que afectan ao aspecto cultural e ideolóxico. Vexamos máis polo miúdo algúns deste factores de cambio.

1/ A perda de influencia da Igrexa

Un factor que está afectar a algúns ritos e crenzas vencelladas á morte na nosa cultura é a perda de influencia social da Igrexa e da relixión católica. Fronte a unha visión monolítica da morte e do Máis Alá agora existe unha «oferta de salvación» moito máis diversa. Como consecuencia estanse dando cambios nas crenzas escatolóxicas, xorden ou chegan novas ideas sobre o Alén e a morte, xenerázanse cambios nos ritos mortuorios (como a incineración), temos novas cerimoniais de carácter civil xunto ás cerimoniais católicas e tamén cerimoniais pertencentes a outros credos, vivimos o xurdimento de cemiterios civís fronte aos exclusivamente relixiosos e experimentáse unha perda de peso da comunidade cristiá. Este último aspecto leva implícito que, en ocasións, a familia do falecido decida que ritos se levarán a cabo e como sen ter en conta a filiación relixiosa do morto e a súa pertenza a unha comunidade cristiá que tamén ten dereito a despedilo por moito que as familias queiran ter un funeral privado. O morto, desde a perspectiva da comunidade cristiá, non é un ser illado senón un membro dun colectivo fraternal que sofre a perda e que, como a familia, tamén demanda o seu dereito a velar e despedir aos seus membros. Velaí outro exemplo de confrontación entre a visión individual e a colectiva, ou entre a privada e a pública, aspecto que veremos a continuación.

2/ A idea do privado e a desocialización da morte

Na actual sociedade urbana e tecnolóxico-industrial dáse unha transformación do concepto do privado e do público. Cada vez son máis frecuentes os enterros ou velorios privados que, paradoxos da vida, se anuncian en prensa ou por outras vías. Vemos notas necrolóxicas onde se explicita que a familia non recibe dó e os tanatorios aseguran a privacidade da cerimonia e o illamento social. A ocultación da morte e da dor, así como a primacía do princi-

pio de individualidade fronte ao colectivo, leva á desocialización da morte e da súa xestión.

Como dicíamos antes, desde a perspectiva da comunidade cristiá (e tamén da rural) o rito privado é privativo do dereito de participación da comunidade na despedida e sepelio do morto. Desde o punto de vista social, neste tipo de actitudes limitadoras da participación colectiva no enterro e velorio, a familia do morto pode romper a trama dos vínculos sociais do falecido impedindo que familiares e amigos participen no rito. O velorio/enterro era un acto social onde participaba toda a comunidade e onde o falecido era o protagonista.

A psicoloxía advirtenos de que a ausencia de despedida dificulta a aceptación da morte do ser querido e pode ser un factor de alto risco para o desenvolvemento de dós patolóxicos. Os rituais colectivos de dó, como o velorio, funeral ou enterro, axudan a aceptar e integrar o feito da morte. Asemade, dan soporte emocional a través do acompañamento dos seres queridos, amigos e veciños e ofrece a posibilidade de amosar libremente nunha contorna emocionalmente segura as emocións e a pena, pois esta será compartida, aceptada e comprendida.

3/ A desarticulación da tradicional relación entre vivos e mortos

Explicaba no meu libro *Pola graza de Deus. A relixiosidade popular en Galicia* (Quintía, 2022: 91-92) que, dalgún xeito, podemos dicir que a idea galega de familia non se pode acoutar nin no tempo nin no espazo e que a crenza moderna de que a morte é o final ou que o mundo dos vivos e o dos mortos son planos estancos e inconexos son ideas que non operaban no campo da cultura tradicional galega e da relixiosidade popular, pois no noso mundo cultural, eminentemente simbólico, os membros falecidos da familia tamén conviven cos vivos nunha relación que transcende a dimensión temporal e terreal. Esta convivencia

e relación é unha relación simbiótica, dun intercambio mutuo que podemos observar en múltiples prácticas e crenzas relacionadas co mundo dos defuntos e das ánimas. E digo que é simbiótica porque ás ánimas —igual que aos santos— pídenselles favores, pero tamén se roga por elas e ponse en marcha todo un enorme artellamento de prácticas que buscan, en última instancia, axudar a estas almas a saíren do Purgatorio e a acadar a paz eterna. Como dicía Xaquín Lorenzo:

O morto segue vivindo a carón do vivo, interviñendo nos seus feitos, aproveitando os seus instrumentos, dándolle consellos e anunciándolle o porvir, ben que, como seres que son xa do outro mundo, a súa actuación en torno ós vivos non sempre seña benéfica. [...] De ahí o respecto e a veneración con que o noso pobo trata todo o que fai referencia ós mortos, non soio pol-o que o temor poda pór nestas relacións, senon tamén pol-o que siñifican de continuidade nas relacións que se mantiveron coiles durante a vida terrea (2004: 126).

Xa que logo, ás ánimas pídenselles favores, a intermediación para solucionar un conflito ou a súa intercesión para acadar unha sanación ou solucionar un problema grave. Posiblemente, isto débese á crenza de que as ánimas benditas, sobre todo aquelas que xa saíron do Purgatorio, teñen unha posición privilexiada e un certo poder para axudar ós vivos pois están xa máis preto do ceo e de Deus e iso sempre confire poder, privilexios e capacidade de intervir no noso mundo. A este respecto, teño recollido moitos testemuños que acreditan esa fe no poder benfeitor das ánimas ou nas almiñas dos defuntos, como me dicía unha informante: «eu ás ánimas téño-lles moita fe, aos santos non pero ás ánimas...» En troques, a xente tamén se esforzaba por axudar ás ánimas que están no Purgatorio. Ofrecenselles misas, fánseles ofrendas nos petos de ánimas ou rézaselles na casa, entre outros moitos costumes. Por exemplo, os domingos e festas de gardar adoita acudirse á misa, acender velas ofrecidas para os defuntos e darlles responsos. Non faltaba quen quería deixar no testamento un legado a favor das ánimas, era

o chamado «quinto das ánimas», que servía para pagar misas e responsos en sufraxio da ánima do finado. Cada ano, coincidindo co Día de Defuntos, celebrábase un acto litúrxico xeral por todas as almas dos defuntos da parroquia que estaban no Purgatorio. Tamén había, e hai, novenas e en moitos lugares de Galicia facíase un bolo de pan e levábase ao adro da igrexa para darlle á xente, era o «Pan das ánimas». Estes bolos eran para darlle de comer ao saír aos asistentes da misa e para repartilos entre os pobres. Tamén se facía a poxa dos polos, bolos de pan e demais ofrendas que os fregueses traían para as ánimas dos defuntos. Bolos de pan tamén se cocían nos enterros para dar de comer aos asistentes e ao cura (Quintía, 2017: 59-62).

As ánimas, ademais, segundo as crenzas galegas, poden vir visitarnos, xa sexa de xeito individual como alma en pena ou de xeito colectivo, como na Compañía ou a Estadea. Esta presenza das ánimas na vida cotiá e terreal pode facerse en forma humana, en forma de animal, nunha pedra ou de xeito indirecto, a través de ruídos, luces, cheiros etc. (Cuba, 2006). En canto á explicación cultural que se lle dá a porque volven as ánimas, estas poden facelo para pedir sufraxios, para axudar a un ser querido, para reparar un dano feito en vida ou para emendar unha inxustiza (Quintía, 2017: 59-62). Polo tanto, o corpo morre, o defunto marcha pero a súa alma continúa en contacto con este mundo. Como di Manuel Mandianes: «Galicia non convive cos mortos, senón que cre que os mortos viven» (Antón e Mandianes, 1989: 170).

Todas estas prácticas e crenzas configuraban unha sofisticada forma de comunicación cos defuntos que pasaban de ser mortos esquecidos a actores aínda válidos da trama social. A crenza na súa existencia noutro plano de realidade e na posibilidade de comunicarse con eles facía que a traxedia da morte dun ser querido ou da propia morte fose levada de mellor xeito, pois ese transo non supuña a ruptura definitiva nin total coa súa comu-

nidade. Isto xa non é así, ou xa non é así na mesma medida. A sociedade actual urbana, tecnolóxica, «racional» vive de costas á morte, como explicamos. Os mortos afástanse, ocúltanse porque nos poñen ante a realidade da nosa finitude. Xa non interesa comunicarse con eles. Como di Gondar: «*Agora, a situación cambia por completo: a morte déixase de vivir como “natural” para ser un “accidente”, algo que sucede porque a ciencia aínda non “avanzou” abondo*» (Gondar, 1989: 12).

A crenza na infinita capacidade do progreso enfrontada á constatación de que non se pode vencer á morte e que non somos inmunes ao proceso natural da vida produce unha sorte de disonancia cognitiva que nos fai mirar para outro lado, agochar a cabeza no burato e vivir como se a morte non existise, máis esta está sempre aí. A ignorancia do problema non elimina o problema, pero si pode acabar con mecanismos culturais que demostraron a súa eficacia ao longo dos séculos para enfrontarse como individuos e como o grupo ao gran misterio da vida: a morte.

O temor á morte estanos facendo esquece-los mortos, os que se empezou por expulsar do centro do poboado, reducíndoos a cemiterios periféricos; tratándose agora de botalos do noso recordo porque simbolizan a nosa propia morte, que queremos evitar, pois son o noso pasado e só o porvir nos interesa (Gondar, 1989: 14).

Nas últimas décadas produciuse tamén na nosa sociedade unha desacralización do cemiterio que deixa de ser «campo santo» para ser concibido a nivel municipal como unha instalación onde dar descanso aos corpos ou cinzas dos falecidos, alén de calquera filiación relixiosa. O Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia explicita que: «*No presente decreto supérase a anterior distinción entre cemiterios parroquiais, confesionais e particulares, entendendo que o determinante desde o*

punto de vista xurídico é o uso da instalación o que debe prevalecer e ser examinado, á marxe da súa consideración como confesional ou non».

No momento que aparecen os enterros e velorios civís todo o aparato, escenografía e ritualística cristiá, propia da sociedade rural tradicional, desaparece ou vese moi relegada.

4/ O cambio social, urbanización da sociedade e a burocratización da morte

As novas normativas en materia funeraria (hixiénicas, sanitarias, burocráticas...), as novas formas de xestionar os mortos (limitación de espazo, afastamento dos cemiterios, creación de campos de cinzas), o xurdimento dos establecementos para velar o defunto, a regulación do traslado do corpo son só algúns cambios recentes que afectan a como vivimos a morte e nos relacionamos con ela.

Na actualidade existe unha gran burocratización da morte. Os trámites legais que seguen ao falecemento son longos, complexos e cansos, o que obriga en moitas ocasións a contratar os servizos de avogados e gabinetes xurídicos. Tal é así que as propias empresas funerarias e aseguradoras xa ofrecen estes servizos. Á dor da perda do familiar falecido e á xestión do dóló únese agora a xestión da burocracia da morte. A morte xa non só é un trauma, senón que tamén é un problema burocrático que necesita de especialistas. Como mostra citamos algúns dos procedementos legais que hai que xestionar tras o falecemento dun familiar: solicitude do certificado de defunción, actos de última vontade (declaración de herdeiros), certificado de contratos de seguros, partición da herdanza, pago do Imposto de Sucesións ou pago da plusvalía. Se atendemos aos prazos, outro factor de estrés engadido, os trámites legais tras unha defunción serían:

1 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141211/AnuncioC3K1-031214-0001_gl.html

- No momento do falecemento: obter o Certificado médico de defunción.
- Dentro das 24 horas seguintes: inscrición da defunción no Rexistro Civil.
- Entre 24 e 48 horas despois do falecemento: enterro.
- Despois de 15 días hábiles tras o falecemento: obter o certificado de últimas vontades e o certificado de cobertura de seguros do falecido.

- Antes de 6 meses: pago de impostos (sucesións, plusvalía municipal etc.).
- Comunicación do falecemento á Seguridade Social.

Poderíamos dicir, utilizando unha expresión coloquial, que a morte é «un marrón» que require de profesionais da burocracia.



Foto cedida polo autor

A TRANSFORMACIÓN DA RITUALÍSTICA FUNERARIA

A transformación do ritual funerario afecta fundamentalmente aos seguintes elementos:

- O lugar da morte
- A xestión do corpo morto
- O lugar do velorio
- O traslado do corpo
- O lugar de «enterro»
- A comunicación da morte
- A participación no rito (o público e o privado)
- O pago do enterro (privado *vs.* mancomunado)

O capítulo V do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia trata sobre os servizos funerarios. Nos seus artigos, contense a regulación do seu establecemento, medios e responsabilidades e as características dos tanatorios, velorios e crematorios. O capítulo VI, regula o transporte de cadáveres, inhumacións, exhumacións, reinhumacións e incineracións, e divídese en dúas seccións. Na primeira sección contéñense as regras relativas ao transporte de cadáveres ou restos cadavéricos, os medios de transporte e as formalidades que se deben cumprir. A sección segunda do mesmo capítulo VI dedícase á inhumación, exhumación, reinhumación e incineración de cadáveres e restos, así como unha referencia aos féretros e elementos de transporte admitidos desde o punto de vista sanitario. Veremos que consecuencias teñen estes cambios nos ritos tradicionais.

1/ O lugar da morte

Hai tres lugares principais onde se pode producir o falecemento das persoas: na casa, na residencia de maiores ou no hospital; e fóra destes espazos, como pode ser na rúa ou no traballo,

por exemplo. Se ata o segundo terzo do século XX o máis habitual, en caso de enfermidade, era o falecemento na propia casa, na actualidade o lugar onde se produce habitualmente a morte das persoas, en caso de enfermidade ou accidente, está a cambiar. Coa universalidade da sanidade e o sistema hospitalario é moi habitual que o falecemento se produza no hospital onde está sendo atendido o enfermo ou accidentando. No caso dun accidente fóra da casa, a diferenza do que podía suceder antes, o doente non é trasladado á súa casa, senón a un centro hospitalario. A consecuencia é que cada vez se morre máis no hospital e menos na casa. A isto hai que engadir un novo lugar habitual de falecemento que cobra cada vez máis peso nas persoas maiores: a residencia. O aumento de mortes en residencias podería estar relacionado con múltiples factores e cambios de carácter económico e sociodemográfico, pero tamén ideolóxico, como a dificultade da conciliación familiar e laboral cos conseguíntes problemas para o coidado dos maiores na casa; o incremento da esperanza de vida en mulleres que eleva o número de viúvas que, a súa vez, teñen maior probabilidade de finalizar a súa vida en centros residenciais; o desartellamento da unidade económica doméstica propia da sociedade rural; as dificultades de acceso á vivenda propia e que esta poida acoller a varios membros; a perda da familia estendida ou o xa citado cambio de mentalidade cara ao individualismo que afecta ao sentido de obrigación de coidado do grupo familiar.

Nun recente e pioneiro estudo publicado en 2020 na revista *Anales del Sistema Sanitario de Navarra* e que leva por título *Lugar de fallecimiento de las personas con enfermedades susceptibles de cuidados paliativos en las diferentes comunidades autónomas de España*² estúdase con detalle o lugar da morte, tanto debida a causas oncolóxicas como non oncolóxicas, de persoas susceptibles de

2 https://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1137-66272020000100008#:~:text=Por%20CA%2C%20el%20porcentaje%20de,variaron%20entre%204%2C4%25%20en

coidados paliativos nas diferentes comunidades autónomas. Os datos a este respecto son claros. No período analizado, do ano 2012 ao 2015, producíronse 1.611.767 mortes deste tipo, das cales a defunción en hospital foi un 77 % máis frecuente que no domicilio, e en residencia un 53 % menor ou, se se quere, a morte en residencia foi menos da metade que no domicilio. En datos porcentuais, o 54,6 % dos falecementos por causas susceptibles de coidados paliativos produciuse no hospital, o 30,4 % no domicilio e o 14,5 % en residencia. O interesante é que, cando se analizan estas cifras por comunidades autónomas, a porcentaxe de falecementos en hospital varía entre o 49,8 % de Galicia e o 76,4 % de Canarias, inverténdose esta situación nos falecementos en domicilio, cun mínimo de 19,3 % en Canarias e un máximo de 40,4 % en Galicia. Isto quere dicir que, aínda que a porcentaxe de mortes en hospital se está incrementando en Galicia, aínda está moi por debaixo do que acontece noutras zonas de España. En canto á porcentaxe de falecemento en residencias os datos do estudo indican que en Galicia ronda o 10 %. Dos resultados desta investigación, a primeira en examinar as variacións por CCAA no lugar de morte das persoas, conclúese que na actualidade a probabilidade de falecer no hospital é sempre maior que a de falecer no domicilio ou na residencia. Ademais, percíbese tamén un descenso de mortes nos domicilios e un aumento de falecementos en residencias. Teñen maior probabilidade de falecer nun hospital as persoas máis novas e os residentes en concellos de maior tamaño. En canto á probabilidade de falecer por causas susceptibles de coidados paliativos nunha residencia no canto de no domicilio, teñen maior probabilidade as persoas quen non están casadas (solteiros, viúvos ou separados) e as mulleres.

Malia o que poida parecer *a priori*, o incremento de falecementos no hospital é algo característico de países cunha menor integración da atención paliativa, pois o incremento de mortes en domicilio sería característico de

países con sistemas de coidados paliativos ben desenvolvidos, e o incremento no número de decesos que se producen en residencias sería característico de países en estadios avanzados de integración dos coidados paliativos, como Alemaña ou Bélxica. Con todo, estes países amosan tamén unha diminución das mortes hospitalarias, o que non acontece no noso país. Polo que o estudo conclúe que, segundo os últimos *rankings* e atlas europeos sobre o desenvolvemento dos coidados paliativos, non parecen indicar unha maior integración destes en España.

Vemos, pois, que as transformacións socioeconómicas e culturais das últimas décadas afectan directamente ao lugar onde se falece e isto vai condicionar fortemente as seguintes etapas do proceso social da morte: a xestión do corpo morto, o velorio e o traslado do falecido. Pero tamén condiciona a fase previa á morte: a despedida. Un dos ritos que desaparecen con esta transformación do espazo de morte é o de ir levar os sacramentos. Cando unha persoa estaba moribunda na casa había que levarlle os sacramentos para darlle a extrema unción e que puidese morrer en paz. O párroco acompañado do sancristán e os fregueses dirixíanse, entón, en comitiva á casa do enfermo desafiado para proceder co rito. Como dicía unha das miñas informantes de Doade, Lalín, a Sra. Elsa López: «*E iba o cura. Íbamos realmente toda a parroquia, eh. Polo menos un de cada casa*» (Quintía, 2021: 157). A despedida do que ía morrer en breve era comunitaria. Hoxe en día, por motivos da propia normativa hospitalaria, esa despedida está moi limitada a uns poucos familiares e, no caso dos católicos que o demanden, o cura procede a dar a extrema unción en privado.

2/ A xestión do corpo morto no transo

A existencia dunha nova lexislación mortuoria que modifica a anterior e incrementa os procesos e trámites é un dos elementos que máis clara e directamente está afectando á

praxe ritual funeraria. O Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia dedica o seu capítulo IV ás prácticas sanitarias sobre cadáveres. Establécense unhas normas xerais, as técnicas admitidas para a preservación de cadáveres, os requisitos das técnicas de tanatopraxia, tanatoestética e tanatoplastia, así como as condicións para a exposición do cadáver nun lugar público distinto dos establecidos no presente decreto. É dicir, a normativa actual vén a regular e limitar os procedementos que eran tradicionais na xestión do corpo morto e na súa exposición para o velorio. Xa nos son as familias, maioritariamente as mulleres, as que xestionan o corpo do falecido para facilitar tanto o seu tronso como o seu acompañamento final senón que son profesionais contratados quen realizan ese labor. Isto é, externalízase a xestión do cadáver, do defunto, en persoas alleas á familia e ao grupo social próximo. Esta externalización da xestión do morto e da organización do propio velorio fai que desaparezan determinados ritos que se consideraban importantes para facilitar o tronso do defunto e unha boa morte. Estes son, segundo Marcial Gondar (1989: 15-16), que o defunto estea sempre acompañado de xente amiga na que poder apoiarse e que a poida reconfortar no último momento, que teña quen lle coloque «cousas boas» para axudalo a facer con ben o camiño ao alén, ter quen dialogue con el, levarlle o viático ou facerlle recomendación da alma, rezarlle ou pórle unha vela da Candeloria ou do Xoves santo nas mans, entre outras.

3/ O locus do velorio

Independentemente do lugar onde se produza o falecemento (casa/residencia ou hospital), actualmente poucos son os que seguen velando ao morto na casa, malia que isto segue sendo legal. O velorio no fogar vese xa como algo do pasado e de «xentes de aldea». Aléganse medidas sanitarias ou unha maior comodidade e mellor servizo para decidir despedir ao

falecido no tanatorio. Asemade, a crecente demanda de privacidade e tranquilidade neste tronso fai que a maioría das familias opten por externalizar estes servizos. Prodúcese así a especialización e profesionalización do tronso e a deslocalización do rito que abandona o núcleo do fogar familiar para desprazarse a un lugar alleo e aséptico. No tanatorio todo está organizado e profesionalizado en mans alleas á familia e á comunidade formada polos veciños do defunto.

Galicia conta cuns 350 tanatorios e crematorios e unhas 600 empresas funerarias especializadas que ofrecen diferentes servizos e equipamentos, como poden ser capela, salas de oración, salas velatorias, servizos de floraría, exposición de féretros e cafetería, incineración e cremación en fornos crematorios, servizo de tanatopraxia e tanatoestética, atención 24 horas ou incluso a xestión de trámites da persoa falecida e os servizos de asistencia ás familias no proceso de dó. O primeiro tanatorio en España inaugurouse no ano 1968 en Barcelona, o tanatorio Sancho de Ávila, e a partir de aí estendéronse rapidamente por todo o territorio español, inicialmente polas cidades e vilas e logo xa por zonas rurais. Os primeiros tanatorios galegos foron os de Vigo, A Coruña, Ferrol e Vilagarcía, construídos nos anos 90 do pasado século. A partir de aí, pouco a pouco foron chegando aos concellos galegos e, malia que ao principio en moitas aldeas e parroquias galegas o tanatorio municipal apenas tiña uso, paseniñamente a xente foi deixando de celebrar os velorios na casa para facelo nestas instalacións acondicionadas para o último adeus.

Nos velorios tradicionais, pola contra, o fogar do falecido convertíase nun punto de centralidade social temporal, ao que acudían familiares, amigos e veciños. A casa abríase á comunidade e o defunto era velado todo o día e toda a noite. O velorio e a morte convértese nun feito social compartido por toda a colectividade que participa do feito. Como explica Gondar de maneira maxistral, este mecanis-

mo de agregación social ao redor da morte dun veciño ten tamén unha función terapéutica, non só da familia do falecido senón de toda a comunidade que sofre a perda:

Os afectados pola perda están rodeados arreo de parentes, veciños e coñecidos. Eis un grupo que se vai reunindo e anovando ata que o cadáver marcha para o cemiterio —os máis achegados aínda han voltar pola casa para despedírense e, sobre todo antes, celebra-lo banquete—, e que desempeña unha función semellante á dos anticorpos ó se concentraren na zona lesionada do organismo (Gondar, 1989: 69).

O velorio na casa do defunto levaba implícita a autoxestión do proceso. As mulleres, como dadoras da vida, son tamén as xestoras privilegiadas do transo. Polo xeral elas eran as que lavaban o corpo do defunto, o vestían e acondicionaban para ser exposto e velado. Para iso librábase un cuarto, deixábase a caixa colocada no centro, ou o defunto sobre a cama, alumeábase con velas e adoitaba colocarse a cruz parroquial e o caldeiro coa auga bendita. A continuación, transcribo algúns testemuños recollidos no meu traballo *Patrimonio Inmaterial de Doade* (2021: 158-160). O Sr. José Luis Toimil López describe a preparación do cuarto para velar o defunto: «*Os velorios eran na casa. Daquela non había tanatorios nin había cousas desas. Librábase un cuarto, púñase aí no cuarto, a xente pois viña, rezáballe, dáballle o pésame ós familiares. De noite se cadra tomaban un café*».

Temos máis datos ofrecidos pola Sra. Mercedes Calviño:

Esto na casa, a caixa aberta eeh. Poñíanlle unha cruz enfrente, poñíanlle unha cruz enfrente, o estandarte que era o, se iba buscar á igrexa, o estandarte o poñían alí tamén ó lado, ó lado da cruz. E logo despois poñían o que era a caixa e poñían despois como, como se chaman esas que se queiman? Como... as mariposas en aceite. E auga bendita, si, e auga bendita si, que iba a rezar, que me facía moita gracia, porque iba a rezar e poñías o cacharro da auga bendita detrás entón despois de rezar botabas a aghua bendita, a xente tamén o facía,

si, a xente tamén o facía. Si porque estaba alí para, para a xente.

A Sra. Luísa Fernández fala tamén doutro tipo de «cousas boas» coas que se adobía ao defunto para facilitar o seu transo:

Taba alí nunha habitación. Había unha habitación, poñíase alí na habitación e despois a xente iba alí. Había sillas por alí arredor pa se senta-la xente e estaban alí toda a noite ou non sei o tempo que estaban. Eu teño idea de que (o crucifixo) o traían pá casa porque antes a xente morría nas casas. Eu creo que o tiña na casa pa eso. Pa cando alghén estaba pa morrer pois poñíanlle a cruz alí na cabeceira, ou por alí.

O uso de todos estes obxectos (cruces, auga bendita, amuletos, rosarios, escapularios etc.) denominados popularmente «cousas boas» e que se puñan xunto ao morto para axudarlle na súa derradeira viaxe é outra das prácticas que se está vendo alterada ou, directamente, eliminada coa xestión do morto nos tanatorios.

Unha práctica habitual nos velorios era o banquete funerario. A xente que acudía ao velorio era convidada a cear e non faltaba tampouco a bebida (café ou caña) para todos os asistentes. A Sra. Mari Carmen Fernández Dobarro, de San Martiño, fala deses banquetes funerarios:

Si, si, en vez de ser un enterro era unha festa. Pa min hoxe. Uff, acórdome, acórdome pouco pero do que me acordo é do meu bisabuelo e fixeran, non estivo aquí e el era da parroquia do Concello do Irixe, i morrera bueno, imos comer, non sei que, primeiro enterrárono, tal. Despois fixeron cocido, igual ca unha festa así-e, Quedara xente, veciños, facendo a comida. Si, si, eso si, toda a noite (velando), si. E despois alá a xente iba cenar, e volvíaa, tal, non sei que, pero despois alá por, claro, toda a noite... a xente botaba contos.

A tradición de comer nos velorios era tan habitual que a Sra. Mercedes Calviño dinos que



Foto cedida polo autor

ata había xente que ía aos enterros só pola comida:

Había xente, me recordo, non aquí xa, eso fáloche xa de Lalín pero bueno, e aquí habería tamén pero eu non macordo, que, despois como che daban algo de, pois o café, ou ó mellor pois tomabas algo e tal, que había xente que se dedicaba a ir a, ós velatorios a quedar e decían que iban pola comida, o sea polo que lle daban, sabes?, eee, e eso si, eu que sei...

Os velorios e os enterros adoitaban ser moi concorridos, coma aínda se fai hoxe. É costume que de cada casa da parroquia vaia un representante familiar a presentar os seus respectos á familia do defunto. Que nun enterro haxa moita xente é sinal de que o veciño era ben querido ou que era unha persoa importante na comunidade ou con certo rango. A Sr. Mercedes Calviño fala de canta xente acudir ao enterro do seu avó e da necesidade de apuntalar a sala do velorio para evitar que o piso caera abaixo como xa tiña acontecido noutros velorios:

O tema este mira, eu macordo, eu na miña casa deso non macordo, que mo contan que eu tiña seis anos cando morreu meu abuelo pero creo que, imáinate como era daquela pos que o comedor onde o iban a poñer, pois que tiveron que apuntalalo, sabes?, houbo que apuntalalo pa que a xente non se viñera pa baixo porque bueno, era un home bastante conocido e entón se contaban con moita xente, e tiveron que apuntala-lo, o comedor para abaixo e se iba e botabas alí, os veciños a xente máis cercana botaba alí a noite pos de contos, logo despois se facía café, se sacaba agardente e botábase alí de noite pois de contos toda a noite.

Nos velorios actuais, reclusos nun tanatorio a miúdo fóra da aldea ou da parroquia, pasamos do social ao privado, do comunitario ao individual ou familiar. Como exemplo desta tendencia cara á privacidade e o illamento no rito funerario, transcribo o texto que figu-

ra na web da funeraria San Marcos³ ao falar dos servizos que ofrece o tanatorio de Marín: «*El Tanatorio de Marín, es un edificio concebido para proporcionar una estancia agradable a los familiares de los fallecidos en momentos tan duros. La ubicación, así como el aislamiento de la edificación permiten preservar en todo momento la intimidad de los familiares*».

O velorio do cadáver no tanatorio vén rexido pola lei, non polo costume. Segundo o Artigo 10 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, a zona de exposición do cadáver deberá constar, como mínimo, de dúas áreas incomunicadas entre si e separadas por unha cristaleira impracticable: unha área para a exposición do cadáver, que debe contar con refrixeración para asegurar unha temperatura entre 4 e 8 graos centígrados e disporá dun termómetro indicador visible desde o exterior; e unha segunda área para o dó.

É moi significativo e esclarecedor de como se concibe na actualidade a morte que a propia normativa instaure legalmente a separación entre vivos e mortos a través dunha barreira física que impide tocar ou bicar ao morto. Algo que era e é frecuente cando se vela ao defunto na casa. A normativa, a través da instauración desta barreira física, impide o último contacto co morto, a despedida física, segundo as necesidades emocionais de cada persoa, e a posibilidade de tocar o cadáver, algo moi necesario en certos casos de morte traumática onde a familia precisa este acto de tocar ao morto para constatar que a morte do seu ser querido é real, para dar a última despedida, aberta ou bico e para axudar a aceptar o sucedido. Perdemos, pois, valiosos mecanismos que axudaban á xestión do dó.

4/ O traslado do morto

Ata hai unhas décadas o traslado do corpo desde a casa ata a igrexa e o cemiterio facíase

3 <https://funerariasanmarcos.es/centro/tanatorio-marin>

a pé ou en carro. Eu mesmo aínda teño participado nalgún traslado a pé hai apenas doce anos. O traslado a pé configúrase como un rito de acompañamento do cadáver no seu último percorrido da casa ao campo santo onde gardará eterno descanso, segundo a crenza xeral. No percorrido o cura e sancristán abren a comitiva e os veciños e familiares acompañan ao morto levando a caixa a ombreiros algúns dos máis achegados. Sucédense os responsos e ofrecementos pola ánima do defunto. A comitiva percorre unha xeografía da morte perfectamente estruturada desde a antigüidade e por todos coñecida e respectada, é o camiño dos defuntos que leva ao cemiterio, cos seus cruceiros, pousadoiros e petos de ánimas. Todo o proceso vai acompañado dunha comunicación sonora a través dos toques de

campás que marcan cada etapa do proceso, facendo partícipe a toda a comunidade.

A nova normativa establece que o traslado do cadáver debe ser en coche fúnebre. O artigo 13 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia cita os medios de transporte permitidos: «o transporte de cadáveres ou restos cadavéricos só se poderá efectuar nos medios de transporte enumerados no presente artigo» e que serán coches fúnebres, furgóns de ferrocarril das características que sinalen os ministerios competentes e avións ou buques de acordo coas normas que rexan nos convenios internacionais e que esixan as compañías de navegación aérea ou marítima. A consecuencia é que se priva á comunidade dese acompañamento pausado e despedida colectiva da última viaxe, cousa



Fotos cedidas polo autor

que, por outra banda, agás en pequenas vilas ou aldeas, é xa case imposible nos núcleos urbanos actuais onde as necesidades da vida serían incompatibles coa organización de semellante comitiva mortuoria polas rúas e, ademais, as distancias entre hospital, casa ou tanatorio, e a igrexa e o cemiterio adoitan ser longas. Pero a eliminación do traslado a pé tamén supón á desaparición, desuso ou esquecemento de determinados elementos etnográficos do noso patrimonio cultural referentes á cultura da morte e o desdebuxamento do «camiño dos mortos» como elemento artellador

da construción cultural da paisaxe nas zonas rurais.

5/ A xestión dos restos mortais

Ata finais do século pasado só había unha opción en Galicia para xestionar os restos mortais: a inhumación ou enterro. O 21 de xuño de 1994, a Empresa Mixta de Servizos Mortuorios de Vigo inauguraba no Tanatorio de Pereiró o primeiro forno crematorio de cadáveres humanos de Galicia. A partir desa data e ata a actualidade, as persoas contan con dúas alternativas para facerse cargo dos seus restos



Foto cedida polo autor

tras o falecemento: a inhumación e a cremación.

A inhumación ou enterro tradicional pode levarse a cabo en fosa, nicho ou panteón. A normativa vixente define o cemiterio como:

El recinto cerrado adecuado para inhumar restos humanos, que cuenta con la oportuna licencia municipal y demás requisitos reglamentarios. Dentro de sus límites podrán existir instalaciones o establecimientos funerarios descritos en este decreto.

Cenicero: depósito para los restos cadavéricos.

Cenizas: lo que queda de un cadáver, restos humanos o restos cadavéricos tras la incineración.

Columbarios: depósitos para urnas con las cenizas procedentes de la incineración.

En canto á localización dos cemiterios de nova construción, esta vén regulamentada no Artigo 25. Localización de cemiterios de nova construción:

1. *O emprazamento dos cemiterios de nova construción virá determinado nos instrumentos de planeamento municipais. No caso de que non exista planeamento, a entidade local recadará o parecer das consellerías con competencias en ordenación do territorio e patrimonio cultural, respectivamente.*
2. *Arredor do solo destinado á construción dun novo cemiterio establécese un perímetro de 50 metros de largo totalmente libre de todo tipo de construción, medida a partir do peche exterior do cemiterio. Para os efectos previstos neste artigo, poderán situarse dentro dese perímetro os edificios e instalacións de carácter relixioso ou destinados a servizos funerarios.*

Xa desde o século XIX, aludindo a problemas de saúde pública e medidas hixienistas, marcáronse as bases legais para as construcións dos novos cemiterios en situacións periféricas aos núcleos urbanos, cousa que suscitou moita resistencia no seu tempo, dilatando anos estes proxectos (Durán et al., 2006). Unha Circular de 28 de xuño de 1804 establecía as bases para a construción dos camposantos, insistindo no

xa exposto na Real Cédula de 3 de abril de 1787, emitida por Carlos III, relativa ao uso e construción das necrópoles. Esta Circular indicaba que os cemiterios deberían localizarse en: «*Parajes bien ventilados y cuyo terreno por su calidad sea el mas a propósito para absorber los miasmas pútridos, y facilitar la pronta consumación y disecación de los cadáveres, evitando el mas remoto riesgo de filtración o comunicación con las aguas potables del vecindario*» (Durán et al., 2006: 442-446).

As ordenanzas urbanas actuais son continuistas desta política e tenden a construír os cemiterios nas aforas das vilas, afastando e illando cada vez máis aos mortos da comunidade dos vivos. Rómpease así a tradicional convivencia que existiu en Galicia entre a parroquia dos vivos e a parroquia dos mortos. Relación marcada física e xeograficamente pola existencia do cemiterio xunto á igrexa, conformando o núcleo de centralidade da parroquia ao redor do adro. Un espazo de celebración, de socialización, de xogo e de festa onde os vivos conviven e comparten espazo cos mortos.

En canto á cremación, as cinzas do defunto poden depositarse nun columbario, levarse para casa da familia ou botalas en determinados lugares permitidos legalmente. A normativa sobre a incineración de cadáveres establece no artigo 23 do citado decreto que:

1. *A incineración de cadáveres poderase realizar unha vez obtida a licenza de enterramento, despois das 24 horas e antes das 48 horas posteriores ao falecemento, con excepción dos cadáveres conservados, conxelados ou embalsamados, que se rexerán polos prazos previstos no presente decreto.*
2. *As cinzas resultantes da incineración colocaranse en urnas destinadas para o efecto, no exterior das cales figurará obrigatoriamente o nome do defunto, e serán entregadas á familia ou ao seu representante legal para o seu posterior depósito en sepultura, columbario, propiedade privada ou outro destino compatible coas normas ambientais e sanitarias vixentes.*

A elección dun ou outro método vén marcado pola tradición, as crenzas relixiosas do defun-

to e da familia e polas posibilidades económicas e dispoñibilidade de espazo. Nas cidades, a falta de espazo para cemiterios e para albergar en tumbas a todos os falecidos anualmente, así como o encarecemento dos nichos fai que se opte a miúdo pola cremación. Nas zonas rurais esta falta de espazo e encarecemento non é tan acusada e a inhumación segue sendo o máis habitual.

En canto á incineración, España é o país de Europa con máis fornos crematorios. Segundo datos do ano 2023 subministrados pola Asociación Nacional de Servicios Funerarios en España, existen 537 crematorios e 17.682 cemiterios (datos do 2021). En Galicia o número de crematorios está na vintena, o que supón

un 5,58 % do total do estado. A porcentaxe de cremacións entre os falecidos é do 45,5 % (datos 2020) e supón unha práctica máis común en zonas urbanas que en rurais. De todos os xeitos, esta forma de xestión do cadáver triplícouse en quince anos.

O incremento da cremación, incluso entre os católicos, levou a que a Igrexa católica ditase en outubro de 2016 novas regras para a cremación, que se recollen no documento *Para resucitar con Cristo (Ad resurgendum cum Christo)*. Establécese que a cremación dos defuntos «*non é contraria á doutrina da Igrexa*», pero dispóñense rixidas regras sobre a conservación das cinzas. O propio papa Francisco sinalou que «*non está permitida a conservación das cinzas no fogar*», excep-



Foto cedida polo autor

to en «casos de graves e excepcionais circunstancias», e en ningún caso «poden ser divididas entre os diferentes núcleos familiares». Proíbese que se boten na natureza ou se garden na casa. Segundo o pontífice, os restos incinerados deben «manterse nun lugar sagrado». En concreto, «no cemiterio ou, se é o caso, nunha igrexa ou nunha área especialmente adicada a tal fin pola autoridade eclesiástica competente». O texto deixa clara a preferencia da Igrexa católica pola inhumación en sepultura pois ten a vantaxe, segundo explican, de «que favorece a compaixón e o respecto aos corpos así como a lembranza e a oración», pero a cremación é unha alternativa relixiosamente válida.

Malia os cambios acontecidos na normativa de cemiterios, na forma de xestionar os restos mortais ou no eido das crenzas relixiosas, as cerimoniais funerarias relixiosas, en datos do 2020, foron o 86,4 %, fronte ao 13,6 % de cerimonia civil.

6/ Cambios na comunicación do falecemento

Todas estas transformacións, velorio do morto en tanatorios fóra da comunidade, cemiterios afastados do núcleo urbano ou o traslado do cadáver de forma anónima en coches, entre outros, afectou, case ata a desaparición, aos tradicionais mecanismos de comunicación sonora do transo, nomeadamente, aos toques de campás.

Os toques de sinos a defuntos (Quintía e Rodríguez, 2017: 70-72) son aqueles toques que se dan cando falece algún veciño da parroquia. Dependendo das parroquias temos distintos matices nos toques. Había parroquias que indicaban mediante o toque dos sinos non só o sexo, estado civil ou idade aproximada, senón tamén o barrio do finado ou a confraría a que pertencía o defunto, polo que os toques poden ter distinta forma e cadencia. Podemos distinguir os seguintes toques a defunto:

— **Toque de Anxeliño:** Un Anxeliño era un neno que morría antes de recibir a Primei-

ra Comunión (aos 7 anos aprox.) ou incluso calquera neno menor duns 12 anos. O toque que se daba para anunciar a morte dun Anxeliño é distinto do que anunciaba o falecemento dunha persoa de maior idade. Nalgunhas parroquias tocábase tamén cunha campá distinta.

— **Toque de defunto muller:** Cando a defunta é unha muller o toque de defunto é distinto do que se dá cando falece un varón. Se o patrón da parroquia é muller danse tres toques pola muller e dous polo home, en ambos os dous casos seguidos dunha carreira (repetidos toques de campá todos seguidos). Nalgunhas parroquias o número de toques son catro e tres.

— **Toque de defunto home:** Tipo de toque que se dá cando o defunto é un home. Presenta variacións dunha parroquia a outra segundo o patrón da mesma sexa un home ou unha muller, é dicir, un santo ou unha santa. Se o patrón da parroquia é home danse tres toques polo home máis a carreira e dous toques máis a carreira pola muller. Nalgunhas parroquias o número de toques son catro e tres.

O toque de defunto ten varias fases ou etapas. Primeiro comézase cuns toques para anunciar a morte cando o defunto aínda está na casa. No traslado ata igrexa séguense tocando as campás. Cando o defunto chega ao adro da igrexa faise un toque distinto aos anteriores, ben se acelera o toque ben danse dúas badaladas na campá pequena e unha na campá grande. Tamén se toca cando o morto sae da igrexa camiño do camposanto e incluso antigamente había un toque especial para o momento xusto en que o defunto era introducido no nicho ou na fosa, era o chamado toque de «tocar a terra». Os toques que se dan desde que sae o defunto da casa ata que chega á igrexa adoitan chamarse «acompañamento».

Xa que logo, a estrutura do toque de defuntos sería a seguinte:

- **1º sinal:** anuncio da defunción, normalmente neste toque xa se indica se é home ou muller, neno ou nena ou neno sen bautizar.
- **2º sinal:** toque de defunto
- **3º sinal:** cando sae o cura para buscar o defunto
- **4º sinal:** cando chega o defunto á igrexa
- **5º sinal:** cando se sae co defunto da igrexa camiño do cemiterio
- **6º sinal:** cando se enterra o defunto
- **Toque de entrada de defunto:** Nos funerais de corpo presente adóitase dar un toque de campá especial para o momento no que se introduce o cadaleito no recinto da igrexa, previamente á celebración do funeral.
- **Toque de cabo de ano ou funeral aniversario:** Tocábase para marcar o aniversario da morte dun veciño, ben para indicar o funeral dos 6 meses, ou ao cabo de ano. Neste toque non se diferenciaba entre home e muller, cómpre lembrar que o cura sempre anuncia na misa do domingo os cabodanos e funerais a celebrar durante a semana. Tócase no propio día do aniversario e, ás veces, tamén na véspera.
- **Toque a ánimas:** toque, hoxe desaparecido, que se executaba todos os días ás 20 h en inverno e ás 21 h no verán e que se facía como homenaxe ou recordatorio das ánimas.

Toda esta riqueza de toques de campás, esta profunda e complexa linguaxe sonora antano compartida pola comunidade hoxe, malia ser declarado ben e interese cultural de patrimonio inmaterial a nivel de toda España, está en perigo de desaparición debido á falla de uso, ao descoñecemento xeneralizado dos seus sig-

nificados e a desaparición dos campaneiros que os poidan executar.

As novas tecnoloxías que afectan aos medios de comunicación e as redes sociais fan tamén que as necrolóxicas impresas, os recordatorios e as notas necrolóxicas en prensa cada vez sexan máis escasas e se opte por comunicar o falecemento de xeito máis selectivo e discreto aos achegados vía telefónica, WhatsApp, con notas en Facebook ou incluso en Instagram e outras redes sociais. As novas tecnoloxías desbancan ás vellas formas de comunicar, máis colectivas e propias de sociedades e tempos onde o falecemento dun veciño era un suceso que afectaba a toda a comunidade.

CONCLUSIÓNS

Concluimos este artigo condensando de xeito breve algunhas das ideas máis salientables que se poden extraer deste traballo no que pretendemos abordar de xeito limitado un fenómeno tan complexo e multifactorial como é o da transformación dos ritos funerarios na Galicia actual. Sirvan as seguintes notas como conclusións finais do texto:

- 1/ O cambio ideolóxico** sufrido, sobre todo, na sociedade rural galega produce fondas transformacións no ritual funerario. O incremento da mentalidade individualista, o materialismo propio da sociedade capitalista, o laicismo dos estados modernos ou o xurdimento de novas relixións son algúns destes factores de carácter ideolóxico.
- 2/ O cambio social** provoca novas formas de xestionar os mortos e de relacionarnos entre nós e con eles.
- 3/ Detéctase** unha maior presenza do Estado en todo o que ten que ver coa morte e unha crecente burocratización do proceso. As normativas legais regulan cada fase do proceso dificultando ou prohibindo parte dos ritos que tradicionalmente eran co-

múns nos momentos da morte, sobre todo no ámbito rural.

- 4/ O cambio cultural xera unha nova forma de interactuar coa morte e de integrala. Existe un claro proceso de aculturación na sociedade galega que está ocasionando a perda de sofisticados e valiosos mecanismos vernáculos eficaces para xestionar de forma natural o dó, creando un baleiro existencial que ocasiona, con frecuencia, graves trastornos psicolóxicos por non ter ferramentas como individuos e como colectividade para xestionar o irremediable.

Bibliografía

Antón, F. M. & Mandianes, M. (1989). *O ciclo da vida*. Ir Indo edicións.

Cabañero-Martínez, M.J., Nolasco, A., Melchor, I., Fernández-Alcántara, M., & Cabrerro-García, J. (2020). Lugar de falecemento de las personas con enfermedades susceptibles de cuidados paliativos en las diferentes comunidades autónomas de España. *Anales del Sistema Sanitario de Navarra*, 43(1), 69-80. <https://dx.doi.org/10.23938/assn.0856>

Cuba, X. R. (2005). Ánimas, aparecidos e mortos en compañía na tradición galega. *Actas das III Xornadas de literatura de tradición oral. Mitoloxía da morte: agoiros, ánimas e pantasmas*, pp. 81-93

Durán Villa, F. J., Sánchez García, J. A. & Fernández Fernández, C. M. (2006). Asilos de la muerte. Higiene, sanidad y arquitectura en los cementerios gallegos del siglo XIX. *SEMATA. Ciencias Sociais e Humanidades*, 17, pp. 435-472.

Gondar, M. (1989). *Romeiros do alén. Antropoloxía da morte en Galicia*. Edicións Xerais de Galicia.

López de Abajo, B. (2006). Convivencia con la muerte. Reflexiones de un médico forense rural. *SEMATA. Ciencias Sociais e Humanidades*, 17, pp. 511-522.

Lorenzo, X. (2004). *De varia etnografía*. La voz de Galicia.

Quintía, R. (2022). *Pola graza de deus. A relixiosidade popular en Galicia*. Ab Origine Edicións.

Quintía, R. (2021). *Patrimonio Inmaterial de San Pedro de Doade. Ourense: A Formiga Rabicha*.

Quintía, R. (2017). *Universos simbólicos. Olladas ao redor da cultura e da identidade galega*. Pontevedra: Ab Origine Edicións.

Quintía, R. & Rodríguez, R. (2017). *A linguaxe das campás. Etnografía dos sinos*. Pontevedra. A. C. Os Chichisos.



CONTOS

INFANCIA E
FANTASÍA: O PODER
TRANSFORMADOR
DOS CONTOS E O
SEU IMPACTO NO
DESENVOLVEMENTO

María Ángeles Goás Amado

*Mestra, Colexio La Salle Santiago de Compostela.
Contadora de contos, Asociación de Narración Oral
Galega (NOGA)*

contosangelesgoas@gmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Goás Amado, M. A. (2024). Infancia e fantasía: O poder transformador dos contos e o seu impacto no desenvolvemento. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 17, pp. 50–59. <https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

RESUMO

Este artigo fala do valor dos contos ao longo da historia e da importancia de crear espazos para a narración no contexto actual. Recuperar o contar e a tradición oral nas familias é fundamental para o crecemento e benestar da infancia.

PALABRAS CHAVE — Narración oral, contos, fantasía, tradición, desenvolvemento, arte.

ABSTRACT

This article discusses the value of stories throughout history and the importance of creating spaces for storytelling in the current context. Reviving storytelling and oral tradition within families is essential for the growth and well-being of children.

KEY WORDS — Oral storytelling, tales, fantasy, tradition, development, art.

Hai moito, moito tempo, nun lugar de Abadín chamado A Torre, unha muller sentaba a unha nena no seu colo e contáballe así:

Un día a María da Rosa e mais eu fomos ao muíño de Goás moer un ferrado de trigo. E foi chegar ao muíño e ver un meniño espido, pequeniño, morto de frío... e nós collémolo e levámolo para a casa e quentámolo na lareira... E cando lle pareceu, o meniño escapou pola cheminea dicindo: «Tataratí e tataratú as nenas do muíño quentáronme o cu!».

Esa nena é a que agora lembra e escribe, esa nena garda na memoria o inmenso pracer que foi para ela escoitar contos e, un pouco máis tarde, empezar a lellos.

E son consciente de que esas narracións, eses contos transmitidos de xeración en xeración, teñen un impacto significativo no mundo interior dos nenos como tiveron en min no seu momento.

Sempre me gustou escoitar e tiven moita curiosidade polas historias que se contaban na miña casa, un lugar onde, no día a día, pasaba moita xente a tomar café e a botar un conto.

E, foi na escola, o día que comecei a traballar como mestra de infantil, cando presenciei por primeira vez en vivo e en directo a maxia dos contos desde o lugar dunha contadora. Lembro que aquelas pequenas persoas que choraban por atoparse por primeira vez nunha contorna descoñecida cunha adulta descoñecida ían calmando a ansia de chorar a medida que escoitaban os contos que eu lles contaba.

Foi coma se aquelas criaturas se visen transportadas a un lugar diferente, coma se fixesen un nobelo que envolvese todos os seus medos mentres escoitaban, coma se lles fixese esquecer que estaban naquel lugar e os mergullasen nunha contorna máxica e segura. Iso son os contos: un lugar amparador para vivir experiencias, para emocionarse, para aprender, para satisfacer moitas curiosidades que xorden nas mentes infantís... Os contos son un alimento máis para os nosos nenos e nenas. A oralidade nutre a nivel psíquico e lingüístico

desde os primeiros minutos de vida, cando nos arrolan, cando nos cantan, cando nos contan con esa prosodia e musicalidade da lingua materna.

Pero isto non é de agora. Desde sempre, os contos foron un medio para comunicar e transmitir saberes e valores e representan un recurso moi efectivo no ensino e na transmisión de información. A arte de narrar contos é a máis antiga e coñecida e constitúe unha das primeiras formas conscientes de creación literaria.

Os nosos devanceiros compartían historias que axudaban a crear vínculos entre eles, que os mantiñan unidos, ao mesmo tempo que lles servían para explicar os misterios da humanidade: a orixe da vida, a creación do mundo, a morte ou a saída do sol... Compartían a sabedoría que acompañaba a cada relato e isto supoñía un ben para eles tanto a nivel persoal como grupal.

Pero tampouco hai que ir tan lonxe para atopar evidencias da tradición oral. A nós quédanos máis próximo o tempo dos nosos pais e avós, pois o contar formaba parte das súas vidas e cumpría unha importante función social nas pequenas comunidades rurais. Nas aldeas, a xente xuntábase para facer os traballos e durante e despois das tarefas cantábase e contábase. Moitas lareiras da nosa Galicia tiveron a oportunidade de dar calor nas longas noites de inverno acompañadas pola palabra de tantos contadores para os que contar contos era tan natural como respirar. Non hai máis que escoitar narrar aos nosos maiores para darnos conta de que o fan dunha maneira especial e de que teñen abondo repertorio de contos, lendas e cantos almacenados na súa memoria.

Eu aínda lembro algunha cousiña que me contaron de pequena coma a *Lenda do Xan de Candia*, *A pega e o raposo* ou o conto do *Camilo e o xigante* que podemos atopalos hoxe en *Galicia Encantada: Mitos, contos e lendas galegas* que, con

tanto agarimo, recolle e pon a disposición de todas as persoas Antonio Reigosa.

Ese legado foise mantendo na memoria colectiva das comunidades e foise transmitindo de xeración en xeración. O que pasa é que esas historias vanse deixando de contar a medida que perden significado na sociedade e moitas delas fóronse perdendo e outras vanse adaptando e cambiando segundo as necesidades e as circunstancias do momento. Aínda así, temos a sorte de contar coas que puideron preservarse tanto na páxina citada anterior-

mente como en diferentes catálogos e recompilacións.

Dinos Camiño Noia no limiar de *Contos galegos de tradición oral*:

Galicia, que viviu unha situación de atraso socio-cultural durante máis tempo que moitos países europeos, puido manter viva a tradición oral ata, practicamente, a década dos anos setenta. Mais, a partir desas datas, a emigración de familias enteiras ás cidades de Galicia e ao resto de Europa cambiou completamente as formas de vida da sociedade rural



Foto: Gabrielle Meschini

e, como consecuencia, contou a cadea de transmisión da literatura oral. Hai máis de trinta anos, pois, que os rapaces galegos non reciben os contos tradicionais da boca dos seus pais e avós e, en moi pouco tempo, as xeracións vindeiras descoñecerán o importante legado que supuxo esa forma de cultura espontánea e natural do pobo galego. Pero eses contos, coma as cántigas e os ditos populares, son un patrimonio que forma parte da lingua e da vida dos nosos devanceiros e, o mesmo que os monumentos arquitectónicos, deben ser conservados.

Estas palabras datan do 2002. Se daquela había trinta anos que a rapazada non recibía os contos tradicionais da boca dos pais, hoxe podemos dicir que hai máis de cincuenta e que a tradición oral foi esvaecendo bastante na nosa contorna. Agora o mundo vai a fume de carozo e tendemos a comunicarnos dun xeito

máis superficial e parándonos pouco co que nos rodea. Moitas familias séntense acoradas polas esixencias laborais, os compromisos sociais e as actividades dos fillos e fillas e queda pouco tempo para a interacción familiar en profundidade. Fomos perdendo espazo de conversas para dar lugar ao uso do televisor e doutro tipo de pantallas e todos sabemos que, nos fogares actuais, hai un lugar privilexiado para internet. Todo isto vai consumindo ese tempo que antes se dedicaba ás conversas ou aos contos, ese tempo que contribuía a estreitar os lazos na familia e creaba un ambiente seguro e libre para expresarse.

Doutra banda, estamos vendo que a nenez tende a ter cada vez máis actividades extraescolares, co cal o tempo non escasea so para os maiores, senón tamén para os pequenos. Ás veces semella que comezan a vivir estresados



Foto: Tima Miroshnichenko

desde ben pequenos porque teñen que aprender inglés, chinés, danza, xadrez... e tantas outras disciplinas que as familias consideren imprescindibles para a súa formación e para ser os mellores. O traballo e os compromisos extracurriculares tenden a deixar pouco espazo para a interacción familiar profunda e, esta falta de comunicación, pode ser significativa no desenvolvemento emocional e social da infancia, levando a dificultades na comunicación e no manexo das emocións tanto nos nenos coma nos adultos.

Non sei se será por iso que empeza a parecer que os nenos non saben escoitar e, cando chegan á escola, os mestres queixámonos de que cada vez prestan menos atención. Eu estou convencida de que este problema se debe, sobre todo, a que esta forma de vida que levamos agora acelerada e de sobrecargas non é a máis axeitada para educar e axudar ao desenvolvemento infantil.

Neste remuíño da vida que parece que nos come, de cando en vez, podemos e debemos facer pausas. Cando paramos a contar un conto aos nosos nenos e nenas estamos creando unha conexión auténtica con eles, dedicámoslles plena atención. Esta comunicación tende a ser emocional e aí, ademais de estar recibindo a nosa atención, o noso afecto e o noso tempo, estamos alimentando a súa autoestima porque lles facemos sentir que os queremos e que son importantes para nós.

Coas narracións podemos contrarrestar un pouco a Era Dixital na que vivimos, froito da rápida evolución tecnolóxica e onde se nos incita a modificar constantemente a nosa forma de vivir e de relacionarnos. Vivimos nun mundo interconectado que nos aporta ferramentas que facilitan a conexión e o intercambio de información, pero, por outra banda, aínda que soe contraditorio, afasta aos membros da familia entre si e lévanos a perder as conexións interpersoais naturais e tamén certas tradicións da nosa infancia, coma o feito de compartir historias ou dedicar tempo simplemente

a falar. Ás veces semella que estas actividades quedan gardadas para a escola, a televisión ou a narración profesional.

Hai quen di que, hoxe, o máis valioso que temos as persoas é o tempo. E cando na familia se comparten momentos, cando se regala tempo, cando se contan historias, estamos enviando unha mensaxe moi importante aos nosos fillos e esa mensaxe é, simplemente, que nos importan. Narrar é darlles momentos, miralos aos ollos e deixar que vexan máis aló das palabras, narrar é deixar por un anaco ese mundo acelerado no que estamos mergullados e facer que os nosos pequenos sintan a felicidade de saber que son o máis importante para nós.

Tamén estamos vendo que hai unha tendencia a usar os contos coma se fosen medicamentos, pequenas píulas que resoven problemas específicos; as familias buscan solucións para a superación dos celos, para deixar o cueiro, para explicar a morte... e, en efecto, debemos recoñecer o valor dos contos como ferramentas terapéuticas. Hai dificultades e problemáticas que se poden traballar con axuda das narracións coma, por exemplo, os medos, ansiedades, problemas de conduta, rivalidades, perdas, cambios familiares... Isto non é nada novo, porque a utilización dos contos con fins terapéuticos é tan antiga coma a propia humanidade.

O que é relativamente novo é buscar escribir ou contar contos «seguros» que evitan os problemas ou que os tratan con demasiada lixeireza, contos onde se trata de protexer aos nenos a toda costa da realidade, onde non hai malos, onde os lobos son bos e non teñen fame de comer Carapuchiñas. E, cando se crea un conto coa intención de levar a un neno a un terreo determinado, o resultado, normalmente, é insulso e, seguramente, non teñamos tanto éxito nin a historia chame tanto a atención. Por iso, Bruno Bettelheim fala deste xeito:

Moitos pais están convencidos de que os nenos deberían presenciar tan so a realidade consciente ou as imaxes agradables e que colman os seus desexos,

é dicir, deberían coñecer unicamente o lado bo das cousas. Pero este mundo dunha soa cara nutre a mente de modo unilateral, pois a vida real non sempre é agradable [...].

As historias modernas que se escriben para os nenos evitan, xeralmente, estes problemas existenciais, aínda que sexan cruciais para todos nós. O neno necesita máis que ninguén que lle dean propostas, en forma simbólica, de como debe tratar con tales historias e avanzar sen perigo cara a madurez. As historias «seguras» non mencionan nin a morte nin o envellecemento, límites da nosa existencia, nin o desexo da vida eterna. Mentres que, pola contra, os contos de fadas enfrontan debidamente ao neno cos conflitos humanos básicos.

Os contos tradicionais axúdannos a traballar de forma inconsciente porque conteñen símbolos e arquetipos que representan emocións, conflitos e desexos humanos. Ao identificarse con estes símbolos, as persoas poden procesar disputas internas sen ter que confrontalas directamente, tamén nos permiten reflexionar, conectar cos nosos pensamentos e sentimentos de maneira máis profunda para axudarnos a sandar feridas emocionais e facilitar o acceso á sabedoría interna promovendo, así, o crecemento persoal.

Malia todo isto, o que nunca debemos esquecer é que hai un motivo suficientemente importante para contar contos aos nenos e é que lles encanta. Como mestra e contadora, podo dar fe disto. Así que na busca das historias debemos ter sempre en conta o pracer que producen. Día tras día observo que ata os nenos máis inquedaos sucumben ante a maxia da narración de contos. Aínda así, non pensemos que todos os contos son iguais, a infancia é esixente á hora de escoitar e precisa de calidade literaria e bos materiais.

Tamén me atrevo a dicir que, pola curiosidade innata que temos, a estas persoas pequenas tamén lles gusta escoitar anécdotas persoais. Xa sabemos que os contos veñen e van, os contos vanse fiando uns con outros e levan á

conversa e a seguir compartindo a outros niveis. A min gústame moito iniciar conversas na aula partindo de algo que me pasou e, desde aí, dar pé a seguir conversando e contado, porque un conto chama outro e así é como se van enganchando, uns con outros.

Recentemente estaba na aula co meu alumnado de 4 anos e foise a luz. As nenas e nenos empezaron a rir e a berrar pola situación e eu uninme á festa. En nada lembrei algo que me pasou de pequena e conteilles:

Un día, cando eu era pequena, estaba ceando na casa dos meus avós e marchou a luz. Como era de noite quedamos completamente ás escuras e, naquela escuridade, pensando que ninguén me ía ver, aproveitei para estirar o brazo ata o azucreiro que estaba enriba da mesa, collín a culler que había dentro cargada de azucre e metína na boca... E xusto cando a metín na boca volveu a luz!

Escoitaron con suma atención os segundos que durou a narración e despois empezaron a seguir o fio:

- *Un día, na miña casa, estropeouse a luz e o meu papá chamou a un señor que arregla a luz e arreglouna.*
- *Cando era pequeno foise a luz e estaba na miña casa durmindo e despois escondínome debaixo da cama.*
- *Un día, cando Oliver durmiu na miña casa, a luz estropeouse, pero collemos a lanterna e a luz volveu súper rápido.*
- *Un día, na miña aldea, cando se apagou a luz, tiñamos unha lanterna e non funcionaba porque non tiña pilas e puxémoslle pilas e xa funcionou.*
- *Un día, estaba na sala vendo os debuxos e todas as luces estaban apagadas e fun para a cociña e apagouse a luz, fun para a cama e apagouse a luz e despois fíxose de día e seguiron todas as luces apagadas.*

É moi fermoso contar e deixar que che conten, un xeito de compartir que crea lazos e xera un ambiente de confianza na aula. Quen comparte deste xeito sinte que esperta interese



Foto: Archee Lal

polo que quere contar e descubre o valor de que os outros tamén contan.

Como di Sara C. Bryant «*os contos son, ante todo, pequenas obras mestras. Son fontes de distracción que inspiran e motivan tanto ao oínte coma ao narrador*». Polo tanto, o obxectivo principal de contar un conto é que os nenos se marabilen e todo o demais virá engadido.

Os contos de fadas, as fábulas e os mitos cativaron as nosas infancia e as infancia dos nosos devanceiros porque foron capaces de transportarnos a terras recónditas onde vivían heroes e criaturas fantásticas. Estas historias non so entreteñen, tamén son útiles para traballar a distintos niveis, por iso non podemos esquecer a morea de beneficios subxacentes a elas.

Os contos son reflexo das vivencias humanas. Cando un neno se mergulla no mundo fantástico pode escapar do lugar onde está e experimentar emocións que lle axudan a procesar as súas propias vivencias e sentimentos. Os di-

ferentes personaxes que aparecen nos contos, princesas, magos, dragóns... son vehículos de exploración de conceptos coma a amizade, a valentía ou a superación de obstáculos.

Identificarse cos protagonistas non supón ningún esforzo e, así, viven as súas propias experiencias a través desas historias que, por riba, na maioría dos casos chegan a un final feliz e isto sempre vai deixar unha sensación de benestar.

A infancia é un período no que a imaxinación e a fantasía xogan un papel de grande interese para o desenvolvemento. Os contos e as historias son potentes ferramentas que permiten aos nosos pequechos abrirse a descubrir e explorar novos mundos con diferentes realidades e perspectivas e, así, expandir a súa creatividade e, tamén, aprender leccións sobre a vida.

Os contos son portas abertas cara a aventura, permiten que acompañemos ao heroe que sae da súa aldea, onde se sente seguro, para vivir unha aventura e para facer unha viaxe que nunca sabe como vai acabar. Poñémonos en camiño con el e imos recreando a historia na nosa mente, unha historia única, diferente da historia que crea calquera outra persoa que a escoite ao noso carón. E así, deste xeito, os nenos e nenas van desenvolvendo a imaxinación e a creatividade, porque calquera oínte é coautor da historia, imaxinando personaxes e creando os contextos pertinentes na súa mente.

As historias tamén proporcionan un gusto polo dramático e a través do xogo dramático aparece a expresión de emocións, sentimentos e necesidades. Ás veces hai cousas que non se atreven a dicir e, grazas a poder meterse dentro do personaxe dun conto, terán a posibilidade de expresalo.

Desde o punto de vista da psicoloxía do desenvolvemento, a narración oral tamén fomenta

habilidades cognitivas como poden ser a memoria ou a atención e favorecen os procesos de construción do pensamento e da linguaxe, sentando as bases para a adquisición da lectura, mellorando e ampliando o vocabulario, proporcionando confianza nos propios recursos e despertando a curiosidade por aprender cousas novas.

Ademais de ser entretidos, os contos tamén son unha ferramenta no desenvolvemento emocional dos nenos, é por isto que desde a psicoloxía se reconece a importancia da fantasía e a narración de contos na infancia na construción da identidade, na creatividade e a resiliencia emocional dos nenos. A narración oral sempre brinda un espazo seguro para coñecer, identificar e integrar as emocións e procesar situacións complexas.

Así mesmo, serven para desenvolver o sentido do humor, son vehículos para traballar valores e aumentan a capacidade para interaccionar coa contorna social. Ofrecen a posibilidade



Foto: Laura Fuhrman

aos nenos de identificarse cos heroes e, así, enfrontar desafíos e resolver conflitos dunha maneira simbólica. Esta experiencia axúdalles a fortalecer a súa autoconfianza, a desenvolver habilidades sociais e a comprender mellor o mundo que nos rodea.

En conclusión, os contos atraparon desde sempre ao ser humano e foron un moi bo recurso de transmisión de coñecementos e valores. Ao abordar a comunicación familiar e a narración de contos no contexto actual, é preciso recoñecer os retos que proxecta o noso mundo tan marcado pola tecnoloxía e no que a tradición oral se vai perdendo. Sería interesante promover espazos e oportunidades para reconectar coas conversas e os contos nas familias.

A combinación de infancia, fantasía, contos e narración oral é unha poderosa ferramenta para enriquecer a vida dos nenos, promovendo o seu desenvolvemento integral a nivel cognitivo, emocional e social. Ao fomentar a narración de contos e o mundo da fantasía na infancia, constrúese unha cimentación sólida para o crecemento e o benestar dos nenos no seu camiño cara a adultez.

Así que quedemos cos contos, coa súa sonoridade, co seus ritmos e deixémoslles que nos axuden a atopar o sentido da vida, a entendernos e a entender aos outros, a establecer relacións significativas. Contemos no escano detrás da cociña, á calor da lareira, no salón, no parque, na cama... e perpetuemos as historias xeración tras xeración.

Sempre hai motivos para contar e contar debería ser unha actividade do día a día. Podemos facelo usando libros, contar contos que nos contaron ou inventados, contar anécdotas propias ou de outros... Todas as persoas sabemos contar. A mellor maneira de facelo é de forma natural, sendo un mesmo, porque o que máis importa é a comunicación que, desde o afecto, teñamos cos nosos nenos.

BIBLIOGRAFÍA

Bryant, S. C. (1993). *El arte de contar cuentos*. Universidad de Granada.

Shedlock, M. L. (2001). *El arte de contar cuentos*. Editorial Sirio.

Noia Campos, M. C. (2002). *Contos galegos de tradición oral*. Nigratea.

Noia Campos, M. C. (2010). *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*.

Reigosa, A. (2014). *Galicia Encantada: O país das mil e unha fantasías*. Editorial Xerais.

Bettelheim, B. (2020). *Psicoanálisis de los Cuentos de Hadas*. Booket Paidós.

CURANDEREIROS

FERRAMENTAS

PSICÓLOGOS
E OUTROS
MENCIÑEIROS

Jorge García Fernández
Psicólogo Clínico

sala5jgarcia@gmail.com

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

García Fernández, J. (2024). Psicólogos e outros menciñeiros. *Anuario de Psicología e Saúde*, 17, pp. 60–73. <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude/publicacions>

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

Poderíamos establecer como comezo dunha intervención clínica o momento no que unha persoa con malestar realiza a elección do seu axente de curación. Os diferentes profesionais e lugares de sanación son realidades universais que non están exentas de constante transformación. Co tempo, a lexitimación dos expertos en reparar a saúde desprazouse, do mesmo xeito que outras moitas profesións, desde a comunidade e os gremios a institucións formativas oficiais validadas polo Estado. Con todo, o avance (ou invasión) destas formas de coñecemento e curación de orixe académica foi lento e desigual sobre diferentes espazos xeográficos e estratos sociais e, por iso, coexistiron con diferentes tipos de curandeiros ben lexitimados pola propia cultura e con especialidades concretas e técnicas moi diversas. Co terreo conquistado e o inimigo derrotado, xorde a oportunidade de recuperar as súas armas e empregar procedementos psicosanadores vinculados ao medio cultural.

PALABRAS CHAVE — procura de atención sanitaria, menciñeiros, menciña tradicional, técnicas narrativas, psicoloxía posmodernista.

ABSTRACT

We could establish as the beginning of a clinical intervention the moment when a person experiencing discomfort chooses their healing agent. The different professionals and healing places are universal realities in constant transformation. Over time, the legitimization of health repair experts has moved, like many other professions, from the community and guilds to official training institutions validated by the State. However, the advance (or invasion) of these forms of knowledge and healing of academic origin has been slow and uneven over different geographical areas and social strata and therefore they have coexisted with different types of curators well legitimized by their own culture and with different specialties and very diverse techniques. With the terrain conquered and the enemy defeated, the opportunity arises to recover their weapons and use psycho-healing procedures linked to the cultural environment.

KEY WORDS — seeking health care, healers, traditional medicine, narrative techniques, postmodern psychology.

Sen apenas tempo de acomodarme na cadeira, aquela muller con aspecto atormentado aforroume as presentacións cunha tallante declaración de principios: «*Xa lle adianto que eu non creo nos psicólogos*». As paredes da Sala 5 escoitaran numerosas veces argumentos similares e non me incomodou recibir aquela honesta advertencia expresada con impecable amabilidade.

- «*Pois debería vostede deixar sitio a outros pacientes con mellor disposición*».
- «*Pois debería vostede saber que as expectativas nun tratamento son fundamentais para mellorar*».
- «*Pois debería vostede ser máis respectuosa coa miña profesión*».
- *Etc.*

Calquera destas ou similares respostas, poderían formar parte do repertorio de moitos profesionais da saúde esquivos cara ao manexo de conversacións sobre circunstancias persoais de diferente índole. No meu caso, sendo máis proclive ao diálogo e estimulado polos baixos niveis de *burnout* dun luns á primeira hora, considereí, do mesmo xeito que ocorre nas eliminatorias da *Champions*, que este *match*, aínda que comezaba cun gol de desvantaxe, era un partido aberto co plus de xogalo na casa.

A estas alturas, un debería de contar coa discrepancia entre crenzas e comportamentos, e saber que, da noite para o día, non é a coherencia a que predí o que un vai facer ante determinadas circunstancias. O mesmo un mozo con diagnóstico de esquizofrenia, fortemente convencido dos seus poderes extrasensoriais, almorza con neurolépticos; como unha catedrática de Métodos de Psicoloxía Experimental madruga un domingo para ir comungar. Poderíamos afirmar que as nosas diferentes crenzas, construtos, valores, esquemas, relatos ou narrativas mestúranse e solápanse dando lugar a respostas diferentes en ámbitos distintos ou ante necesidades concretas que exceden con fartura a nosa capacidade de poder xustificarnos ante nós mesmos e, aínda así,

condicionan a nosa toma de decisións. Dispoñemos dun conxunto de patróns de acción, froito das experiencias directas e vicarias, dificilmente aplicables nun mundo cambiante. Para saber como actuar fronte a situacións que, aínda que moitas veces compartan algunhas características, non son exactamente as mesmas, desenvolvemos a capacidade de valernos das experiencias acumuladas de moitos outros con fórmulas de supervivencia transmitidas ao longo duns cuantos milenios e que, desculpen o meu reduccionismo, se lle chamo «a cultura». As técnicas de labranza, as artes de pesca, as receitas de cociña e, por suposto, as fórmulas de comunicación, convivencia e organización social de roles fóronse transformando en función das novas necesidades e desenvolvementos técnicos que foron xurdindo: a roda, o aceiro, os fertilizantes, os antibióticos, os chips, os medicamentos e fórmulas de curación... Neste proceso dinámico, resulta entendible que as diversas maneiras de facer as cousas (mesmo contraditorias) coexistan ao longo do tempo. Teríamos así no noso catálogo: os varios modos de antes, os distintos modos de hoxe e as vangardas; ou o que é o mesmo: o que funcionou sempre, o que parece que funciona agora, e o que podería funcionar (ou non) no futuro.

Dentro destes repertorios de actuación vén ao caso falar da cuestión da procura de atención á saúde. Dar resposta a quen, cando e onde un individuo emprende accións de procura de atención profesional cara á súa saúde, é unha cuestión amplamente estudada que adoita abordarse desde a teoría, co paradoxal termo da acción razoada, que considera este comportamento froito dun proceso no que a combinación das máis ou menos incoherentes crenzas individuais coa influencia social dispoñible, determinarían a xeración das intencións que se transformarían ou non en condutas no caso de que a súa propia forza sexa superior ás barreiras que deban de exceder para manifestarse. A procura dispárase cando esa posible enfermidade ou malestar intensifícase debido

a condicionantes psicosociais (compartidos) como a visibilidade, percepción de gravidade e interferencia dos síntomas cos roles dun individuo. Por tanto, a cuestión de quen está ao noso lado no momento de enfermarse influirá na elección do roteiro para iniciar para recuperar a saúde. Teríamos así que a definición de problema de saúde e o que hai que facer para recuperala difire entre as culturas e, dentro de cada unha delas, entre os grupos sociais, as familias, os individuos e ata me atrevería a dicir que «segundo os días», entendido isto como a distorsión do devandito problema nas actividades programadas para hoxe.

Rafaella, que así se chamaba segundo a ficha da súa historia clínica, viñera á Sala 5 sen querer vir, ao parecer empuxada por unha forza allea a si mesma o bastante forte como para percorrer en peregrinación, os oito quilómetros que a separaban do seu domicilio rematados por unha pendente do 9 % especialmente deseñada para disuadir aos pacientes corpulentos de acudir ao Santuario Centro de Saúde. Por se o poder da influencia social non fose suficiente, temos outro argumento para desatender a declaración verbal de Rafaella que se atopa noutro manual do mesmo andel e nos insiste no maior valor informativo da conduta non verbal como a postura corporal e a expresión xestual. O xesto de tomar un autobús ás 7:50h, sumado á súa melódica prosodia ao afirmar «*non creo nos psicólogos*» sooume a «*quixen vir, pero cústame recoñecerlo*». Noutro manual do andel de arriba postúlase que esa ambigüidade encaixaría cun estado motivacional situado entre a fase contemplativa á de acción. A suma da súa propia vontade, un forte empuxón da súa contorna familiar, a recomendación do seu médico de familia e unha situación de incapacidade laboral formaban, no seu conxunto, unha forza suficientemente poderosa como para transportala ata a consulta. Kelly, Fishbein, Bateson, Festinger, Skinner, Prochaska... todos eles xuntos poden conseguir calquera cousa que se propoñan.

A socioloxía e antropoloxía, con visións desde máis fóra e máis arriba, afirman que a condición de estar enfermo e realizar accións para recuperar a saúde é universal, aínda que os modos de enfermarse e sandar son moi dispares nas diferentes culturas. Talcott Parson, nos anos 50, definidor do rol de enfermo, expuxo que, con independencia do medio cultural, un individuo disfuncional precisa lexitimación dun experto para enfermarse e aliviarlle das súas obrigacións sociais (as esperadas polo seu rol), e que, en contrapartida, o enfermo debe de realizar accións pertinentes (descritas na cultura) para a recuperación da súa saúde. A propia cultura inviste á figura curadora (e diagnosticadora) que, como é natural, evoluciona por avances técnicos, contaxios culturais e movementos nas relacións de poder.

Dende Exipto e principalmente na Idade Media documentouse como os albaneis, ceramistas, vidreiros, prestamistas e artistas varios tentaban delimitar as súas parcelas estipulando, ademais, as condicións e obxectivos formativos valéndose de organizacións gremiais. Máis adiante, estas funcións pasarían a mans de institucións académicas vinculadas ao Estado ou manterían un sistema de negociación mixto entre os Gremios (ou Colexios Profesionais) e Estado (ou o mundo académico). As enfermidades de alma e corpo, dependendo do momento histórico, estiveron a cargo de diferentes profesións, outorgadas en ocasións por institucións académicas, pero, desde logo, desde moito antes eses axentes curadores con formación non formal estiveron lexitimados pola propia comunidade.

Cunha pasada rápida á historia das enfermidades mentais vemos que os nosos desaxustes recibiron diferentes explicacións e nomenclaturas. Dende os humores de Hipócrates, os endemoñados definidos pola Igrexa, os alienados da Salpetriere, a histeria de Freud... chegamos á psicopatoloxía e psicoloxías das últimas décadas que nos resultan máis familiares. Estes desenvolvementos máis recentes contaron coa vantaxe de solidificarse na imprenta e

emanar de fontes con elevada influencia social dispoñendo de canles de comunicación cada vez máis potentes para a súa difusión. A competencia polo papel do curador oficial (que nos resulta moi familiar nos nosos días) estaría sempre presente. Os diferentes tipos de curandeiros (menciñeiros, compoñedores, sabias, ensalmadores...) con características específicas, aínda que con funcións moi solapadas (do mesmo xeito que as especialidades sanitarias actuais), foron progresivamente desprazados pola medicina oficial (creada como titulación académica no século XVII) e, nalgúns momentos, por competidores do ámbito relixioso. Ambos os adversarios desde os seus dispares puntos de vista acuñaron estas prácticas tradicionais co termo de superstición. Con todo, en lugares fóra de cobertura, os nosos menciñeiros, lexitimados fortemente no seu medio cultural cunha historia non escrita e desde moi antigo, transportaron no tempo as súas fórmulas diversas de entender e sandar as enfermidades. Na actualidade, coexisten as prácticas oficiais coas alternativas, especialmente de orixe oriental que, trala derrota cultural das autóctonas, complementáanse ou dispútanse os amplos espazos de ineficacia. A sanidade oficial mantén unha posición de aparente condescendencia á vez que, desde a OMS, expónse directrices en relación a estas prácticas tradicionais baseadas en potenciar as súas evidencias, patentar e comercializar produtos e regular a formación, o cal vén sendo o mesmo que transformala en oficial (ou que enviar ao Conservatorio a Paco de Lucía).

En Galiza, diferentes investigadores, especialmente do ámbito da Psiquiatría, describiron e explicaron estas prácticas tradicionais que abarcan o tratamento dos males anímicos (da alma). Para o antropólogo Marcial Gondar:

O curador tradicional está aberto á totalidade. Escoita, xunto cos males, historias nas que, ás veces, aparece implicada media aldea, catástrofes, mala-sortes, desexos, temores..., e a todo isto sabe darlle unha explicación global que satisfai, sen dúbida

mellor que a medicina oficial, as múltiples demandas que están debaixo da enfermidade.

Estas e moitas outras achegas atópanse recollidas en varios artigos de Pablo Vaamonde, apuntados na bibliografía. Álvaro Cunqueiro, en *Escola de Menciñeiros*, describe numerosos personaxes e algúns dos procedementos empregados nestes labores.

Ante a ausencia de métodos de investigación e análise estatísticos sofisticados, as prácticas curativas tradicionais irían evolucionando mediante «o que funciona repítelo; e o que non, cámbialo»; a cal é unha práctica de investigación portada polo ADN dos *homo sapiens* máis avantaxados e que priorizan a observación do tamaño do efecto a unha *p* por baixo de 0,05. Lambert, o noso referente no estudo dos factores comúns da psicoterapia, encaixaría ben nestas prácticas curadoras as súas tres primeiras condicións: as expectativas sobre o poder do curador, a calidade da relación terapéutica e a participación do paciente no cambio. A cuarta, a congruencia co medio social, enfrontaríase á falta de comprensión racional dalgúns procedementos tradicionais con significados simbólicos e alusións á natureza e relixiosidade, propios da linguaxe dunha cultura parcialmente transformada.

A menciña oficial, que asumimos como científica ou «evidente», enmarcada nunha corrente de pensamento positivista é acusada polo seu carácter excesivamente globalizador desvinculado das raíces culturais e condicionantes individuais. Da consecuente falta de conexión entre curador e curado entenden moito os profesionais que traballan en servizos de urxencias permanentemente alporizados fronte as «demandas inxustificadas» e a inmensa discrepancia entre a gravidade dos síntomas e os tempos de demora ou sentimento de prisa dos seus pacientes. A falta de consenso nas percepcións do motivo e a severidade obedece a (seguindo a Habermas) a construción de diferentes verdades ás veces incompatibles. Lembro a mirada inquisido-

ra dun médico de urxencias un domingo de madrugada examinando a miña unlla encarnada, sospeitosamente infectada, xusto antes de iniciar unha viaxe ao estranxeiro. A teoría que asume que non todos somos incoherentes da mesma maneira, afirma que os que temos coherencias parecidas tendemos a empatizar. Se aquel doutor se interesase polas miñas preocupacións, en lugar de refungar, aforraríase un pouco de bile compartindo os meus construtos e os dos meus acompañantes medorentos de que se chafase unha custosa excursión. Está ben claro que a miña unlla, posiblemente infectada, non é o mesmo problema en Marín que en Katmandú. Ou o que é o mesmo, no século XIX que no XXI. Perrón de Braña, o menciñeiro descrito por Cunqueiro que se recostaba na cama dos pacientes, entenderíame e mitigaría a miña angustia meténdome na mochila, a falta de antibióticos, algunha apócema desinfectante con algúns consellos

hixiénicos para levarme na viaxe e, por que non, algunha prescrición máxica adxuvante coa que mitigar a angustia. Desvincular os tratamentos das afeccións das circunstancias é unha estratexia moderna. Estou seguro que ningunha guía clínica inclúe a posibilidade de tratar o avermellamento dunha unlla con antibióticos «no caso de viaxar a un lugar inhóspito sen cobertura sanitaria». Da mesma maneira, na cruzada contra a abstracción selectiva e a sobrexeneralización, tan eficaces na cura da tristeza, resulta irrelevante se o material irracional provén dunha mala colleita derivada dun mal de ollo, unha inspección de Facenda ou duns sogros invasivos. Pouco se coñece sobre as circunstancias asociadas aos tratamentos denominados eficaces, aínda que é posible que as circunstancias sociais cambiantes fagan deste obxectivo un imposible. Por iso, quizá a mellor recomendación dalgunha guía clínica atópase na primeira páxina: *«Esta GPC é unha*



Foto: Gabby K

axuda á toma de decisións na atención sanitaria. Non é de obrigado cumprimento nin substitúe o xuízo clínico do persoal sanitario».

Co tempo, a Psicoloxía racionalista (de segunda xeración) desenvolvida dentro deste mesmo marco positivista, está a ser substituída por aproximacións contextuais con diversos enfoques que tratan de atender ás diferentes posicións ideolóxicas que coexisten no seo de cada cultura.

Comecei a entrevista con Rafaela aceptando con asentimento e medio sorriso a súa declaración de incredulidade e, por suposto, cunha invitación para falar do que lle viñese en gana mediante unha frase adiviñatoria finalizada con puntos suspensivos: «*Imaxino que algúns problemas son demasiado complicados de resolver...*». Non facer preguntas concretas elimina a miña frustración cando o paciente non as contesta. Rafaela respondeu lanzando unha serie de solucións estándar para o seu (e para o de calquera): «*O que preciso é durmir, que me dea o aire, desconectar...*» faloume dunhas infusións recetadas pola competencia desleal nunha herboristería... e dunha amiga que practica o *reiki*...

Sen dúbida, é unha verdade como un templo (seguramente tamén unha evidencia empírica; non o busquei) que pasear polo monte, e mesmo unha técnica máis sofisticada como abrazar árbores, sexa un procedemento eficaz para mellorar o ánimo. Resulta viable converter esas accións nun tratamento dándolle forma de prescrición en mans dun lexitimado experto e manuscrita nunha cuartilla con membrete: «*Escitalopram 1-0-0 / Paseo dunha hora 1-0-1*». Podemos xustificar esta prescrición pola estimulación de certos neurotransmisores, mellorar o *pranayama* (control da respiración en termos budistas), avanzar en autoconecemento e crecemento persoal ou afastarse durante unha hora dúas veces ao día dunha parella insufrible ou calquera outra realidade adversa. Dáme a impresión de que, para a construción da eficacia, precísase de certa coherencia entre os diferentes tipos

de problemas, os diferentes tipos de curadores e os diferentes tipos de solucións. Un *mal aire*, unha *impresión* ou *susto metido no corpo*, ou a debilidade somática poden identificarse como causas de dificultades similares, aínda que difiren nos seus tratamentos. Un diagnóstico típico da nosa excultura, como a *pa caída* (vinculada ao ánimo baixo), dispoñía dun tratamento eficaz en mans dunha curadora, menciñeiro, sabia, compoñedor... Os modelos eficaces son aqueles onde se vincula de maneira exitosa o diagnóstico coa solución. Un malestar provocado por estar en pecado mortal tras infrinxir o sexto mandamento obtén unha cura infalible mediante a absolución, mentres que obter a curación nunha alma con *Trastorno límite da Personalidade*, tería unha posibilidade de solución máis limitada. O desenvolvemento dos enfoques transdiagnósticos (cun único diagnóstico denominado malestar) resulta un importante avance ao evitar o fracaso en facer desaparecer o nome do problema.

Fun asentindo, parafraseando algunhas das frases de Rafaela e sinalando algunhas das súas emocións ao longo da súa exposición, que seguíu con ese relato de síntomas, que, entendo, é o que se espera dun cando se atopa fronte a unha bata branca. Ás veces, o relato das experiencias máis íntimas espera na recámara ata testar a disposición do curador para atendela. Unha importante función da linguaxe consiste en compartir as nosas vivencias cos demais, mesmo sen que nos escoiten con demasiada atención. Os autobuses viaxan repletos de monólogos intercalados que nos serven a cada un para elaborar, dotar de sentido e validar os nosos puntos de vista en presenza dos outros. Pero algunhas narracións compórtanse dun modo máis pudoroso. Non teñen claro que poidan ser aceptadas facilmente porque renxen ao tentar encaixarse na propia cultura. As emocións de rexeitamento cara a un fillo ou cara a unha nai, un amor prohibido, o fracaso estrondoso na vida... non poden ser atendidas en restaurantes nin ruidosos centros comerciais. Prolónganse máis

aló dos tres minutos que, segundo as regras do *storytelling*, é o tempo máximo que unha persoa está disposta a perder en obter unha mensaxe no século XXI. A sobreinformación constante e caótica protagonizada polos contidos das redes sociais, bloquea a posibilidade de narrar e anula, segundo o mediático Byung-Chul Han (2023), o sentido do tempo (conexión entre pasado presente e futuro). Segundo o filósofo coreano, a alteración do eixo temporal na nosa existencia asociárase, xunto a outros males do neoliberalismo, co incremento do malestar emocional dos nosos días. Nesta mesma liña, cabe preguntarse se o noso actual incremento da demanda estaría relacionado co desempeño da función conversadora, minguada dentro da nosa cultura desde a desaparición das reunións ao redor das lareiras.

Non imos reproducir aquí en detalle a conversación na que Rafaela, en contra das opinións dos seus achegados e outros profesionais, mantíña a convivencia asimétrica coa súa parella por unha serie de razóns que ela definía como baixa autoestima, dependencia emocional, educación da época, medo ao futuro, convivir cun narcisista...

No medio social existe un receitario popular de solucións para afrontar os diversos tipos de problemas que adoitamos agrupar en: soportar mellor a situación ou cambiar as cousas, ou como lle chamamos no noso gremio «solucións orientadas ao manexo da situación ou ao manexo da emoción». «*O que ten que facer Miguel é deixar de beber*», díxolle a súa doutora. «*O que tes que facer é matalo de fame e que se lave os calzóns*», díxolle a súa cuñada. «*Poderías ser un caso claro de malos tratos psicolóxicos*», díxolle a traballadora social. «*Ti poslle as maletas na escaleira e logo verás como espabila*», díxolle a súa amiga Maricarmen. «*Nótoa moi baixa, a ver se colle forzas con este tratamento*», díxolle o seu psiquiatra. «*Poslle a demanda de separación e irase de casa coa Garda Civil*», díxolle a avogada.

Tras máis de dez anos de malestar, a situación persistía a pesar de múltiples enfados e des-

enfados, incluídas varias intervencións profesionais dirixidas a buscar a maneira de «*dar o empuxón e saír dunha maldita vez de alí*». Ademais de levar «*unha vida de merda*», Rafaela considerábase de xeito evidente «*unha muller covarde*». Se aquilo fose unha serie de Netflix, filmaríanse cos conflitos e intentos infrutuosos de solución multitude de capítulos agrupados en varias tempadas: saídas de casa dunha tarde de duración, consultas illadas con avogados, mediación de fillos nos conflitos, expresión de bos propósitos de Miguel... Faltábanos neste guión unha situación económica complexa, con débedas conxuntas acumuladas tras un negocio familiar fracasado. O caso é que Rafaela non confiaba en que Miguel participase das débedas, imaxinando a vida desenfredda que ese home desamparado levaría nun pisoño de solteiro. Como apoio empírico deste temor, tiñamos uns ingresos hospitalarios froito da combinación dos seus problemas de saúde (diabetes e EPOC) coa mala vida durante algunhas épocas de escasa supervisión.

Sería máis sinxelo que Rafaela se limitara a expoñer as súas dificultades emocionais baixo a forma de desesperos para conciliar o soño ou a súa tendencia a sobrepensar. Prescribíramoslle algunhas técnicas de control de estímulos e diminución do arousal cunha app de *mindfulness*. Se a causa convida fose un *mal de aire*, un *desgusto metido no corpo* ou unha *debilidade*, aproximariámonos ao problema de maneira diferente. O caso é que, como bos curandeiros, permitímoslle a Rafaela narrar. Narrar unha historia ben contada, vinculada co seu papel no mundo, os seus significados e os seus valores... E, deste xeito, seguindo a Marino Pérez, o trastorno de Rafaela converteuse «*nunha situación vital na que a vida se tornou en contra (trocouse do revés, revelou os seus límites) e así trastornou o modo de estar no mundo poñendo ao límite as posibilidades dun dadas as circunstancias*». Ese modo de estar no mundo trastornado é precisamente o que García-Sabell convidanos a reparar aos profesionais: «*[...] os menciñeiros están apoiados por modo consciente na cultura herdada*».



Foto: Witheline

E entón intúen con acuidade que ningún doente se cura de verdade se non se conquira centralo na vida, sitúao non mundo cotián, chantalo ben chantado na Idra dá existencia que lle corresponda» (Cunqueiro, 2011). En resumo: poñer as cousas no seu sitio (aos demais e a nós) sería o reto desta e de calquera intervención.

Rafaela non saíra da Sala 5 antes de que reescribísemos un relato que lle permitira adoptar unha posición diferente con respecto ao seu problema. En contra dalgúns teóricos, considero inviable manter a neutralidade á hora de extraer as narrativas e dirixir o traballo de reelaboración dos relatos. Un terapeuta culturalmente ben construído manexa unha certa cantidade de guións funcionais e disfuncionais e déixase influenciar polas historias alternativas que conducen a posicións vitais máis acolledoras. Os terapeutas tamén se reconstrúen e adaptacións aos diferentes discursos cambiantes co paso do tempo. Nos inicios da antro-

poloxía, Lévi-Strauss referiu a utilidade de acudir a un membro superior da comunidade que se apropiase do sufrimento e funcionase como intermediario no proceso de curación. Por iso, unha posición creativa conxunta, desde logo non simétrica, sería máis propicia e, en definitiva, o lugar onde a propia comunidade sitúanos.

Como xa apuntamos, só mantemos certa coherencia en parcelas concretas e coexisten en nós diferentes discursos que, por razóns de peso, manteñen unha xerarquía á hora de dirixir as nosas maneiras de estar no mundo. Dispoñemos de discursos máis ou menos dominantes dentro que ás veces coinciden cos discursos máis ou menos hexemónicos de aí fóra. Non dubidariamos que o resultado dunha enquisa coa pregunta sobre «*Que valora vostede nas persoas?*» todos responderíamos que a honestidade, a xenerosidade, a integridade, a empatía, o respecto... E fronte á pregunta

sobre «*Cales son os valores que cre que a sociedade de prima?*», responderíamos sen dubidalo que a imaxe física, o status social e os bens materiais. Pregunteime moitas veces onde está esa sociedade que non encontro por ningún lado. Será que ambos os esquemas coexisten dentro de nós e aplicámoslos de maneira alternativa segundo a marca de zapatillas que ese día levamos posta.

Dentro dese menú de discursos (supoño que a todos nos ocorreu), existen algúns especialmente difíciles de dixerir. Confeso que o de Rafaela, téndoo salpementado un pouco, case me convenceu e perdoeime colaborando nas solucións expostas. A psicoloxía e os psicólogos como referente normativo ostentamos o poder e a responsabilidade (por encargo da comunidade) para decidir que é o axeitado: un fogar apracible, ser ben amado, un traballo enriquecedor, unha vida estable, contactos sociais cálidos, videoxogos limitados, igualdade de xénero... Como colectivo, apoiamos accións orientadas cara á consecución desas utopías á vez que nos situamos á beira das persoas vulnerables. Na nosa particular coherencia, apoiamos a alimentación sa á vez que combatemos a gordofobia.

Na rúa Pintor Gómez 13, cuarto sen ascensor, vivía unha historia de amor bastante elegante segundo os canons románticos «*ata que todo foise torcendo cos problemas da vida*». Xurdiron primeiro unhas desavinzas familiares por unha herdanza miserable, seguidas pola quebra do negocio que deixou a Rafaela e Miguel unha débeda eterna e arrastrou a este á bebida, a perder a saúde e a desmotivarse cos traballos cualificados e a ela a pluriempregarse como traballadora doméstica. Está ben documentada a tendencia natural que temos de botarlles as culpas ás persoas das cousas malas que lles pasan, pero, neste caso, a crise do 2007 pareceume unha explicación convincente para dar ao traste cun negocio de maquinaria de construción. Ambos, cada un ao seu estilo, mantiñan contacto regular cos seus tres fillos criados con certo éxito (todos sans con traballos esta-

bles). Esperaban un neto para a primavera e Rafaela atopábase esperanzada en reocupar o niño baleiro, agora habitado por un home duns sesenta que agardaba a xubilación e a seguinte parvada do Tik Tok, cunha restra de cervexas aliñadas sobre a mesa. Excepcionalmente, participaba polas malas nalgunha tarefa doméstica. Pouco máis repertorio social que baixar ocasionalmente ao bar e algún paseo de ganchete os domingos pola tarde. «*Así foi criado*», argumentou Rafaela.

Se en lugar dun rebentón da burbulla inmobiliaria, a responsabilidade do fracaso recaese nun *mal de ollo*, Miguel teríase recuperado hai tempo. Pero, en épocas onde confundimos realidade con ficción, quizais esperamos demasiadas veces cousas imposibles. Calquera xiro de guión que provocase que no seguinte capítulo Miguel preparase o almorzo, pasase a aspiradora e deixase unhas notas románticas na neveira daría como resultado o peche da produtora. Ese desenlace non sería crible porque todo guionista, na realidade ou na ficción, debe coñecer o que é posible e o que non. Na realidade ou na ficción os milagres non existen. Nin sequera unha abdución extraterrestre sería verosímil, a non ser que se tratase dun xénero de comedia, que aí vale todo.

Entendemos que as historias están tecidas por elementos seleccionados das experiencias que deixan fóra as excepcións ou *desenlaces inesperados*, que hai que rescatar e incluír se desexamos proxectar un futuro guión diferente (White y Epston, 1993). Ata o momento, esta serie tería como sinopse: *Rafaela, unha abnegada nai e esposa, mantén unha convivencia marcadamente asimétrica con Miguel e, tras sucesivos conflitos e avatares diversos, [...].* O Público Xeral (non os afeccionados ao cinema de autor) escribiría como final: [...] *Rafaela consegue saír de alí e construírse unha vida linda e pracenteira.* Está claro que este final desexado require que os conflitos se intensifiquen o suficiente (que non sabemos canto é) para conseguir dar o paso. Non só o pasado das historias condiciona a súa continuación, senón tamén os finais imaxinados. Por iso, a

arefa de modificar o presente implica tanto a tarefa de modificar o pasado como cambiar o futuro esperado ou imaxinado. Non é moi difícil. Poucas cousas son tan elásticas como a memoria e a linguaxe, e nada tan estable como unha emoción de amor (ou apego) de trinta anos, aínda que sexa cara a un cretino.

Para deseñar o capítulo cun xiro de guión, habería que rebuscar na historia os posibles elementos incongruentes ou chocantes con esa personaxe, a «*parva e covarde Rafaela*», esa sen o valor suficiente para dirixir a súa vida. Un exemplo:

- [...] *E ao terceiro día que non lle fixen nin maldito caso estaba ingresado no hospital. Chamoume Alberto dende alí desesperado porque chegaba tarde a unha reunión da empresa e claro, alí funme pitando.*
- *Tragaches o orgullo e fuches ocuparte para que o teu fillo puidese marchar...*
- *É que eles —os seus fillos— non teñen por que estragar as súas vidas. Xa bastante aguantaron durante aquela época... bla, bla, bla...*

Seguramente estaríamos a agardar excepcións «de manual» e que a identidade débil de Rafaela proviñese dun antigo abuso reparable ou sufrise unha especie de amnesia narrativa, esquecendo as medallas de taekwondo do campionato nacional escolar. Pero non emerxeron. No seu lugar, atopamos probas en contra da súa covardía e a súa estupidez, e de que no seu mundo tiña sentido seguir habitando nesa casa. Resultábame familiar ese guión. Ensinoumo un tal Luis, o esposo autonomeado como consentidor, dunha muller desbaratada (adicta a substancias e con diagnóstico do eixo II) a quen soportaba, ademais de por amala, para liberar aos seus fillos de atendela. «*Que sería do mundo se nos desprendésemos de todas as persoas destartalladas, difíciles e desagradecidas?*», preguntoume. «*No que a min corresponde, agradézoche que a coides*», respondínlle.

Resulta liberador traballar sen verdades. Como todo na vida, é tamén unha cuestión de sorte dar cun profesional con tal ou cal po-

sición fronte ao noso problema. Pero isto non significa que os terapeutas podamos empregar calquera solución se esta non se insire nun espazo de congruencia na nosa paciente. Como ben afirman algúns dos nosos inimigos: «*di-átmoslles o que queren ótr*». Iso é ben certo, pero iso que dicimos ten algo de diferente e xera cambios.

Aos terapeutas narrativos gústalles empregar externalizacións: unha estratexia lingüística de separar o problema de nosa propia identidade. A min consólame «levar dentro un anxiño babeco». Inxenuo, manipulable, que non sabe sumar nin restar as débedas cos demais, que se conforma con pouco e divírtese con calquera cousa. Insistimos constantemente na prohibición de externalizar a maldade porque é unha maneira de xustificala sen responsabilizarnos dela e, por ese mesmo motivo, resúltame útil acudir a esta figura de bondade que encaixa (en caso de ser persoas de ben) con certo espazo dos nosos valores, pero que debemos de vixiar non vaia a ser que ese miñaxoia se meta nalgunha lea. É posible que Rafaela, con todo ese estrés que leva acumulado, non teña ben vixiada á deliciosa inxenua que leva dentro e que ás veces di cousas como «*sería mellor ter un can, pero non saben chamar ao 061*». É un descanso poder ser excesivamente bos e compartir a culpa dos nosos excesos cun anxiño babeco, un can labrador, Santa Teresa de Calcuta, o TDAH... A carta debe ser extensa para acertar co termo co que mellor nos identifiquemos.

Sen demasiados esforzos de condución daquela entrevista, Rafaela relatou que cumpría a tarefa de dar acubillo a esa persoa «*ferida*» e que, aínda que «*non quería por amor*», si coa responsabilidade de «*ocuparse del por ela e polos seus fillos*». Podería ter isto un valor ou trátase dunha covardía? Recuperar o amor ou separarse son as dúas opcións da árbore de decisión que forma parte do receitario popular actual que, incrédulo co máis aló, concibe a abnegación como unha forma de sometemento. Algúns pensadores revolucionarios contemporáneos

exporíannos as súas dúbidas sobre un mundo mellor no que Rafaela, unha vez libre de cargas, puidese pedir un crédito e pasear do ganchete dun Bimba e Lola. A reconstrución dun relato coa abnegación transformada nunha comedida xenerosidade (máis afin á RAE), ofrecería a posibilidade de buscar unha convivencia apracible en lugar de provocar interminables situacións de tensión necesarias para dar a portada final?

Poucas veces os curadores resistense a realizar prescricións: beber dunha fonte coa posta de sol durante unha semana, cruzar un río en cuarto crecente, recitar un responso en San Andrés, empregar palabras acabadas en 's', visualizar espido ao noso público, tomar nota das manías... O seguimento dun ritual, segundo Frank, resultaría necesario para a curación. Como principio activo ou ingrediente inespecífico, a prescrición mantén presente a intención de cambio e serve como repaso do contido da propia sesión (que tamén pode ser concibida como ritual). «*O que me tira do xenio é chegar a casa e ver todas esas botellas en fila sobre a mesa do salón*». «*Como reaccionaría Miguel á petición de ter a mesa recollida de botellas cando chegases do traballo?*», preguntei. «*Sería un mostra de respecto*», respondeu Rafaela. Lembrei a unha nai colocando un deses contedores de lixo grandes con tapa no cuarto do seu fillo para que tirase alí toda a roupa sucia espaxada polo chan e evitarse esa antiestética imaxe. Resulta moi familiar asumir que os nosos fillos teñan algúns comportamentos indesexables pero «non diante dos nosos ollos». O asunto da excesiva transparencia propia dos novos tempos daría para unha cháchara longa. En todo caso, en Pintor Gómez 13, cuarto sen ascensor: todo o que sexa cambio, benvido sexa. Rafaela poría nun recuncho do salón unha caixa de cartón e, polo si ou polo non, convivimos en dar un toque ao timbre do portal para anunciar a súa chegada cun par de minutos de antelación. Comentando daquela esta sesión cunha resistente, comparou esta prescrición cun toque

de fanfarra anunciando a entrada da marquesa. Foi un alivio escoitala.

«*E ollíño con ir máis aló, que o rozamento fai o cariño e o cariño leva aos conflitos cando non somos correspondidos*». Isto recitoumo unha avoa sabia, quizais neta de curandeira, e da cal seguramente recollín algúns ensinamentos máis. Ás veces temos diante conversadores que nos enriquecen e que, no seu día, ben poderían desempeñar clandestinamente o noso oficio nalgunha aldea de Carral. Escasean nas nosas consultas e recoñezo que ás veces engado algunha cita extra co fin de mellorar a miña formación. Esta experta opinaría que saír a abrazar árbores (mellor carballos, porque as nogueiras dan mala sombra) sería unha mellor tarefa para Rafaela que sermonar a Miguel. Aínda que dadas as súas dores de costas e a tensión acumulada, acaso un par de sesións á semana de pilates e outras dúas en ioga, en horario de tarefas do fogar, podería ter unha dobre función. Quen sabe.

Restaría a importante misión de informar do cambio á contorna. As ideas que a familia, amizades, compañeiros de traballo... teñen sobre nós e os nosos problemas exercen un poder sobre ambos. A nosa identidade persoal está constituída polo que sabemos de nós mesmos, que debe coincidir coa do noso grupo de referencia tanto para eludir conflitos como para dispoñer de apoios. Por iso, precísase divulgar estas novas narracións que substitúan a «*un día destes doulle porta*», «*maldito o día que entrei naquel bar para coñecelo*», «*Non hai pago para tanto aguante*» etc. Para iso están dispoñibles modelos en forma de guiños alternativos: «*Terei que que-relo así, onde o vou a tirar*», «*No ceo espérame un chale con piscina*», «*Polos fillos hai que facer o imposible*» ou, a que máis me impresiona, «*Que Deus non nos dea aquilo que non poidamos soportar*».

En certa ocasión, un arquitecto de renome acudiu a consulta referindo un importante malestar na súa «dignidade» tras unha recente situación de desemprego. A súa vida viraba en torno ao coidado das súas fillas pequenas e de xestións de atención e transporte dos seus

familiares maiores... (*«tarefas de taxista», chamoulles*). Moitos coincidiríamos en que, máis digno que pintar raias sobre un plano, é prepararlle un zume de laranxa espremido á túa filla e sacarlle unhas fotos o primeiro día da súa clase de patinaxe. Pero seguramente matizaríamos esta cuestión se, en lugar de pintar raias, estivésemos a investigar sobre a prevención do suicidio. Un arquitecto podería tamén argumentar que deseñar vivendas confortables e seguras suxeitas ás normativas é unha tarefa que salva vidas. Quizais por iso, o seu intento de divulgar o seu novo e digno rol non tivo moito éxito dentro do seu gremio. Hai que ser moi coidadoso na tarefa de seleccionar ao noso público e buscar aliados. Espero elixir ben ao meu para este relato.

«E tiñas precisamente que escoller un caso de esposa sometida nestes tempos que corren? E por que non usas o caso da “miña nai cáeme mal” ou “non soporto ao meu fillo” ou ata mesmo o de mellor “tómame as drogas os venres e deixaste de liortas”?» Supoño que non atopei un asunto máis controvertido para expor un debate sobre os discursos hexemónicos que tamén temos en terapia.

«E que pasou con Rafaela, atopou conforto?» Pois pareceume que saía aliviada e agradeceume *«ter aquela conversación en lugar dunha terapia»*.



Foto: Theshuttervision

BIBLIOGRAFÍA

Álvarez, L. (2010). Modelos psicológicos del cambio: de los modelos centrados en el individuo a los modelos psicosociales en psicología de la salud. *Psicología y Salud*, 20, 97-102.

Pérez Álvarez, M. (2020). El embrollo científico de la Psicoterapia: Cómo salir. *Papeles del Psicólogo*, 41(3), 174-183.

Brannon, L. & Feist, J. (2001). *Psicología de la salud*. Paraninfo.

Botella, L., & Feixas, G. (1998). *La teoría de los constructos personales: Aplicaciones a la práctica psicológica*. Laertes.

Botella, L. & Figueras, S. (1995): Cien años de psicoterapia: ¿El porvenir de una ilusión o un porvenir ilusorio? *Revista de Psicoterapia*, 24, 13-28.

Byung-Chul Han. (2023). *La crisis de la narración*. Herder.

Cunqueiro, A. (prólogo de García-Sabell, D.) (2011). *Escola de Menciñeiros*. Editorial Galaxia.

Gergen, K. & Warhus, L. (2001). La terapia como una construcción social, dimensiones, deliberaciones y divergencias. *Sistemas Familiares*, 17, 11-27.

Gondar, M. & González, E. (1992) *Espiritados. Ensaios de Etnopsiquiatria galega*. Laiovento.

Guía de Práctica Clínica sobre el Manejo de la Depresión en el Adulto. (2014). Guías de Práctica Clínica del Sistema Nacional de Salud. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. https://doi.org/10.46995/gpc_534

Landfield, A. & Leitner, L. (Comps.) (1980). *Psicología de los constructos personales: Personalidad y psicoterapia*. DDB

Organización Mundial de la Salud (2013). *Estrategia de la OMS sobre la medicina tradicional (2014-2023)*. https://iris.who.int/bitstream/handle/10665/95008/9789243506098_spa.pdf (26/09/2024)

Vaamonde, P. (2010). Os ofrecidos. *Cadernos de atención primaria*, 17, 76-80.

Vaamonde, P. & Alonso, E. (2010). Os curandeiros. *Cadernos de atención primaria*, 17, 144-149.

Vaamonde, P. (2010). Medicina popular en Galicia. As doenzas. *Cadernos de atención primaria*, 17, 222-228.

Vaamonde, P. & Alonso, E. (2010) Medicina popular en Galicia. Os remedios. *Cadernos de atención primaria*, 17, 307-315.

Wampold, B. & Imel, Z. (2021). *El gran debate de la psicoterapia: La evidencia de qué hace que la terapia funcione*. Editorial Eleftheria.

White, M. (2002). *El enfoque narrativo en la experiencia de los terapeutas*. Gedisa.

White, M. & Epston, D. (1993). *Medios Narrativos para fines terapéuticos*. Barcelona: Paidós.

ANUARIO ABERTO

CASOS CLÍNICOS

TRABALLO PREMIADO NAS XXVIII
XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE
DO COPG

SUMARIO

CASTELÁN



CASO 1

(RE)TOMANDO O RUMBO: ABORDAXE DUN CASO CLÍNICO A TRAVÉS DA TERAPIA NARRATIVA

Lucía Díaz Riola

Psicóloga Interna Residente – Área Sanitaria de Ferrol

lucia.diaz.riola@sergas.es

Melania Beceiro Rico

Psicóloga Clínica USM Infanto-Xuvenil – Área Sanitaria de Ferrol

melania.beceiro.rico@sergas.es

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Díaz Riola, L., & Beceiro Rico, M. (2024). (Re)tomando o rumbo: Abordaxe dun caso clínico a través da terapia narrativa. *Anuario de Psicología e Saúde*, 17, pp. 76–89. <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude/publicacions>

RESUMO

No presente traballo realízase a análise dun caso clínico, abordando, en primeiro lugar, diferentes temas que se consideran relevantes para unha mellor comprensión tanto do seu desenvolvemento como dos seus resultados. Estes son: a importancia de establecer unha adecuada alianza terapéutica, unhas notas sobre a terapia narrativa e o beneficio de traballar cun equipo terapéutico, entre outros. Posteriormente, farase unha revisión do caso desde a perspectiva da intervención realizada como residente de terceiro curso de Psicoloxía Clínica e, finalmente, extraeranse as principais conclusións.

Co fin de preservar o anonimato do paciente, denominarase «D».

PALABRAS CHAVE — terapia narrativa, equipo terapéutico, espello unidireccional, enfoque sistémico, alianza terapéutica.

ABSTRACT

The present work analyzes a clinical case, first addressing different topics considered relevant for a better understanding of both the development and the results of the case. These are: the importance of establishing an adequate therapeutic alliance, some notes on narrative therapy and the benefit of working with a therapeutic team, among others. Subsequently, a review of the case will be carried out from the perspective of the intervention conducted as a third-year Clinical Psychology resident, and finally, the main conclusions will be drawn.

In order to preserve the patient's anonymity, the patient will be referred to as 'D'.

KEY WORDS — narrative therapy, therapeutic team, oneway mirror, systemic approach, therapeutic alliance.

INTRODUCCIÓN

A afirmación de que a relación terapéutica é un factor determinante en calquera proceso terapéutico pode considerarse compartida por, cando non todos, a gran maioría dos profesionais que traballan no ámbito da saúde. A relación de colaboración entre terapeuta e cliente pódese definir como unha «alianza» e baséase na creación dunha nova relación, diferente a todas as demais, caracterizada polo respecto, o coidado e a confianza mutua, entre outros factores. Considérase que a alianza terapéutica é o principal predictor de resultados positivos na terapia individual (Hovarth e Symonds, 1991; Martin et al., 2000).

Segundo algúns autores, o obxectivo último do encontro terapéutico é producir transformacións nas tramas narrativas dos clientes (Sluzki, 1992).

Son David Epston e Michael White aos que se lles atribúe a creación da terapia narrativa, a partir da cal se propón que a identidade dos seres humanos está constituída polo que «coñecemos» de nós mesmos e por como nos describimos como persoas. O problema, desde este enfoque terapéutico, concíbese separadamente da persoa e considérase que o ser humano posúe un gran número de habilidades, competencias, capacidades e valores que lle permitirán reducir o impacto dos problemas na súa vida (Castillo et al., 2012).

O terapeuta que traballa desde o enfoque narrativo pódese concibir como un intérprete, que non posúe verdades universais e non ten prescricións preestablecidas, senón que dá un papel central ao cliente e rema con el para que se converta no protagonista da súa vida. Así pois, o terapeuta podería considerarse como un colaborador activo, que traballa en conxunto co cliente na creación de novas narrativas que poidan substituír as que estaban a desempeñar un papel importante no mantemento do problema. Non se pretende establecer unha fórmula exacta que poida ser

aplicada de xeito xeral a todos os suxeitos e a todas as situacións, senón que se trata de establecer a creación en terapia dun contexto relacional que, a través do diálogo, dea lugar a transformacións particulares que teñan significado para cada persoa. O aspecto relacional é, polo tanto, un concepto fundamental para traballar desde un enfoque narrativo.

Na terapia narrativa dáselle un papel importante á palabra escrita e considérase que se pode empregar de moi diversas formas dentro da terapia (cartas, declaracións...). Así, utilízase a noción de «textos narrativos» e faise unha analoxía entre a terapia e o proceso de «contar» ou «volver a contar» vidas e experiencias persoais (Castillo et al., 2012). Sábese que o ser humano evolucionou como especie para utilizar as historias con fins diversos, como organizar, predicir e comprender a inmensa complexidade das experiencias vitais. Os significados que atribuímos aos acontecementos determinan tanto a nosa concepción deles como a nosa reacción ante eles.

Como se mencionou, para a terapia narrativa é fundamental a creación dun contexto relacional adecuado entre o cliente e o terapeuta. Nesta relación influirán múltiples factores, entre os que se debe destacar a personalidade tanto do terapeuta como do cliente. Desde o punto de vista relacional, a personalidade podería definirse como «*a dimensión individual da experiencia relacional acumulada, en diálogo entre pasado e presente, e enmarcada por un substrato biolóxico e un contexto cultural*» (Linares, 2007). A personalidade individual nútrese dun elemento de experiencia relacional practicamente desde o inicio da vida da persoa: a experiencia subxectiva do neno de ser amado. Para construír unha personalidade madura, o neno precisa percibirse como un suxeito independente, con necesidades e características propias, diferentes ás dos demais individuos. Se este recoñecemento non se produce ou, peor aínda, se se desconfirma, prodúcese un fallo na nutrición relacional a nivel cognitivo, que

á súa vez orixina dificultades a nivel emocional e pragmático. En función do desenvolvemento inicial do neno, este organizará a súa experiencia relacional en diversos termos narrativos, construíndo historias propias que dean sentido ao que acontece na súa vida; e algunhas destas historias serán as que primarán á hora de desenvolver a súa identidade. De todo o anterior, despréndese a importancia das figuras primarias de apego, normalmente os pais, como «colaboradores» na formación da personalidade do neno e «co-construtores» nas súas narrativas predominantes (Linares, 2007).

O presente caso, que se describirá máis adiante, pode ilustrar como as primeiras experiencias da persoa condicionaron e determinaron en boa medida o desenvolvemento da súa personalidade adulta, facendo que estea marcado polo exceso de responsabilidade e obsesión. Segundo algúns autores (Hawton et al., 1989; Botella e Gallardo, 1999), ambos conceptos están intimamente relacionados. Consideran que as avaliacións de responsabilidade constitúen un factor clave na persistencia de pensamentos, imaxes ou impulsos intrusivos. Ademais, parece que a interpretación das intrusións obsesivas en termos de responsabilidade xerará efectos relacionados cun aumento da sintomatoloxía ansioso-depresiva.

O exceso de responsabilidade e a personalidade obsesiva poden estar ligados ás prácticas parentais recibidas desde idades temperás: un estilo de apego no que a comunicación destaca polos seus aspectos analíticos, a inhibición emocional e a apelación a valores morais poden explicar o devandito funcionamento obsesivo. Citando a Guidano (2003):

As familias obsesivas son só verbais, non hai nada implícito, motor ou emocional. Os xogos que se fan co neno son só intelectuais, verbais, instrutivos. Nada queda á alegría, á diversión, ao xogo; todo pretende ser instrutivo [...]. O obsesivo é só unha explicación, é coma se nunca fixese caso da súa experiencia inmediata, é coma se a experiencia non

existise. É unha fractura moi intensa, moi grave, que comeza na infancia, e nótase na capacidade verbal que teñen os obsesivos.

Segundo autores como Corberá e Botella, este tipo de funcionamento familiar provoca a sobrevaloración de cinco aspectos que serían: o perfeccionismo, o medo e a culpa, a pouca tolerancia á incerteza e á dúbida, a conciencia e o uso de estratexias reparadoras ou preventivas.

Como se verá, ante a dificultade inicialmente percibida como residente para abordar este caso, considerouse presentar o mesmo nunha sesión lectiva e, a partir de aí, valorouse a realización dun traballo cun equipo terapéutico mediante espello unidireccional. Como residente, paréceme moi beneficioso ter a oportunidade de abordar terapéuticamente os casos mediante o uso dun espello unidireccional e o traballo con equipos terapéuticos, por unha serie de beneficios aos que nos referiremos a continuación.

A formación profesional do psicólogo clínico é un tema de actualidade que vén experimentando cambios desde as primeiras xeracións de psicólogos residentes en formación ata os nosos días (Fernández-Liria et al., 2010; Le Roux et al., 2011; Imber-Black, 2014). A complexa transición entre a práctica totalidade das aprendizaxes teóricas que se ofrecen desde os estudos de grao en Psicoloxía á práctica profesional do psicólogo en formación require o desenvolvemento de dispositivos formativos que acheguen o terapeuta ao traballo concreto na clínica (Cruz Fernández, 2009).

Fundamentalmente, pero non só desde enfoques sistémicos, pode contar co recurso de observación en directo e supervisión de casos clínicos reais mediante un espello unidireccional ou, tecnicamente falando, «cámara Gesell». A cámara Gesell é un dispositivo formado por dúas salas contiguas separadas por un cristal unidireccional: desde un lado pódese ver a outra habitación, pero non ao revés. En con-

dicións idóneas, dispón de equipos de audio e vídeo que permiten a observación en directo e a escoita a través do espello e/ou a gravación de vídeo para a súa posterior reprodución e análise. Ademais, é habitual que neste tipo de terapias exista tamén a posibilidade de utilizar un teléfono que conecte ambas habitacións, o que permite a comunicación directa entre o interior e o exterior da cámara. O uso típico destes sistemas é aquel no que un ou máis terapeutas están co cliente realizando a terapia nunha das salas mentres un supervisor ou equipo terapéutico observa o traballo desde a sala adxacente.

Foi Charles Fulweiler, ao redor dos anos 50, o primeiro psicoterapeuta en utilizar a tecnoloxía de Gesell con fins clínicos. Anos máis tarde, este sistema chega a Palo Alto, introducido por Jay Haley (Haley, 1996). Así, o uso da cámara Gesell convértese nun instrumento central para a formación dos terapeutas sistémicos e comeza a desenvolverse en diferentes institucións e modalidades de funcionamento (Minuchin e Fishman, 1984; Boscolo et al., 1991; Wittezaele e García, 1994).

Como se pode deducir, o uso da cámara Gesell proporciona unha serie de beneficios ao terapeuta en formación, entre os que cabe destacar os que se describen a continuación:

Os participantes poden facer terapia antes de sentirse totalmente cualificados para facelo, xa que poden contar coa intervención do supervisor ou do equipo se se considera necesario. Así, a supervisión en directo pode considerarse un tipo de co-terapia na que hai unha responsabilidade compartida entre o terapeuta e o equipo, non recaendo só sobre o terapeuta novato. Tamén permite aos terapeutas principiantes aprender tanto da súa propia experiencia supervisada como da dos seus compañeiros en prácticas, que adoitan formar parte do equipo (Minuchin e Fishman, 1984). Traballar coa cámara Gesell dá a oportunidade de ter un novo punto de vista, o do equipo, sobre o desenvolvemento da terapia, que pode

ofrecer unha maior variedade de alternativas de acción. Ademais, outro claro beneficio resulta de que o supervisor está a ver en directo o proceso terapéutico, polo que ten máis información que no caso da supervisión indirecta, na que a información que recibe está sometida á subxectividade de quen a transmite. Ademais, na supervisión en directo asistimos ao diálogo e pódese observar directamente a linguaxe non verbal dos terapeutas e dos clientes (Haley, 1996). Finalmente, no que se refire ao cliente, pode estar máis protexido dos posibles erros que poida cometer o terapeuta novato. Polo anterior, queda claro o beneficioso que é ter a posibilidade de traballar a través de equipos terapéuticos con supervisión en directo mediante un espello unidireccional, tendo repercusións positivas tanto nos clientes como nos terapeutas.

Creo que é inevitable sentir certo receo, certo medo, mesmo podería dicirse certa ansiedade, cando como residentes nos enfrontamos á práctica clínica e, sobre todo, se a formación durante a residencia é o primeiro contacto que temos con ela. Aínda que ao longo deste período formativo nos enfrontamos a multitude de retos, un dos que, desde o meu punto de vista, pode provocar un maior respecto é traballar con supervisión directa a través dun espello unidireccional. A pesar dos beneficios desta modalidade de traballo xa mencionados, algúns dos temores que podemos sentir como residentes en formación acrecéntanse ao utilizar esta ferramenta. O primeiro que me gustaría mencionar é o medo a verme exposta diante de compañeiros, supervisores ou, como aconteceu neste caso, titores. Ao longo das sesións de terapia a través do espello, a adxunta que supervisou este caso tamén é a miña titora polo que a tensión «extra», así como as ganas de demostrar coñecementos (sen estar segura en moitos casos de telos), se acrecentaron. Como residente de terceiro ano, espérase — ou iso creo — que teña unha certa comprensión tanto da relación terapéutica como da parte máis técnica do traballo, polo que poño

expectativas nos demais respecto de min mesma que me sinto obrigada a satisfacer, o que xera o medo a non estar á altura do esperado. Convén engadir a síndrome do impostor case sempre presente á hora de utilizar estratexias ou técnicas aprendidas doutros. É importante nestes casos ter en conta que efectivamente estamos «aprendendo dos demais» polo que é imposible non vernos impregnados en moitas ocasións polas súas formas de proceder e mesmo de ser en terapia.

É un feito que estes medos están aí e considero un primeiro paso para superalos ou, polo menos, afacerse a eles, ser consciente de que existen, de que se comparten, de que son inevitables en moitas ocasións e ten en conta que non deixamos de ser residentes formándonos nunha profesión cuxa práctica pode ser tan gratificante como ás veces incerta. Tráballos con persoas, todas elas cos seus propios medos, polo que mesmo estes medos como novos terapeutas poden achegarnos a eles recoñecendo a nosa posición, a nosa inexperiencia, o noso propio medo.

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

O paciente é un home de 48 anos de idade. Está casado e ten dúas fillas. É o maior de dous irmáns e desde pequeno, despois de que os seus pais se separasen cando el tiña 3 anos, recoñece ter feito o papel de pai, o que se considera que determinou a súa personalidade hipersixente e controladora.

Desde 2019 diagnosticáronlle a enfermidade de Crohn, cun bo control da mesma, pero os síntomas agrávanse durante os períodos de estrés.

Durante moitos anos traballou en diferentes empresas no ámbito relacionado coa mecánica, amosando en todas elas un patrón de asumir maiores responsabilidades que as que lle

corresponden e mostrando unha tendencia á sobrecarga. Isto provocou altos niveis de estrés no paciente con abandono de varios traballos.

Coincidindo co diagnóstico da enfermidade de Crohn e un período de altas molestias, comezou a acudir a un centro privado de psicoloxía, acudindo posteriormente a tres consultas nunha Unidade de Saúde Mental, con beneficio percibido segundo o relatado. En 2020 comezaron as consultas de Psicoloxía Clínica desde o programa de enlace con Enfermidade Inflamatoria Intestinal (derivación feita desde o Servizo de Dixestivo). Durante o período de 2020 ata a actualidade, séguenlle tres psicólogas diferentes: unha psicóloga clínica, inicialmente, e dous residentes de psicoloxía clínica, posteriormente. Foi dado de alta nunha ocasión e foi derivado de novo, despois dun tempo, a petición propia.

MOTIVO DE CONSULTA

Volve ás consultas do programa de enlace entre Psicoloxía Clínica e Enfermidade Inflamatoria Intestinal a petición propia. Tamén se está a ver nas consultas de Psiquiatría de Interconsulta e Enlace. Nas consultas de Psicoloxía Clínica é atendido durante catro sesións por unha residente de terceiro ano ca que non pode seguir facendo o seguimento polo fin da súa rotación, polo que practicamente cando comezo a rotar nese dispositivo é cando comeza o noso proceso terapéutico.

O motivo da consulta son as dificultades no ámbito laboral e a sobrecarga no mesmo, que xeran unha importante ansiedade que experimenta tanto a nivel cognitivo como somático. Estas dificultades, xunto cos síntomas presentes naqueles momentos, xeneralizáronse a outros ámbitos da súa vida, facéndoo practicamente incapaz de gozar de ningunha actividade ao inicio da terapia, sentindo a necesidade de converter todo nunha obriga e non deixar absolutamente nada ao azar. Cando veu a




Foto: Eye4dtail

consultar comigo por primeira vez, levaba uns 5 meses de baixa.

OBXECTIVOS

Os obxectivos do paciente son ser máis reflexivo, estar máis tranquilo (que a ansiedade diminúa) e controlar a súa tendencia a involucrase en exceso no traballo e noutras áreas da súa vida (familia, amigos...), sen necesidade de tomar medicamentos.

Por outra banda, xunto co equipo terapéutico, propuxemos que D fose máis consciente de como a súa historia vital fora configurando a súa actual forma de ser, xa que era algo que estaba latente desde as primeiras sesións, permitíndose albiscar na forma en que falaba das súas relacións familiares, tanto coa súa familia de orixe como coa que el mesmo formara. Pensabamos que, de acadar este obxectivo, podería adquirir un maior *insight* en relación

consigo mesmo e a súa problemática, ao tempo que sería máis indulxente, reducindo así a súa obsesividade e dando unha interpretación diferente aos acontecementos.

INTERVENCIÓN

A abordaxe terapéutica foi diferente segundo o profesional que tratou a D ao longo destes anos. No presente traballo realízase unha análise da intervención posta en marcha pola autora deste artigo, sendo nese momento residente de terceiro curso de Psicoloxía Clínica.

Nesta intervención realizáronse 11 sesións terapéuticas: en 4 das cales D foi atendido sen equipo terapéutico e as seguintes 7 con supervisión directa e equipo terapéutico. Para unha mellor comprensión do caso especificanse a continuación os *temas emerxentes* en cada unha das sesións, así como as intervencións máis salientables.

SESIÓN 1	• Marcas de contexto: preséntome como a residente de Psicoloxía Clínica que o atenderá a partir dese momento debido ao remate da rotación de Interconsulta da miña compañeira. • Necesidade pola súa parte de planificar todas as actividades diarias, cada actividade é unha obriga. • Importancia dada ao control • Alta ansiedade, non só en relación co lugar de traballo • Perda da esperanza, incluso tendo pensamentos de morte (nega telos na actualidade)
SESIÓN 2 (despois de discutir o caso en supervisión indirecta)	• Inicio do desenvolvemento da historia de vida • Referencia á frase pronunciada pola súa nai «<i>agora es o home da casa</i>», cando D tiña só 3 anos: asunción de responsabilidades • Falta de cariño cara aos seus pais • Sentimentos de soidade • Inicios no mundo laboral aos 13 anos • Comportamento coas súas fillas oposto ao que tiñan os seus pais con el: isto demostra a paternidade como <i>recurso</i> que posúe o paciente.
SESIÓN 3	• O deporte como vía de escape (<i>recurso</i> persoal de D) • Percepción que ten das súas fillas: «<i>unha é o meu interior —maior— e a outra é o meu exterior —pequena—</i>»: en sesións posteriores, este fío condutor empregárase para dar forma á narración.
SESIÓN 4	• Imposición de autoesixencias derivadas da influencia da súa nai • <i>Insight</i> sobre a súa forma de ser: obsesiva e perfeccionista
SESIÓN 5 (con equipo terapéutico e espello unidireccional)	• Diminución da irritabilidade (<i>excepción</i>) • Ambivalencia ante a necesidade de sentirse esencial no traballo Devolución despois dunha pausa co equipo e tarefa «Conectando cun mesmo a través doutros»: «<i>O equipo cre que o problema que che levou á consulta queda bloqueado cando activas o teu rol de pai. Queremos pedirche que te fagas a seguinte pregunta para a próxima sesión e que nos trañas a resposta por escrito: Como querías que se comportase a túa filla maior se tivese que facer o teu traballo?</i>»

SESIÓN 6

(con equipo
terapéutico e espello
unidireccional)

- Aumento da ansiedade cognitiva e somática despois de recibir unha carta de inspección médica.
- Trae feita a tarefa proposta: destaca que a súa filla sufriría moito no traballo dado que é responsable e necesita ter as cousas controladas. Como consello, D escribe que non debe caer nos mesmos erros ca el e que non debe exceder as súas funcións, que non debe dedicar tempo extra ao traballo e que non debe facer seus os problemas alleos (permitenos mostrar posibles obxectivos terapéuticos).

(Obsérvase unha alta emocionalidade ao narrar a tarefa).

Devolución tras pausa co equipo e nova tarefa «A necesidade do teu neno»:

Gustounos moito coñecer a túa filla maior a través dos teus ollos e seguir coñecéndote como pai, xa que apreciamos que cando activas este rol o problema que che trouxo a consulta desaparece. Queremos pedirlle ao teu eu adulto que escriba unha carta ao neno que eras cando tiñas a idade da túa filla pequena dicíndolle o que cres que necesitaría escoitar de ti como pai.

(Emociónase ao presentar a tarefa e verbaliza que lle gustaría facela).

SESIÓN 7

(con equipamento
terapéutico e espello
unidireccional)

- Lesión nunha perna tras caída; diminución da toma de ansiolíticos a partir dese momento.
- Cómpre sinalar que, cando o equipo terapéutico se decatou da lesión física, anticipou unha posible melloría, sendo esta predición totalmente acertada. O propio paciente verbalizou que a doenza física o tranquilizaba, dado que agora xa tiña algún problema «visible» que, en certo sentido, podería xustificar o feito de que non puidese desempeñar o seu traballo.
- Cambio na relación coa súa nai: máis capaz de ignorar aspectos dela que antes lle facían sentir mal e provocaban grandes malestares.
- Viaxe á terra da que é a súa muller e capacidade de gozo alí
- Especialmente removido pola tarefa anterior, segundo o que refire. O que destaca é: nunca se sentiu neno, sentimentos de soidade e de ter sido usado polos demais, esgotamento vital por ter dedicado a súa vida á atención dos demais, necesidade de aprender a valorarse e permitirse errar...

Devolución tras pausa e tarefa «Consulta co sabio que hai dentro de un mesmo» (Dolan, 2003; Beyebach e Herrero de Vega, 2021):

Viviches máis ou menos a metade da túa vida e esta parte foi unha na que outras persoas puideron ter máis control sobre ela. Tes outra parte que vivir e ti podes ter o control. Gustaríanos que o D de 90 anos nos achegase por escrito o ben que lle foi en varios ámbitos, como o da parella, a familia, o lecer, as amizades...

SESIÓN 8

(con equipo
terapéutico e espello
unidireccional)

- Cambio importante no estado de ánimo: sorrinte, relaxado
- Intención de volver ao traballo pronto
- Trae feita a tarefa: conta a súa historia desde unha perspectiva moi realista. Marca un punto de inflexión no momento presente, no que os valores tocan fondo. Aos seus 90 anos parece máis flexible, con capacidade para dicir que non, sabendo rexeitar as obrigas impostas por outros, de mellor humor, relaxado... O que destaca na realización desta tarefa é a importancia que lle dá D a gozar da súa vida e ter priorizado sentirse tranquilo e rodeado das persoas que aprecia sobre as ganancias materiais.
- Prioridades reordenadas

Devolución tras pausa:

Gustounos moito escoitar todo o que propuxeches na tarefa; parece realista e ao mesmo tempo parece unha boa vida.

Coincidimos contigo en que pode ser un bo momento para que intentes volver ao traballo, pero gustaríanos seguir acompañándote un pouco máis neste momento de cambios.

SESIÓN 9

(con equipo
terapéutico e espello
unidireccional)

- Aumento do nerviosismo cando se achega a volta ao traballo
- Revisión en consulta do traballo terapéutico realizado ata a data

Acordamos que chamará unha vez que estea de alta e traballando.

SESIÓN 10

(con equipo
terapéutico e espello
unidireccional)

- Está traballando e séntese molesto e infravalorado, posto que considera que o seu horario foi modificado para dificultar a conciliación da súa vida privada (impresiona que esta valoración de D se axusta á realidade, en función do que describe).
- Mantemento da mellora en relación coa marcaxe de límites
- Alta responsabilidade en relación coa súa familia e mantemento do seu posto de traballo; medo a cambiar de traballo e que isto implique un reinicio do círculo vicioso do malestar. Non contempla ser quen abandone o traballo, está marcado como «liña vermella a non cruzar».

Devolución e tarefa de «As liñas vermellas»:

O equipo e eu temos a sensación de que esta liña vermella que mencionas puido estar marcada polo D de antes, e está máis centrada no aspecto da ganancia ou perda económica. Pero gustaríame dicirte que no equipo xurdiu un debate: unha parte está de acordo en que te manteñas firme nesta liña, mentres que a outra parte aprecia que quizais o actual D poida trazar outro tipo de liñas vermellas que impliquen a non renuncia a outras áreas da túa vida. Queremos pedirte que o penses e que na próxima consulta nos fales da liña vermella que te poderías marcar neste momento.

SESIÓN 11

(con equipo
terapéutico e espello
unidireccional)

- Mellora emocional significativa, que el mesmo corrobora.
- Cambio no ámbito laboral: segue na mesma empresa, pero ten dúas ofertas de traballo e anunciou que abandonará a actual. Asegura que está a desfrutar do traballo e poñendo límites.
- Resto de esferas da súa vida sen cargarse de obrigas; maior disfrute.

Tarefa:

- Refire que estivo pensando moito e só identifica con certeza unha liña vermella que nunca cruzaría: prexudicar á súa muller ou ás súas fillas.

Devolución: reforzo dos cambios percibidos ao longo das consultas, como son unha maior capacidade para poñer límites tanto no seu ámbito laboral como noutros ámbitos da súa vida, sabendo xestionar as demandas do día a día sen convertelas nunha obriga e permitíndose gozar do tempo de lecer e descanso, capacidade de priorizar o que considera relevante na súa vida, adquisición dun maior autoconecemento que lle permite tolerar os momentos de incomodidade dun xeito máis adaptativo etc. Concorda cos avances mencionados. Acórdase a alta.

Aínda que xa hai varios meses que vin por primeira vez a D, recordo perfectamente a sensación de estar absolutamente perdida e atafegada ante unha persoa que apareceu en consulta cunha alta presión da fala, manifestando niveis de ansiedade que invadían o espazo e cunha necesidade tremenda de telo todo baixo control. Nese momento, considérbao un dos pacientes máis difíciles que vira nos meus 3 anos de residencia. A día de hoxe, e grazas á axuda do equipo terapéutico, considero que é un dos casos máis enriquecedores e co que máis aprendín e gocei. Estableceuse con bastante facilidade un bo vínculo entre D e eu polo que me sentía cada vez máis cómoda traballando xunto a el. Isto sorprendeume nun principio, pero non ao equipo terapéutico, xa que viron en min calidades que me custa apreciar e valorar.

D foi un dos primeiros pacientes cos que traballei desde un enfoque narrativo, repasando a súa historia de vida, así como o seu impacto

na súa forma de ser. Cómpre dicir que, pola súa personalidade obsesiva, cumpriu con rigor as tarefas e «aproveitou» e analizou en profundidade cada unha delas, o que claramente facilitou o traballo.

Como se mencionou na introdución, a terapia narrativa utiliza con frecuencia descrições, textos, declaracións... polo que considero relevante analizar con máis detalle o significado de cada unha das tarefas narrativas que se propuxeron, así como o seu resultado.

A primeira delas foi o repaso da súa *HISTORIA DE VIDA* e consistiu en analizar en consulta o impacto que o trato e a educación recibida de pequeno tiveron na súa personalidade adulta. D foi educado de forma rixida, sen excesivas mostras de cariño e con ausencia da figura paterna. Todo iso, xunto coa personalidade da súa nai, a quen el mesmo define como manipuladora e fría; fixo que asumise desde pequeno o papel de cabeza de familia, non permitíndose cometer o máis mínimo

erro. Esta esixencia, responsabilidade, pouca tolerancia á incerteza e á frustración, acompañouno ata o momento actual e causoulle un gran sufrimento emocional. Cómpre sinalar que, a pesar de todo, foi quen de reverter a historia e educar ás súas fillas de forma flexible, tolerante, comprensiva... Abordar todo isto en consulta permitiulle a D elaborar e dar outro sentido á súa historia, ata o punto de que a relación coa súa nai, aínda que non é boa, é menos rixida que antes e D aprendeu a non deixar que siga influíndo moito nas súas accións e no seu estado emocional. Esta tarefa demostra a importancia de traballar a historia vital da persoa desde un enfoque centrado nos recursos.

Outra tarefa, que chamamos *CONECTANDO CON UN A TRAVÉS DE OUTROS*, consistiu en pedirlle que describise como lle gustaría que a súa filla maior, coa que comparte moitas características de personalidade, se comportase no traballo que realiza. Esta tarefa serviu tanto para facer máis explícita a semellanza de caracteres entre ambos como para facelo máis consciente de como o seu comportamento no ámbito laboral influía no seu malestar. A través desta tarefa, D puido establecer os límites que lle gustaría poñer no traballo, pero facendo referencia á protección que desexaría para a súa filla maior nun ambiente de traballo hostil (o seu). Así, ao poñer no seu lugar a unha das persoas máis importantes da súa vida, foi máis consciente dos factores que máis lle afectan e dos límites que podía poñer para reducir o malestar.

Na terceira tarefa, pedímoslle a D que, como adulto, escribise unha carta ao neno que foi cando tiña a idade da súa filla pequena dicíndolle o que cre que necesitaría escoitar do pai. A esta tarefa chamámoslle *A NECESIDADE DO TEU NENO*. Con este exercicio, D puido conectarse coas súas necesidades infantís e ser aínda máis consciente de como foi a súa infancia e do lonxe que estivo do que considera que debería ser unha infancia feliz para un menor. Esta tarefa sacou á luz a parte máis emoti-

va de D e puxo sobre a mesa, máis aínda se cabe, as diferenzas entre o seu papel de pai e o que tiñan os seus pais con el. A continuación, móstranse algúns fragmentos literais da tarefa realizada por D que poden axudar a ilustrar mellor o mencionado:

Ola, D. Disfruta da túa vida tanto como poidas; sé egoísta, pensa no que queres e non permitas que ningún, familia nin amigos, te leve para outro lado. Rébelate dende o primeiro momento porque canto máis aguantas e cedas, máis difícil será. [...] Sé o irmán do teu irmán, non o seu pai, porque cando pase o tempo daraste conta de que non tes irmán e cando teñas a M —filla menor— estarás tan canso de ser pai que non o desfrutarás o máis mínimo. [...] Sé un neno todo o tempo que poidas. [...] Non te pases a vida intentando facer o correcto ou sobresaíndo en todo, nin preocupándote polo que pensarán os demais; conséguelo con esforzo e cesión e nunca che fará feliz polo que non aguantas e pasas a outra cousa... e toda a túa vida será un rastro de cadáveres. Xa non tes un amigo. [...] Hai moitas cousas que non terás de neno, non só materiais. Non terás un pai coma tal, non terás recordos da infancia e sempre estarás preocupado por facer o correcto polos demais e non esixirás o que necesitas. [...] Encantaríame dicirche como facer estas cousas, pero non o sei. Do que estou seguro é de que, disposto a esforzarte, que sexa por ti.

Outra tarefa, denominada *CONSULTA CO SABIO QUE HAI DENTRO DE UN MESMO* (Dolan, 2003; Beyebach, 2021), consiste en pedirlle ao paciente que imaxine que pasaron uns anos e que co paso do tempo chegou a ser unha persoa máis sabia, e que a partir dese punto reflexione sobre algúns aspectos importantes da túa vida. Esta proposta convida á persoa a revisar todos os aspectos da súa vida e a valorar que cousas podería cambiar para sentirse mellor, máis satisfeita. A través desta tarefa, D puido poñer en perspectiva a súa vida pasada e actual, así como reflexionar sobre como lle gustaría pasar o resto da súa vida. Isto permitiulle revalorizar as «cousas» que eran verdadeiramente importantes para el, descubrindo que non se trataba de cousas materiais, de ter un bo traballo, de destacar,

senón de gozar do tempo cos seus seres queridos, dedicándose a actividades que trouxeran benestar e desfrutar da tranquilidade. A continuación cítanse extractos literais da tarefa realizada:

Teño 90 anos. Con 48 anos houbo un punto de inflexión na miña vida no que despois de tocar fondo e pasar moito tempo de baixa e en tratamento, conseguín coñecer as razóns de moitas cousas e por que actuei de certas formas que non me permitían desfrutar, pasando todo o día preocupado. [...] Reordenei as miñas prioridades e comecei a darlle valor ás cousas realmente importantes, ás que me fan sentir ben; pouco a pouco deixei atrás preocupacións que non eran miñas. [...] Seguimos veraneando xuntos —en referencia á súa familia e amigos—, no mesmo cámping de sempre, como cando as nenas eran pequenas. A miña relación coa miña familia cambiou. Os anos axudaron moito e, sobre todo, aprender a ser inmunes ás obrigas impostas. Isto axudoume en todas as facetas da miña vida. Aprendín a dicir “non” sen sentirme mal nin pensalo máis. Cando os meus pais morreron, a relación coa familia practicamente desapareceu. [...] Esta é basicamente a nosa vida, con moito mellor recordo da segunda metade que da primeira. É unha mágoa ter que baixar tanto para aprender a ser feliz e valorar o importante, pero feito a tempo para que o balance sexa positivo e poder dicir que a miña vida valeu a pena.

Finalmente, propúxoselle a D a tarefa de *AS LIÑAS VERMELLAS*. Esta tarefa propúxose para asentar aínda máis a valoración dos aspectos verdadeiramente importantes e facer reflexionar a D sobre a apertura a novas oportunidades, deixando de lado o seu estilo ríxido. Con esta tarefa puido comprobar que o único que nunca faría sería prexudicar ás persoas que máis lle importan. Ademais, serviu de peche á terapia xa que lle permitiu abrir novos horizontes en todos os ámbitos, reforzando este novo D máis flexible, máis consciente dos seus valores e dos seus obxectivos vitais.

Nesta tarefa explíctase a existencia dun debate no seo do equipo terapéutico, que permitiu abrir diferentes campos de actuación en

D. Esta técnica adoita ser moi útil cando os pacientes teñen un estilo ríxido.

CONCLUSIÓNS

Pódese concluír que, a través do proceso terapéutico realizado con D, conseguiu acadar os obxectivos que se marcaba ao inicio da terapia (a recordar, ser máis reflexivo e ter menos ansiedade). Pero non só iso, xa que a través da terapia narrativa foi quen de elaborar a súa historia vital e darlle un novo sentido, o que lle permitiu desenvolver unha serie de calidades que o levaron a un momento vital diferente: cun novo establecemento de prioridades, con límites claros respecto do que tolera ou non tolera na súa vida cotiá, cunha maior capacidade de desfrute e, tamén poderíamos dicir, cun maior coñecemento de si mesmo, da súa historia. Así mesmo, cabe destacar a importancia de realizar un traballo enfocado en explicitar a importancia dos valores do paciente na súa vida diaria.

Como terapeuta, este caso permitíume afrontar algúns dos meus medos e deume unha nova visión de casos que, nun primeiro momento, poden considerarse «difíciles». Creo que, grazas a ter coñecido e traballado con D, vou asumir os que nun principio puiden considerar casos complicados como «historias por descubrir» e retos aos que, soa ou en equipo, poder dar unha resposta de axuda.

BIBLIOGRAFÍA

- Bello, A. & Sánchez, V. M. (2003). Responsabilidad excesiva desde una perspectiva cognitivo-constructivista. Tratamiento de un caso. *Acción psicológica*, 2(2), 165-172.
- Beyebach, M. & Herrero de Vega, M. (2021). *200 tareas en terapia breve*. Herder.
- Boscolo, L., Cecchin, G., Prata, G., & Selvini Palazzoli, M. (1991). *Paradoja y contraparadoja*. Buenos Aires: Paidós.
- Botella, C. & Gallardo, M. (1999). *El Trastorno Obsesivo Compulsivo*. Servicio de Publicaciones de la UNED.
- Castillo, I., Ledo, H. I., & Del Pino, Y. (2012). Técnicas narrativas: un enfoque psicoterapéutico. *Norte de salud mental*, X(42), 59-66.
- Cruz Fernández, J. P. (2009). Enfoque Estratégico y Formación de Terapeutas. *Terapia Psicológica*, 27(1), 129-142.
- Dolan, Y. (2003). *Trabajo con supervivientes de catástrofes y traumas*. Seminario impartido en el Máster en Terapia Familiar e Intervenciones Sistémicas de la Universidad Pontificia de Salamanca.
- Fernández-Liria, A., Rodríguez-Vega, B., Ortiz-Sánchez, D., Baldor Tubet, I., & González-Juárez, C. (2010). Effectiveness of a structured training program in psychotherapeutic skills used in clinical interviews of psychiatry and clinical psychology residents. *Psychotherapy Research*, 20(1), 113-121.
- Freeman, J., Epston, D. & Lobovits, D. (2001). *Terapia narrativa para niños*. Editorial: Paidós.
- Fruggeri, L., Balestra, & F., Venturelli, E. (2023). *Las competencias psicoterapéuticas*. Editorial: Sentilibros.
- Guidano, V. (2003). *Conversaciones con Vittorio Guidano*. Sociedad Chilena de Terapia Posracionalista. Santiago de Chile.
- Haley, J. (1996). *Aprender y enseñar terapia*. Buenos Aires, Argentina: Amorrortu.
- Hawton, K., Salkovskis, P. M., Kirk, J., & Clark, D. M. (1989). *Cognitive Behavioural Therapy for Psychiatric Problems: A Practical Guide*. Oxford University Press.
- Hovarth, A. O. & Symonds, B. D. (1991). Relation between working Alliance and outcome in psychotherapy: a meta-analysis. *Journal of Counselling Psychology*, (38), 139-149.
- Imber-Black, E. (2014). Eschewing Certainties: The Creation of Family Therapists in the 21st Century. *Family Process*, 53, 371-379.
- Kaplan, S. & Petetta-Goñi, S. P. (2019). *La cámara Gesell, una herramienta de entrenamiento para terapeutas sistémicos*. XI Congreso Internacional de Investigación y Práctica Profesional en Psicología. XXVI Jornadas de Investigación. XV Encuentro de Investigadores en Psicología del MERCOSUR. I Encuentro de Investigación de Terapia Ocupacional. I Encuentro de Musicoterapia. Facultad de Psicología – Universidad de Buenos Aires.
- Le Roux, P., Podgorski, C., Rosenbert, T., Watson, W. H., & McDaniel, S. (2011). Developing an outcome based assessment for family therapy training: the Rochester objective structured clinical evaluation (ROSCE). *Family process*, 50(4), 544-560.
- Linares, J. L. (2007). La personalidad y sus trastornos desde una perspectiva sistémica. *Clínica y Salud*, 18(3), 381-399.
- Martin, D. J., Garske, J. P., & Davis, M. K. (2000). Relation of therapeutic Alliance with outcome and other variables: a meta-analytic review. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 68(8), 438-450.
- Martínez-Taboas, A. (2012). La narrativa como guía de vida: las psicoterapias narrativas. *Ciencias de la conducta*, 27(1), 81-102.
- Minuchin, S. & Fishman, D. (1984). *Técnicas en terapia familiar*. Buenos Aires, Argentina. Paidós.
- Sluzki, C. (1992). Transformations: a blueprint for narrative changes in therapy. *Family Process*, 31, 217-230.
- Wittezaele, J.J. & García, T. (1994). *La escuela de Palo Alto. Historia y evolución de las ideas esenciales*. Barcelona, España: Editorial Herder.



CASO 2

AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓGICA DUNHA SÍNDROME AMNÉSICA TRANSITORIA RECORRENTE

**Anxo Fernández Villar, Cristina García Diez,
Nora Suárez Fuentes, Jennifer Cabaleiro Suárez**
*Psicólogo/a interno/a residente (PIR) na Área Sanitaria de Pontevedra e O
Salnés*

Uxía Martínez Hervés
*Médica interna residente (MIR) de Psiquiatría na Área Sanitaria de
Pontevedra e O Salnés*

Beatriz Fernández Malvido
*Facultativa especialista en Psicoloxía Clínica e Titora PIR na Área
Sanitaria de Pontevedra e O Salnés*

anxo.fernandez.villar@sergas.es

SUMARIO

CASTELÁN

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Fernández Villar, A., García Diez, C., Suárez Fuentes, N., Cabaleiro Suárez, J., Martínez Hervés, U., & Fernández Malvido, B. (2024). Avaliación neuropsicolóxica dun síndrome amnésico transitorio recorrente. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 17, pp. 90–101. <https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

RESUMO

As síndromes amnésicas transitorias son entidades clínicas inusuais nas que se produce unha perda temporal e brusca dalgún proceso asociado á memoria. A amnesia global transitoria é unha síndrome neuropsicolóxica caracterizada por unha repentina amnesia anterógrada que dura menos de 24 horas e que non está acompañada doutras alteracións cognitivas ou síntomas neurolóxicos. Neste artigo preséntase un caso clínico dunha síndrome amnésica transitoria recorrente ao cal se lle realizou unha avaliación neuropsicolóxica. O obxectivo é a determinación de déficits cognitivos e psicopatolóxicos que contribúan á filiación diagnóstica e axuden a adecuar a posterior intervención terapéutica.

PALABRAS CHAVE — amnesia, amnesia global transitoria, memoria, avaliación neuropsicolóxica.

ABSTRACT

Transient amnesic syndromes are rare clinical entities in which there is a sudden, temporary loss of some process associated with memory. Transient global amnesia is a neuropsychological syndrome characterized by sudden anterograde amnesia that lasts less than 24 hours and is not accompanied by other cognitive impairments or neurological symptoms. This article presents a clinical case of a recurrent transient amnesic syndrome in which a neuropsychological evaluation has been performed. The aim is to determine cognitive and psychopathological deficits that contribute to the diagnostic affiliation and help to adapt the subsequent therapeutic intervention.

KEY WORDS — amnesia, transient global amnesia, memory, neuropsychology evaluation.

INTRODUCCIÓN

As síndrome amnésicas agudas transitorias son eventos clínicos pouco frecuentes caracterizados pola perda dalgún tipo de proceso vinculado á memoria (Alessandro et al., 2020). Entre eles, atópase a amnesia global transitoria (AGT), unha síndrome neuropsicolóxica caracterizada por unha afectación da memoria anterógrada, e retrógrada variable, sen asociar outras alteracións cognitivas nin signos de focalidade neurolóxica. Durante as crises de AGT, a conciencia, a identidade persoal e a atención permanecen conservadas (Toledo et al., 2005). A duración do episodio é menor a 24 horas e tras a súa resolución os síntomas desaparecen na súa totalidade, aínda que certas alteracións na memoria e nas funcións executivas poden perdurar nos días seguintes á súa resolución (Triviño et al., 2021). Os estudos estiman unha prevalencia de 3,4-10,4 por 100.000 habitantes, con maior frecuencia en persoas de 60 a 70 anos, afectando por igual a homes e mulleres, e sendo a probabilidade de recorrencia, tras un primeiro episodio, baixa (Alessandro et al., 2020; Triviño et al., 2021).

A pesar de ser unha entidade diagnóstica establecida, aínda non existe consenso respecto da etioloxía da AGT. Con todo, algúns estudos coinciden en considerala unha ponte entre o orgánico e o psicógeno (Marín-García e Ruiz-Vargas, 2008). A investigación neuroanatómica centrouse en explorar a implicación de estruturas do lóbulo temporal medial relacionadas coa memoria episódica e, en concreto, co posible dano ou disfunción das zonas CA1 e CA3 do hipocampo. Estas rexións son especialmente vulnerables á hipoxia, substancias metabólicas e tóxicas (Alessandro et al., 2020). Ademais, este tipo de amnesia relacionouse con cambios hemodinámicos no cerebro, así como coa depresión xeneralizada da actividade neural causada polas hemicranias, sendo estas un factor de risco claramente asociado coa aparición desta síndrome (Triviño et al., 2021). Desde o punto de vista psicolóxico, des-

cribiuse un perfil de personalidade caracterizado por actitudes fóbicas que, combinadas cun factor precipitante como situacións de estrés emocional, esforzo físico ou cambios bruscos de temperatura, puidesen producir unha vasoconstricción cerebral e, consecuentemente, unha hipoperfusión transitoria da función hipocampal (Marín-García e Ruiz-Vargas, 2008; Toledo et al., 2005).

Os pacientes con AGT describíronse como particularmente sensibles ao estrés psicolóxico. Con frecuencia, os familiares informan de acontecementos vitais de elevada carga psicolóxica no ámbito persoal do paciente previos ao episodio de AGT (Becquet et al., 2021). Por este motivo, resulta esencial o diagnóstico diferencial coa amnesia psicóxena.

A amnesia de orixe funcional ten un inicio agudo limitado á memoria episódica autobiográfica cunha perda da identidade variable. Non é frecuente a aparición de amnesia anterógrada. Así mesmo, é precedida habitualmente por un causante traumático e presenta un mecanismo subxacente dissociativo. Por outra banda, a amnesia psicóxena é máis frecuente en pacientes máis novos que a AGT (menores de 50 anos *vs.* maiores de 50 con maior incidencia na setentena no caso da AGT) (Belloch et al., 2020; Marín-García e Ruiz-Vargas, 2008; Toledo et al., 2005).

É importante realizar un bo diagnóstico diferencial con outros cadros orgánicos, principalmente de orixe neurolóxica e vascular. Para o diagnóstico da AGT deben excluírse traumatismos cranioencefálicos, actividade epileptiforme, accidentes isquémicos transitorios (AIT) e ictus. Na amnesia epiléptica transitoria os episodios son moi breves (menos dunha hora) e máis recorrentes. Pola contra, na AGT é habitual un único episodio, presentando soamente entre un 5 e un 15 % dos pacientes máis dun episodio (Belloch et al., 2020; Marín-García e Ruiz-Vargas, 2008). A amnesia debida a AIT comparte a duración menor a 24 horas e a restitución *ad integrum* coa

AGT. Con todo, presenta síntomas focales frecuentes como ataxia, alteración sensoriomotora, hemianopsia, nistagmo e disartria, que non adoitan observarse na AGT. Tamén se exclúen danos isquémicos, intoxicación de substancias ou desordes metabólicos.

As características da AGT son particulares e están asociadas á amnesia anterógrada. Os pacientes aparentan estar desorientados no espazo e, sobre todo, no tempo; con todo, son capaces de usar a información contextual e o coñecemento previo do mundo para facer inferencias sobre a súa situación. Non producen fabulacións e durante o episodio son capaces de conversar e facer tarefas complexas, xa que conservan a atención e a capacidade para estar en alerta. O máis frecuente é que as testemuñas observen un cambio abrupto na expresión, actitude ou comportamento do paciente, ben por un aumento ou por un descenso da actividade. Na maioría dos casos, aparecen como trazos distintivos preguntas e comentarios repetitivos sobre, por exemplo, a hora do día, unha actividade recente ou sobre como chegaron ao lugar no que se atopan. Os pacientes séntense estraños e incómodos e saben que lles sucede algo, pero non adoitan identificar o seu problema como unha perda de memoria.

A AGT é frecuente en períodos de estrés e de excesiva carga laboral. Os escenarios nos que adoita aparecer son: inmersión en auga fría ou quente, natación, experiencias dolorosas, esforzo físico, estrés emocional, relacións sexuais, condución de vehículos de motor, equitación dacabalo, viaxes en avión, sesións de exame médico, paseos, traballos da casa, reunións de negocios etc. A maioría das veces o individuo está a facer unha actividade rutineira ou automatizada, atópase só ou ben acompañado, pero nun contexto que non require unha comunicación activa, o que lle permite dirixir o foco atencional aos seus propios pensamentos. Algúns autores consideran a activación emocional como un posible factor precipitante. Con todo, téndese a sobre-

estimar a importancia emocional de calquera evento que precede a unha amnesia. Tamén se asociou á inxesta de diferentes substancias, como sildenafil, fármaco con efecto vasodilatador prescrito para disfuncións eréctiles. É importante sinalar que a porcentaxe de persoas que desenvolven unha AGT nas que non se atopa un factor causante é bastante elevado (Marín-García e Ruiz-Vargas, 2008).

Como xa se mencionou anteriormente, a AGT non adoita ser recorrente, pero ao redor do 15 % dos pacientes poden padecer varios episodios (Marín-García e Ruiz-Vargas, 2008). Os pacientes con AGT recorrente presentan un maior risco de sufrir ictus en comparación con aqueles que tiveron un só episodio (Toledo et al., 2005). Ademais, a hemicrania asociouse cunha maior predisposición a que se repitan novos episodios (Alessandro et al., 2020). A recorrencia de AGT en pacientes con risco vascular podería estar vinculada á aterosclerosis cerebral, xa que a arteriosclerosis altera a reactividade vascular e favorece a hipoperfusión, afectando áreas especialmente sensibles como o hipocampo (Toledo et al., 2005).

En canto ao curso da AGT, este é en xeral favorable, dado que a incidencia de recorrencia é baixa e a recuperación poscrise adoita ser absoluta. Os pacientes que experimentan un único episodio non presentan maior risco de deterioro cognitivo, ictus ou epilepsia (Alessandro et al., 2020). A pesar diso, certas alteracións na memoria e nas funcións executivas poden perdurar nos días seguintes á súa resolución, aínda que os pacientes perciban unha recuperación completa (Marín-García e Ruiz-Vargas, 2008; Triviño et al., 2021). Aínda que se pode apreciar unha restitución íntegra ao cabo dunhas semanas, esta pode ser máis prolongada e incompleta tras episodios recorrentes (Corral, 2018).

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

Home de 57 anos. Casado, pai de tres fillos. Reside coa súa muller e un fillo. Escolarización ata os 16 anos. Traballa como vendedor nunha tenda de bricolaxe, de ILT o último ano e medio.

ANTECEDENTES FAMILIARES

- Avó paterno: tumor cerebral.
- Pai: hemorraxia cerebral non letal aos 53 anos.
- Irmá: cavernoma en tronco cerebral.

ANTECEDENTES PERSOAIS RELEVANTES

- Non alerxias medicamentosas coñecidas. Autónomo para as actividades da vida diaria. Destro. Presbicia corrixida con lentes. Hipertensión arterial. Nega hábitos tóxicos. Intervencións cirúrxicas: menisco de xeonllo bilateral, fisura do tendón de Aquiles, vasectomía.
- Tratamento domiciliario: Irbesartan/hidroclorotiazida 150mg/12,5mg; Amlodipino 10mg, Tadalafilo 20mg; Escitalopram 10mg.

ANAMNESE

O paciente padeceu catro episodios repentinos de amnesia transitoria nos últimos dous anos. En coincidencia temporal tras o primei-

ro episodio, refire queixas cognitivas que interfíren no seu funcionamento diario. Acode a consultas de Neuroloxía remitido desde Urxencias tras o primeiro episodio, onde se realiza unha exploración neurolóxica sen achar alteracións significativas. Nega cefaleas, caídas ou traumatismos cranioencefálicos previos ao comezo dos episodios. Tampouco refire consumo de tóxicos nin cambios no seu tratamento habitual. Solicítanse probas de neuroimaxe complementarias (TC, RM e SPECT) e analíticas de sangue, estando os resultados das mesmas dentro da normalidade, non constatando achados patolóxicos.

Durante o seguimento por parte de Neuroloxía, o médico de atención primaria do paciente solicita tamén valoración por Psiquiatría da Unidade de Saúde Mental (USM), quen identifica un trastorno de ansiedade con descrições de síntomas dissociativos e se lle pauta Escitalopram sen que o paciente perciba melloría.

Devanditos episodios amnésicos prodúcense sen aparente causante identificado polo propio paciente ou os familiares. O primeiro episodio ocorreu durante un período que o paciente experimentou como estresante no laboral. Unha mañá atopábase no seu coche de camiño ao traballo e, horas despois, non lograbaa acordarse do sucedido durante ese lapso de tempo, polo que chamou á súa filla angustiada para que o recollese e levase a Urxencias. No traxecto cara ao Hospital reiteraba preguntas tratando de orientarse (que día é, quen o recolheu, onde estaba a súa neta, por que estaba alí etc.) e, posteriormente, expoñía dúbidas acerca de preocupacións laborais (onde está o móbil da empresa, quen o ten etc.). Pola noite, atopándose aínda en Urxencias, a clínica comezou a remitir espontaneamente, sendo capaz de manter unha conversa coherente aínda que presentando algunhas disnomias. Os episodios posteriores producíronse mentres o paciente se atopaba a soas no seu domicilio. No transcurso dos mesmos, os familiares áchano nos arredores da súa localidade con sensación

de estranxeza respecto a si mesmo, sen saber como chegara ata alí, reiterando preguntas e estando visiblemente angustiado.

Tanto o paciente como o seu acompañante refiren déficits cognitivos transitorios e flutuantes tras o padecemento do primeiro episodio en forma de descoidos, esquecementos e dificultades para o recoñecemento de persoas. Explica que, en ocasións, non lembra como utilizar algunhas ferramentas cotiás ou que cando vai realizar unha tarefa despístase con outras secundarias e acaba por esquecerse da primeira. Tamén indica que, tras un breve espazo de tempo no cal sae a pasear ou tomar o aire, estes déficits resólvense espontaneamente. A muller corrobora que os déficits son variables e que o paciente se mostra moi obsesivo con estas diminucións, rumiando nos seus esquecementos provocándolle unha maior angustia. A percepción do curso destas queixas consideran que é estable, aínda que, polo descrito nos seus antecedentes, impresiona que a interferencia destes déficits na funcionalidade é cada vez maior. O seu estado de ánimo é flutuante, tendente á irritabilidade e á apatía, estando retraído socialmente debido a iso. Experimenta episodios de ansiedade en diversos contextos, manifestándose como sensación de calor, prurito, dispnea e abafo. Estes síntomas xéranlle a necesidade de saír ao exterior e impídenlle tranquilizarse en por si. Atópase preocupado por saber que é o que lle ocorre e a súa posible solución, dado que ten medo de retornar ao traballo e non poder render como antes. A súa muller reafirma o seu cambio anímico e sinala que o paciente se frustra coas súas queixas cognitivas, mostrándose máis impaciente e susceptible en comparación co seu funcionamento premórbido.

MOTIVO DE CONSULTA

O médico especialista en Neuroloxía que atende ao paciente deriva ao Programa de Avaliación Neuropsicolóxica do Servizo de

Psiquiatría da Área Sanitaria de Pontevedra para valoración neuropsicolóxica. As consultas foron levadas a cabo por un psicólogo interno residente (PIR) coa supervisión directa da psicóloga especialista en psicoloxía clínica e facultativa especialista encargada do programa.

OBXECTIVOS

Realizar unha avaliación neuropsicolóxica para determinar os déficits que padece o paciente e tratar de establecer unha orientación diagnóstica considerando os datos achegados polo seu perfil de personalidade e o seu perfil psicopatolóxico.

INTERVENCIÓN

A intervención consistiu nunha avaliación do estado cognitivo e emocional do paciente mediante o estudo da historia clínica, entrevistas clínicas mantidas co paciente e os seus familiares, así como a administración de probas e cuestionarios que se dividiron en dous apartados: a valoración cognitiva e a psicopatolóxica. O paciente asinou o consentimento informado para incluír o seu caso na liña de investigación de Neuropsicoloxía do Servizo de Psiquiatría. Para realizar a valoración cognitiva administráronse o Addenbrooke's Cognitive Examination III (ACE-III), a proba Vocabulario da Escala de Intelixencia de Wechsler para Adultos-IV (WAIS-IV), o Trail Making Test (TMT), o Test de Cores e Palabras (STROOP), o Test da Figura Complexa de Rey e Proba de Recoñecemento (RCFT), o Test Auditivo-Verbal de Rey (RALVT) e a proba Díxitos da Escala de Memoria de Wechsler-III (WMS-III). As probas realizadas para a valoración psicopatolóxica e de personalidade foron o Cuestionario de experiencias

disociativas (DES) e o Inventario Multifásico de Personalidade de Minnesota-2 (MMPI-2).

Os resultados preséntanse de maneira descritiva e integrada para facilitar a súa posterior interpretación e entender dunha maneira máis precisa e representativa o funcionamento psicolóxico do paciente. Nos anexos recóllense as puntuacións obtidas nas distintas probas.

A capacidade intelectual premórbida estimada atopárase no rango medio. Na valoración cognitiva realizada constátase un déficit no rendemento das probas que avalían velocidade de procesamento, que podería estar en relación cun estilo de resposta conservador debido a certa ansiedade de execución e á tendencia ruminante do paciente. A puntuación que obtén no recoñecemento verbal e visual é significativamente inferior ao seu grupo normativo, sendo significativo tamén que se percibiron certas reiteracións durante a evocación de palabras na proba de recordo inmediato e que o estilo de copia da figura complexa de Rey é desorganizado. Os fallos cotiáns referidos tanto polo paciente como o seu acompañante poderían estar en relación cun bucle ruminante-ansioso tendo en conta o seu estado psicopatolóxico actual. O paciente presenta unha imaxe favorable de si mesmo, socialmente axustada aos valores convencionais, pero ten dificultades para comunicar os seus problemas, sen sentirse capaz de resolvelos en por si. É vulnerable á sensación de ansiedade, tensión e estrés, xerando medos fóbicos e unha importante inquietude interna que lle leva á inhibición social e ao retraemento. Percibiuse e obxectívase un funcionamento ansioso-obsesivo que interfere na regulación emocional de estados de estrés e inestabilidade psíquica, sendo o tempo fóra e o escape automático da situación o afrontamento condutual que realiza habitualmente. Así mesmo, sente malestar social e preocupación ao redor da súa repercusión no ámbito familiar e laboral. Non supera o punto de corte para considerar un trastorno disociativo, aínda que obtén puntuacións elevadas en *ítems* que describen fenóme-

nos de lagoas temporais e ausencias mentais. Tampouco impressiona que o paciente teña experimentado estresores que puidese percibir como traumáticos.

Unha vez obtidos os datos recompilados na avaliación, realizouse unha devolución dos resultados ao servizo derivante de Neuroloxía. Decidiuse tamén recomendar ao psiquiatra que atende ao paciente na USM que valorase a posibilidade de derivalo a Psicología Clínica da súa Unidade. O motivo da devandita derivación radica na percepción dun estado psicopatolóxico alterado que está a dificultar o correcto desempeño funcional do paciente na súa vida cotiá. Os obxectivos propostos para a intervención por Psicología Clínica estarían encamiñados a lograr unha mellor regulación emocional do paciente e valorar a necesidade dunha intervención a nivel familiar dadas as repercusións na dinámica relacional tras os episodios de AGT.

CONCLUSIÓNS

A dificultade na filiación do caso radica en que, como é esperable, o paciente mantén unha lagoa amnésica do comezo dos episodios e, ademais, non existen testemuñas que informen do inicio dos mesmos, dado que non se atopaba acompañado en ningún deles. A información acerca das características dos episodios é achegada por familiares que achan ao paciente durante o padecemento das crises varias horas despois de que comezaran e polos servizos médicos de Urgencias que o atenderon no primeiro episodio.

O paciente padeceu varios episodios de amnesia transitoria anterógrada corroborados por testemuñas, que iniciaron abruptamente e se resolveron en menos de 24 horas. Durante estes episodios non se observa perda da identidade persoal nin afectación doutras funcións cognitivas ou alteración da conciencia, aínda que si se atopou confuso, angustiado

e con sensación de estranxeza. Na valoración cognitiva obxectivouse un baixo rendemento en probas que avalían velocidade de procesamento e certos erros de recoñecemento e re-iteracións. Así mesmo, tras a administración do Inventario Multifásico de Personalidade de Minnesota-2 (MMPI-2), constátase un perfil de alteracións psicopatolóxicas que diversos estudos relacionan con maior susceptibilidade a padecer AGT ao concorrer con eventos estresantes cotiáns.

Coa información recollida o diagnóstico de amnesia psicóxena impresiona menos probable debido a non identificarse eventos traumáticos causantes, non verse comprometida a memoria biográfica retrógrada selectiva, a presenza de amnesia anterógrada (non habitual en amnesias funcionais), a idade do paciente (maior de 50 anos) e a duración dos episodios (menor a 24 horas). Así mesmo, adminístraselle a escala DEAS (Dissociative Experiences Scale), non superando o punto de corte para considerar un trastorno dissociativo, a pesar de describirse fenómenos de lagoas temporais e ausencias mentais.

Respecto ao diagnóstico diferencial de amnesias orgánicas, non se refire consumo de tóxicos, TCE, factores de risco cardiovascular (fóra de hipertensión arterial) ou diagnóstico de epilepsia. Ademais, as probas complementarias e de neuroimaxe non acharon alteracións patolóxicas. Tendo en conta todo o exposto previamente, conclúese que o diagnóstico máis probable sexa o dunha amnesia global transitoria recorrente. En canto á súa etioloxía, non parece que exista unha orixe única para a devandita afección e é probable que o desenvolvemento desta síndrome estea mediatizado pola relación entre múltiples variables orgánicas e psicolóxicas. Independentemente da etioloxía subxacente, a avaliación neuropsicolóxica resultou relevante para realizar un adecuado diagnóstico diferencial e poñer unha abordaxe terapéutica segundo as alteracións e déficits achados.

Bibliografía

Alessandro, L., Ricciardi, M., Chaves, H., & Allegri, R. F. (2020). Acute amnesic syndromes. *Journal of the Neurological Sciences*, 413, 116781. <https://doi.org/10.1016/j.jns.2020.116781>

Becquet, C., Cogez, J., Dayan, J., Lebain, P., Viader, F., Eustache, F., & Quinette, P. (2021). Episodic autobiographical memory impairment and differences in pronoun use: Study of self-awareness in functional amnesia and transient global amnesia. *Frontiers in Psychology*, 12, 624010. <https://doi.org/10.3389/fpsyg.2021.624010>

Belloch, A., Sandín, B., & Ramos, F. (2020). *Manual de psicopatología* (3a ed., Vol. I, p. 222). Madrid: McGraw-Hill.

Corral Varela, M. (2018). *Evaluación neuropsicológica de la memoria* (pp. 51-52). Editorial Síntesis.

Marín-García, E., & Ruiz-Vargas, J. M. (2008). Amnesia global transitoria: una revisión. I. Aspectos clínicos. *Revista de Neurología*, 46(1), 53-60.

Marín-García, E., & Ruiz-Vargas, J. M. (2008). Amnesia global transitoria: una revisión. II. Análisis neurocognitivo. *Revista de Neurología*, 46(2), 115-122.

Marín-García, E., & Ruiz-Vargas, J. M. (2011). Memoria y metamemoria durante la amnesia global transitoria: estudio comparativo sobre su evolución a largo plazo. *Revista de Neurología*, 53, 15-21.

Triviño Mosquera, M., Arnedo Montoro, M., & Bembibre Serrano, J. (2021). *Neuropsicología a través de casos clínicos* (2a ed., pp. 129-141). Editorial Médica Panamericana.

Toledo, M., Pujadas, F., Purroy, F., Lara, N., Quintana, M., & Álvarez-Sabín, J. (2005). La amnesia global transitoria recurrente, una manifestación de la enfermedad isquémica cerebrovascular. *Medicina Clínica (Barcelona)*, 125(10), 361-365.

ANEXO

ACE-III

Dominio	Puntuación directa
Orientación/Atención	18/18
Memoria	25/26
Fluencia	10/14
Linguaxe	26/26
Visuoespacial	16/16
Total	95/100

WAIS-IV (probas seleccionadas)

Vocabulario: Pd=30, Pe=11

TMT


	Tempo (segundos)	Pe
TMT A	105	4
TMT B	144	7

STROOP


	Pd	Pe
P	54	5
C	50	7
PC	18	5

RCFT (Test da Figura Complexa de Rey e proba de Recoñecemento)


VARIABLE	Pd	Puntuación normalizada
Tempo de copia	300	Pc >16
Tipo de execución	IV: Xustaposición de detalles	Pc <10
Puntuación en copia	36	Pc >16
Memoria inmediata	22	T = 58
Memoria demorada	23	T = 61
Recoñecemento	18	T = 37



Copia



Memoria inmediata



Memoria Demorada

Debuxa a cruz esquerda e continúa coa parte superior do rectángulo, segue polo diamante da dereita e logo o cadrado de abaixo (detalles sobre rectángulo non construído na súa totalidade). O tipo de copia que realiza é deficiente en canto a súa planificación.

RALVT (Test Auditivo-Verbal de Rey)

VARIABLE	Pd	T
A1	5	43
A2	8	45
A3	10	47
A4	10	43
A5	11	45
Total A1-A5	44	46
B	7	56
A6	9	47
A7	8	44
Intrusiones	0	> 80
Comisiones	0	56
Repeticiones	10	46
Reconocemento A	8	< 20
Reconocemento B	6	54
Falsos positivos (total)	0	61
Equivocación de A di B	1	51
Equivocación de B di A	0	55

WMS-III

Díxitos: DD Pd=7, DI Pd= 6, Pt=13, Pe=9

DES (Cuestionario de experiencias disociativas)

Pd=30 (Punto de corte para valoración de trastorno disociativo=30)

MMPI-2

<i>Crua</i>	10	12	8	23	39	33	24	28	10	44	41	21	49
PNT	71	58	36	68	84	72	50	56	47	74	63	52	75
T	L	F	K	1. Hs	2.D	3. Hy	4. Pd	5. Mf	6. Pa	7. Pt	8. Sc	9. Ma	0. Si

17	17	14	18	19	8	13	19	11	11	14	21	9	26	19
69	79	72	68	72	63	69	66	53	55	68	79	57	77	74
ANX	FRS	OBS	DEP	HEA	BIZ	ANG	CYN	ASP	TPA	LSE	SOD	FAM	WRK	TRT

Codificación del perfil: 2''073'1+8-594/6: L'F/K#

CASO 3

ATENCIÓN PSICOLÓGICA AO FINAL DA VIDA NO CONTEXTO DO COVID-19

Ana Amado Mera

*Psicóloga Clínica. Área Sanitaria de Santiago de Compostela e
Barbanza*

ana.amado.mera@sergas.es

SUMARIO

CASTELÁN

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Amado Mera, A. (2024). Atención psicológica ao final da vida no contexto do COVID-19. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 17, pp. 102–109. <https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

RESUMO

No presente traballo preténdese explicar e valorar actuacións desde o campo da psicoloxía na situación de pandemia causada polo Coronavirus (COVID-19). Ante a necesidade de dar unha resposta psicosocial a aquelas persoas afectadas directamente pola pandemia, o Equipo de Atención Psicosocial-EAPS Cruz Vermella, dentro do Programa para a Atención Integral a Persoas con Enfermidades Avanzadas, foi solicitado para colaborar polo Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña para dar cobertura á atención psicolóxica dos pacientes ingresados por COVID-19 e aos seus familiares, durante o proceso de enfermidade e tamén tras o falecemento do seu familiar en caso de detectarse factores de risco de dó complicado. O obxectivo principal deste traballo é describir un caso clínico onde se relacionan e aplican os coñecementos básicos para o apoio psicolóxico en coidados paliativos nesta nova realidade, a través da intervención por medios telemáticos

PALABRAS CHAVE — apoio psicolóxico, pandemia, dó, atención a familias.

ABSTRACT

This paper aims to explain and evaluate actions from the field of psychology in the context of the pandemic caused by the Coronavirus (COVID-19). Given the need to provide a psychosocial response to those directly affected by the pandemic, the Equipo de Atención Psicosocial-EAPS Cruz Roja, within the Program for Atención Integral a Personas con Enfermedades Avanzadas, was requested by the Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña to provide psychological care to patients hospitalized for COVID-19 and their family members, both during the illness and after the death of their family member, in case of detecting risk factors of complicated grief. The main objective of this work is to describe a clinical case where they relate and applied basic knowledge for psychological support in palliative care in this new reality, through intervention by telematic means.

KEY WORDS — psychological support, pandemic, grief, family care.

INTRODUCCIÓN

A «Estratexia en Coidados Paliativos do Sistema Nacional de Saúde» (2007), así como o «Plan Galego de Coidados Paliativos» (2014), recollen como aspecto principal proporcionar unha asistencia total e integral ao enfermo e familiares e definen unha serie de obxectivos, dando un peso importante aos aspectos emocionais e psicolóxicos. Unha das tarefas básicas é axudarlles a afrontar e poder integrar esta realidade nas súas vidas, xa que os estilos ríxidos e a falta de comunicación acerca das cuestións emocionais poden bloquear a adaptación neste momento (Rolland, 2000).

Desde o Equipo de Atención Psicosocial (EAPS) de Cruz Vermella, A Coruña, dentro do «Programa para a Atención Integral a Persoas con Enfermidades Avanzadas» promovido por La Caixa, desenvólvese unha actividade asistencial centrada na intervención e no apoio para axudar a persoas con enfermidades avanzadas e ás súas familias para soportar o proceso de enfermidade. Desde o Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC), entre outras funcións, aténdese ás persoas que acompañan/coidan aos seus familiares durante unha hospitalización, garantindo o soporte á familia ao alta hospitalaria e derivando para unha intervención en dó cando se require.

Deste xeito, cando emerxe a pandemia do Coronavirus, expónse a alta importancia do acompañamento a persoas afectadas directamente e os seus familiares por parte dos profesionais, que pode axudar a amortecer as dificultades que xorden como consecuencia, neste caso, dunha enfermidade infecciosa grave, de maneira que se fortalezan recursos e resiliencia e se prevexa ou minore a posibilidade de problemas futuros na elaboración do dó.

Neste artigo relátase o procedemento de atención a un familiar dunha paciente afectada pola enfermidade COVID-19. A través desta descrición, márcase como obxectivo definir as

necesidades persoais detectadas para aplicar e relacionar os coñecementos básicos do apoio psicolóxico en coidados paliativos neste novo contexto, recorrendo á intervención por medios telemáticos. Ademais, valóranse aspectos relativos á eficacia da intervención mediante o rexistro de resultados cualitativos de mellora subxectiva e satisfacción percibida da atención.

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

Luis é un home solteiro de 37 anos que traballa nun gabinete de comunicación. Vive en Venezuela e chega a España de vacacións xunto á súa nai de 71 anos, para estar primeiramente en Galicia cuns amigos e despois trasladarse a Madrid onde reside unha familiar.

MOTIVO DE CONSULTA

Luis é derivado para atención psicolóxica polo traballador social do hospital tras ofrecemento e aceptación do servizo, xa que a súa nai foi infectada por COVID-19 e permanece ingresada na UCI presentando unha mala evolución, o que fai que se propoña acompañamento psicolóxico por criterios de risco e complexidade.

OBXECTIVOS

- Activar os recursos persoais do familiar (capacidade de distracción, autocoidado, actividade social...) dentro das posibilidades existentes polo confinamento.
- Promover un manexo da sintomatoloxía emocional experimentada polo familiar.

INTERVENCIÓN

Realízase **entrevista inicial** o 31 de marzo de 2020, mediante chamada telefónica ao fillo da paciente. Luis refire, durante estes primeiros días, exceso de activación, alta tensión, nerviosismo, sensación de axitación e taquicardias, e unha actitude de bloqueo comunicativo. Expoño que non desexo incomodalo coas miñas preguntas e que non é necesario que as conteste se non o desexa. Di non sentirse incómodo. El tivo síntomas leves durante uns días, estaba mal respiratoriamente pero di que, desde o ingreso da súa nai na UCI e a alerta vivindo a gravidade, fixéronlle mellorar e atoparse máis forte. Apetito preservado. Sono alterado con dificultade para a conciliación. Ten coñecemento sobre a enfermidade e pronóstico da súa nai, non precisa máis información neste momento. Expectativas axustadas.

Presenta malestar emocional moderado congruente coa situación, expresa *«o peor creo que xa pasou, que foi o “shock” inicial da situación que estamos a vivir»*. A paciente leva dous días na UCI e foron intensos pola espera para a información e a constante vixilancia. Sen antecedentes en saúde mental coñecidos.

Atópase confinado el só nun apartamento de alugueiro pero mantén comunicación co seu pai e demais membros da familia e tamén con amizades que lle axudan neste momento tan duro. Informa de boa cohesión e apoio familiar e social percibido.

Católico non practicante, as súas crenzas relixiosas non supoñen un recurso para el. Mantén esperanza, di que é o que agora lle axuda a seguir.

Durante a sesión, dáse a oportunidade a Luis de preguntar, expresar os seus temores e ser consolado. Recoillo e normalizo a experimentación de sentimentos negativos que pode presentar, reforzando os seus recursos. Validación e ventilación emocional. Ofrécese a posibili-

dade de seguimento e a dispoñibilidade telefónica directa.

Valórase unha adaptación moderada á enfermidade da súa nai. Impresiona un bo afrontamento, a pesar da escaseza e limitación de redes sociofamiliares de apoio polo confinamento, o que se sinalaría como principal indicador de complexidade do caso.

Aos dous días, realízase unha **segunda chamada** para proceder co seguimento. A información que transmiten desde a UCI é mala, aplicarán á paciente un tratamento de rescate. Adáptome ao ritmo de Luis, respectando a súa esperanza mentres o achegamos aos poucos á realidade (*«pode que se recupere, pero sería bo poder contemplar a posibilidade se non fose así»*). Informa de que a sensibilidade ante calquera sinal foi desaparecendo, refire maior tranquilidade, esperanza e aprendizaxe de todo o que está a vivir, considera que isto o cambiou, sabe que pode ser unha defensa, pero que o importante é saber se poderá volver ver á súa nai. Expresa certa negación consciente para afrontar o que ocorre *«evito pensar»*.

Leve malestar emocional. Mantén rutinas e interacción cos seus principais apoios.

Escribe unha descrición para entender o sucedido, fomento que tamén inclúa as súas propias emocións. Busca un sentido ao significado de que isto suceda aquí en Galicia, terra á que a súa nai ten tanto agarimo e sinala *«se a enfermidade acaba coa vida da miña nai, será porque ten que ser así»*. Eloxio o seu afrontamento e resiliencia fronte á súa realidade e illamento.

Durante a **terceira e cuarta sesión**, Luis móstrase preocupado, con leve inquietude, manifesta malestar pola situación e polo que significan tantos días en UCI con mala evolución. El mantén incredulidade ante o proceso, aínda que con expectativas axustadas. Continúa coa elaboración simbólica da situación que está a vivir, explica a importancia desta terra para a súa nai, *«todo parece ter un sentido, aínda que moi triste»*. Proporciono un espazo para a



Foto: Magda Ehlers

ventilación emocional e fomento apoios e autocoidado. Agradece a chamada e poder falar da situación que está a vivir.

O 11 de abril desde o hospital notificannos o *exitus* da paciente en UCI por COVID-19. Realízase **chamada de condolencias** ao fillo e **valoración inicial de dó**.

Explica a situación do falecemento, coñecía a gravidade e mala evolución da súa nai, pero mantiña a confianza nunha posible recuperación. Cando o chamaron do hospital para transmitir a mala noticia, estaba a falar por videochamada co seu pai en Venezuela e comunicáronllo aos dous. Actualmente está á espera das cinzas e de comezar os trámites para

volver ao seu país. Consciente de que aínda quedan unhas semanas difíciles, de vivir en soidade e permanecer en corentena, antes de poder abrazar ao seu pai.

Malestar axustado ao tempo, predomina a tristeza, quere centrarse na dor, «*necesítooo*». Facilito a expresión, que Luis poida poñer palabras ao que sente, o que favorece tomar consciencia dos sentimentos que experimenta e axudarlle a alivialos. Traballamos sobre o dó e a perda como reacción adaptativa, como dor e desafío para continuar a reconstrución, «*o dó debe doer para poder sandar*» e infórmase das manifestacións normais deste proceso. Considérase que a súa nai non tivo unha boa morte,

pero atópalle sentido á idea de que *«tivo que ser aquí, na Coruña, terra do meu avó e amada pola miña nai; agora sinto que estou máis unido a eles»*. Explórase mediante narrativas aqueles feitos que son realmente relevantes e que lle deron significado á súa vida.

Continúa o illamento por confinamento pero mantén interacción virtual. Bo apoio social. Autocoidado e descanso preservados. Non presenta culpa nin pensamentos invasivos. Boa capacidade para expresar emocións. Percepción de recursos suficientes para afrontar a perda. Normalízanse determinados sentimentos ambivalentes sen emitir xuízos de valor.

Impresiona a boa adaptación xeral, sen indicadores de dó complicado na valoración inicial, baseados nos preditores de dó complicado (SECPAL, 1995). Amósome dispoñible. Acordamos seguimento durante o proceso de estancia en España.

Aos poucos días realízase a **segunda chamada de seguimento de dó**. Luis presenta bo axuste emocional á situación de perda recente, empezando a concibir como real a morte da súa nai. Expresa as súas emocións, pero considera que o illamento está a facer máis complexo o proceso e está a desexar ver á súa familia e amigos, aínda que, a pesar da distancia, se sente moi preto deles. Continúa cos seus escritos, agora máis centrados na ambivalencia de sentimentos asociados á súa nai, *«ás veces parece que estou escribindo para ela, gustaríame que puidese ler o que a quero»*; traballamos as emocións e a dor da perda (Worden, 1997), sen evitar nin negar, identificando e expresando os sentimentos, chegando a exteriorizar aqueles que non logramos verbalizar. Escoito, acollo e valido o seu afrontamento e aceptación.

Transcorridos tres días, Luis realiza **chamada de demanda de atención ao dó**. Preocupado pola súa familia, especialmente polo seu pai, mantén longas charlas con el, pero

esta espera empézaselle a facer bastante dura e tamén moi lenta. Leve ansiedade.

O seu discurso reflicte o seu malestar polo que a súa nai se está a perder e porque pensa que ela aínda puidera ter vivido moitas máis cousas. Traballamos sobre o presente, o seu benestar actual, os seus apoios en illamento. Tamén sobre o legado da súa nai en todos eles: *«aprender a atopar un significado e un valor positivo ante a adversidade»* (Barbero et al., 2016). Utilízanse recursos e habilidades como a escoita activa, ventilación e validación de emocións, recoñecemento de recursos persoais e afrontamento funcional.

Último seguimento en dó do caso Luis. Onte leváronlle as cinzas da súa nai e tivo que realizar as xestións de defunción, momento que fixo real o que sucedeu. Ademais, está a realizar os trámites para poder volver a Venezuela a través do consulado, ante isto, expresa que non sente un desexo ansioso por que isto ocorra, nin ten preza por trasladarse a Madrid á espera do voo. Identificamos a interpretación e o significado que para el ten «o estar aquí», atopamos un sentido a que o falecemento fose en Galicia, terra significativa para a súa familia e agora para sempre importante. Fala dunha «morriña galega» da súa familia e que agora estará presente como forma de transcendencia.

Consulta emotiva onde expresa os seus pasos na elaboración do proceso de dó. Melloría en ansiedade, sente máis tranquilidade, como que *«todo o que había que facer, está feito»*. Deixou de escribir o seu *«caderno da ausencia»*, di que agora non o necesita, que mantén a súa mente en orde e se sente máis tranquilo e con alivio.

Valórase un proceso de dó adaptativo, onde non existen indicadores de complexidade nin aparece culpa. Lembrolle a miña dispoñibilidade. Expónselle cuestións sobre o proceso de intervención, por exemplo: utilidade do acompañamento, *«axudáronche estas consultas?»*

ou «*cales foron as melloras?*». Refire satisfacción e gratitude polo acompañamento.

CONCLUSIÓN

A primeira valoración sobre a adaptación da nosa intervención psicolóxica, centrada na atención integral ante a situación específica de pandemia, é moi positiva a diferentes niveis. A aplicación dos coñecementos básicos, habilidades e procedementos para o apoio psicolóxico en final de vida e coidados paliativos reflicte uns resultados cualitativos positivos avaliados a través da mellora clínica dos familiares atendidos e a satisfacción expresada pola intervención e o acompañamento.

En xeral, comprobamos que dotar á familia da información que require en canto ao proceso e colaborar en que poidan pensar sobre a mellor maneira para facer fronte a este desafío facilita que poidan afrontar de maneira máis positiva a incerteza e o medo. Tamén en dó atopamos características comúns entre contexto COVID-19 e final de vida. Na elaboración do dó normalízanse as reaccións emocionais habituais evitando patoloxizar o proceso e valóranse os factores de risco para prever dós complicados.

As actuacións expostas fundaméntanse na evidencia dispoñible no momento actual, baseándose nos resultados obtidos en estudos sobre enfermidade avanzada que nos permiten afirmar que as intervencións psicosociais melloran o sufrimento dos pacientes e da súa familia (Mateo-Ortega et al., 2013; Barbero et al., 2016).

Por iso, parece que as intervencións dirixidas á atención á saúde mental e á espiritualidade de persoas con enfermidade avanzada, apoiar un afrontamento adecuado e a axuda psicolóxica á familia, poderían incorporarse en certa me-

didada e ser útiles para apoiar a persoas e familiares afectadas por COVID-19.

O caso presentado requiría intervención por existir factores de vulnerabilidade: familiar de paciente con COVID-19 en UCI, illamento por confinamento, malestar clinicamente significativo, vulnerabilidade social ou factores de risco de dó complicado.

A valoración en función da complexidade, a exploración do estado psicopatolóxico, a escoita activa, a ventilación emocional, a validación, a normalización, as habilidades de comunicación, o adestramento en solución de problemas, a reestruturación cognitiva, o fomento do autocoidado, a historia vital ou o asesoramento e a xestión de recursos sociais foron algunhas das técnicas executadas durante as entrevistas realizadas.

A acollida da intervención foi positiva e as entrevistas telefónicas, a pesar do anómalo, desenvolvéronse con normalidade. Fundaméntase a especial relevancia da comunicación paraverbal (entoación, silencios, claridade) xa que, en ausencia do contacto directo co interlocutor, é a que transmite a dimensión emocional da nosa relación co receptor.

Unha vez concluídas as intervencións, para efectuar unha análise cualitativa o terapeuta expón ó familiar preguntas abertas sobre a valoración pola súa parte do seguimento psicolóxico e actuacións realizadas (utilidade/beneficio). Expresaron unha boa receptividade ao apoio psicolóxico e referiron satisfacción e gratitude coa axuda proporcionada e alivio no malestar subxectivo.

O traballo realizado enmárcase dentro dun modelo humanista centrado nas persoas e nas súas necesidades, velando polo cumprimento dos seus dereitos humanos, como o dereito á saúde, aos coidados paliativos, á autonomía

do paciente ou á protección dos seus datos persoais.

Co presente traballo conclúese que as valoracións e experiencias explicadas son útiles a nivel descritivo, xa que son específicas dun contexto determinado e dun momento concreto; trátase dun traballo sobre a práctica asistencial que non pretende clarificar actuacións ou procedementos, senón achegar as prácticas expostas; onde **a aplicación de estratexias de final de vida funcionan e resultaron positivas en contextos destinados á atención psicolóxica con afectados de COVID-19**. Necesitaríanse estudos para obter achados que apoién amplamente as intervencións para promover o apoio non presencial nos familiares para aliviar o seu malestar ou previr consecuencias clinicamente significativas.

Bibliografía

Barbero Gutiérrez, J., Gómez-Batiste, X., Maté Méndez, J. e Mateo Ortega, D. (2016). *Manual para la atención psicosocial y espiritual a personas con enfermedades avanzadas*. Barcelona, Obra Social “la Caixa”.

Barreto, P., & Martínez, E. (2009). Guía de tratamientos psicológicos eficaces en enfermos terminales. En: Pérez-Álvarez, M., Fernández, J., Fernández, C., & Amigo, I. *Guía de Tratamientos Psicológicos eficaces II: Psicología de la Salud* (pp. 243-254). Madrid: Pirámide.

Mateo-Ortega, D., Gómez-Batiste, X., Limonero García, J.T., Martínez Muñoz, M., Buisan, M. & De Pascual, V. (2013). Efectividad de la intervención psicosocial en pacientes con enfermedad avanzada y final de vida. *Psicooncología*, 10(2-3), 299-316.

Ministerio de Sanidade e Consumo (2007). *Estrategia en Cuidados Paliativos del Sistema Nacional de Salud*. Madrid.

Equipo de Soporte de Cuidados Paliativos (ESPH) del H.U. 12 de Octubre. (2020). *Protocolo de Intervención Psicológica Paliativa telefónica a familiares de pacientes con coronavirus en situación de últimos días (SUD)*.

Rolland, J. S. (2000). *Familias, enfermedad y discapacidad: una propuesta desde la terapia sistémica*. Editorial Gedisa.

Sociedade Española de Cuidados Paliativos (1995). *Guía SECPAL*. Madrid. http://www.secpal.com/biblioteca_guia-cuidados-paliativos-1. Recuperado o 20 de maio de 2016

Worden, J. W. (1997). *El tratamiento del duelo: asesoramiento psicológico y terapia*. Barcelona, Paidós.

Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade (2014). *Plan Galego de Cuidados Paliativos*. Santiago de Compostela.

TRABALLO PREMIADO NAS XXVIII XORNADAS
DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

PÓSTER

GRUPOS DÓ PERINATAL

Andrea Navarro Marcos, Marta Yáñez Vicente, Andrea Puime Pérez, Ana Asunción Canle de Andrés e Fátima Álvarez Martínez.

Psicólogas Internas Residentes. Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro (HAC). Área Sanitaria de Vigo

andrea_set@hotmail.com

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Navarro Marcos, A., Yáñez Vicente, M., Puime Pérez, A., Canle de Andrés, A. A., & Álvarez Martínez, F. (2024). Grupos dó perinatal [Póster]. *Anuario de Psicología e Saúde*, 17, pp. 110–114. <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude/publicacions>

INTRODUCCIÓN

A perda perinatal constitúe unha experiencia emocionalmente dolorosa, cuxo dó se pode alongar e frecuentemente se leva de forma silenciosa (López e Iriondo, 2008). Ademais da perda real do bebé, representa múltiples perdas para os familiares (representación simbólica do fillo, proxecto de parella/familia...) (Brier, 2008; Côte-Arsenault e Denney-Koelsch, 2011). Dada a particularidade deste dó, a falta de recoñecemento e os escasos ritos de despedida, existe un risco elevado para a elaboración do dó (Álvarez et al., 2012; Pastor Montero, 2016). Esta elaboración non é só cuestión de tempo, senón que existe un traballo interior (Juri, 2006), que conleva facer algo con esa dor, non só esperar a que pase o tempo, cunha actitude activa por parte da persoa en dó (Worden, 2004). Por iso, é necesario que se sintan acompañados e apoiados emocionalmente coa finalidade de favorecer respostas adaptativas ao proceso de dó (Álvarez et al., 2012; Pastor Montero, 2016).


MÉTODO E RESULTADOS

A mostra conta cun total de 16 pacientes: 14 mulleres (87,5 %) e 2 homes (12,5 %), con idades entre os 30-35 anos (37,5 %), 36-40 anos (50,0 %) e maiores de 40 anos (12,5 %). As semanas de embarazo están comprendidas entre as 15-20 (31,3 %), 21-25 (18,8 %) e máis de 25 (50 %).


Para a análise dos resultados, tras realizar a proba de normalidade, aplícase unha T de Student para comparar os resultados obtidos no pre-post na Escala de Dó Perinatal e na Escala de Depresión Posnatal de Edimburgo.

Os resultados mostran que existen diferenzas significativas ($p < 0,05$) entre as medidas pre e post do grupo terapéutico, obxectivando un descenso nas seguintes variables: dó activo, posibilidade de dó complicado, intensidade do dó e depresión posparto (Gráfico 1 e 2).

Comparación medidas pre-post Escala de Dó Perinatal



Comparación medidas pre-post Escala de Depresión Postnatal de Edimburgo



PROGRAMA ATENCIÓN CONTINUADA

Decídese realizar esta intervención nun marco grupal co obxectivo de ofrecer aos pacientes a posibilidade de percibir realidades e sentimentos similares aos propios, sen sentirse xulgados.

O grupo de dó perinatal desenvólvese no HAC por parte das Residentes de Psicoloxía Clínica.

Realízanse 7/8 sesións con frecuencia quincenal e duración de 1:30 h cun máximo de 8/10 participantes (nais e pais). Ata a data realizáronse tres grupos terapéuticos.

Sesións

- 1/ Avaliación Pre, presentación participantes e encadre do grupo.
- 2/ Proceso de maternidade/paternidade.
- 3/ Emocións asociadas ao proceso de dó perinatal.
- 4/ Autocoidado.
- 5/ Contorna social, apoio percibido.
- 6/ Futuras maternidades/paternidades.
- 7/ Peche, balance do grupo, despedida. Avaliación Post.

CONCLUSIÓN

Os resultados obtidos obxectivan melloría nas diferentes escalas tras a intervención en grupo de dó perinatal, tanto na escala de dó perinatal como na escala de depresión posparto. Estes resultados son acordes cos reflectidos polos pacientes a nivel cualitativo ao finalizar os grupos.

Como limitacións gustaríanos engadir que non hai un grupo control co que comparar devanditos resultados, polo que non é posible coñecer a influencia doutras variables nestes.

Bibliografía

Álvarez, M., Claramunt, M. A., Carrascosa, L. G. & Silvente, C. (2012). *Las voces olvidadas. Pérdidas gestacionales tempranas*. Santa Cruz de Tenerife, España. OB STARE.

Brier, N. (2008). Grief following miscarriage: a comprehensive review of the literature. *Journal of Women's Health*, 17(3), 451-464. <https://doi.org/10.1089/jwh.2007.0505>

Côté-Arsenault, D. & Denney-Koelsch, E. (2011). "My Baby Is a Person": Parents' Experiences with Life-Threatening Fetal Diagnosis. *Journal of Palliative Medicine*, 14(12), 1302-1308. <https://doi.org/10.1089/jpm.2011.0165>

Cox, J. L., Holden, J. M., & Sagovsky, R. (1987). Detection of postnatal depression: development of the 10-item Edinburgh Postnatal Depression Scale. *The British Journal of Psychiatry*, 150(6), 782-786.

Paramio Cuevas, J. C. (2016). *Adaptación transcultural y evaluación psicométrica de la escala de duelo perinatal* [Tesis de doctorado no publicada]. Universidad de Cádiz.

Juri, L. (2006). Duelos intersubjetivos: el duelo segregado de Charles Darwin. *Aperturas Psicoanalíticas*, 23.

López, A. & Iriondo, O. (2018). Sentir y pensar el duelo perinatal: acompañamiento emocional de un grupo de padres. *Revista Clínica Contemporánea*, 9, e25, 1-24. <https://doi.org/10.5093/cc2018a21>

Pastor Montero, S. M. (2016). *Abordaje de la pérdida perinatal. Un enfoque desde la investigación acción participativa* [Tesis de doctorado no publicada]. Universidad de Alicante.

Worden, J. W. (2004). *El tratamiento del duelo: asesoramiento psicológico y terapia*. Barcelona, España: Paidós Ibérica.

GRUPOS DUELO PERINATAL

Residentes Psicología Clínica: Andrea Navarro Marcos, Marta Yañez Vicente, Andrea Puime Pérez, Ana Asunción Canle de Andres y Fátima Álvarez Martínez
Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro (HAC)



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DE VIGO

INTRODUCCIÓN

La pérdida perinatal constituye una experiencia emocionalmente dolorosa, cuyo duelo se puede alargar y frecuentemente se lleva de forma silenciosa (López y Iriondo, 2008). Además de la pérdida real del bebé, representa múltiples pérdidas para los familiares (representación simbólica del hijo, proyecto de pareja/familia...) (Brier, 2008; Côte-Arsenault y Denney-Koelsch, 2011). Dada la particularidad de este duelo, la falta de reconocimiento y los escasos ritos de despedida existe un riesgo elevado para la elaboración del duelo (Álvarez, Claramunt, Carrascosa y Silvente, 2012; Pastor Montero, 2016). Esta elaboración no es sólo cuestión de tiempo, sino que exige un trabajo interior (Juri, 2006), que conlleva hacer algo con ese dolor, no solo esperar a que pase el tiempo, con una actitud activa por parte de la persona en duelo (Worden, 2004). Por ello, es necesario que se sientan acompañados y apoyados emocionalmente con la finalidad de favorecer respuestas adaptativas al proceso de duelo (Álvarez, Claramunt, Carrascosa y Silvente, 2012; Pastor Montero, 2016).

MÉTODO Y RESULTADOS

La muestra cuenta con un total de 16 pacientes: 14 mujeres (87,5%) y 2 hombres (12,5%), con edades entre los 30-35 años (37,5%), 36-40 años (50,0%) y mayores de 40 años (12,5%). Las semanas de embarazo están comprendidas entre las 15-20 (31,3%), 21-25 (18,8%) y más de 25 (50%).

Para el análisis de los resultados, tras realizar la prueba de normalidad, se aplica una T-de Student para comparar los resultados obtenidos en el pre-post en la Escala de Dó Perinatal y en la Escala de Depresión Postnatal de Edimburgo.

Los resultados muestran que existen diferencias significativas ($p < 0,05$) entre las medidas pre y post del grupo terapéutico, objetivando un descenso en las siguientes variables: duelo activo, posibilidad de duelo complicado, intensidad del duelo y depresión postparto (Gráfico 1 y 2).

Gráfico 1: Comparación medias pre-post Escala de Dó Perinatal





Gráfico 2: Comparación medias pre-post Escala de Depresión Postnatal de Edimburgo

PROGRAMA AC

Esta intervención se decide realizar en un marco grupal con el objetivo de ofrecer a los pacientes la posibilidad de percibir realidades y sentimientos similares a los propios, sin sentirse juzgados.

El grupo de duelo perinatal se lleva a cabo en el HAC por parte de las Residentes de Psicología Clínica.

Se realizan 7/8 sesiones con frecuencia quincenal y duración de 1:30h con un máximo de 8/10 participantes (madres y padres). Hasta la fecha se han realizado tres grupos terapéuticos.

SESIONES

1. Evaluación Pre, presentación participantes y encuadre del grupo.
2. Proceso de maternidad/paternidad.
3. Emociones asociadas al proceso de duelo perinatal.
4. Autocuidado.
5. Entorno social, apoyo percibido.
6. Futuras maternidades/paternidades.
7. Cierre, balance del grupo, despedida. Evaluación Post.

CONCLUSIONES

Los resultados obtenidos objetivan mejoría en las diferentes escalas tras la intervención en grupo de duelo perinatal, tanto en la escala de duelo perinatal como en la escala de depresión postparto. Estos resultados son acordes con los reflejados por los pacientes a nivel cualitativo al finalizar los grupos.

Como limitaciones nos gustaría añadir que no hay un grupo control con el que comparar dichos resultados, por lo que no es posible conocer la influencia de otras variables en estos.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, M., Claramunt, M. A., Carrascosa, L. G. y Silvente, C. (2012). *Las voces olvidadas. Pérdidas gestacionales tempranas*. Santa Cruz de Tenerife, España: OB STARE.
- Brier, N. (2008). Grief following miscarriage: a comprehensive review of the literature. *Journal of Women's Health*, 17(3), 451-464. <https://doi.org/10.1089/jwh.2007.0505>
- Côte-Arsenault, D. y Denney-Koelsch, E. (2011). "My Baby Is a Person": Parents' Experiences with Life-Threatening Fetal Diagnosis. *Journal of Palliative Medicine*, 14(12), 1302-1308. <https://doi.org/10.1089/jpm.2011.0165>
- Cox, J. L., Holden, J. M., & Sagovsky, R. (1987). Detection of postnatal depression: development of the 10-item Edinburgh Postnatal Depression Scale. *The British journal of psychiatry*, 150(6), 782-786.
- Cuevas, J. C. P. (2016). *Adaptación transcultural y evaluación psicométrica de la escala de duelo perinatal* (Tesis de doctorado no publicada). Universidad de Cádiz.
- Juri, L. (2006). Duelos intersubjetivos: el duelo segregado de Charles Darwin. *Aperturas Psicoanalíticas*, 23.
- López, A. y Iriondo, O. (2018). Sentir y pensar el duelo perinatal: acompañamiento emocional de un grupo de padres. *Revista Clínica Contemporánea*, 9, e25, 1-24. <https://doi.org/10.5093/rc2018a21>
- Pastor Montero, S. M. (2016). *Abordaje de la pérdida perinatal. Un enfoque desde la investigación acción participativa* (Tesis de doctorado no publicada). Universidad de Alicante.
- Worden, J. W. (2004). *El tratamiento del duelo: asesoramiento psicológico y terapia* (2a Ed.). Barcelona, España: Paidós Ibérica.

Nº17 Revista Oficial da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

OBXECTIVO DA PUBLICACIÓN

O Anuario foi, e é, unha publicación aberta. Nace co propósito de dar voz e oído, de invitar á reflexión dos que escriben e dos que len, sobre temas de interese para a Psicoloxía Clínica.

Cada número vértase sobre un tema central, enfocado desde diversos ángulos, incluíndo áreas de coñecemento alleas á propia, pero que poden achegar novos mapas.

PERIODICIDADE DA PUBLICACIÓN

Publicación de carácter anual.

NORMAS DE PUBLICACIÓN

AUTORES DOS ARTIGOS DO MONOGRÁFICO

Os artigos serán solicitados aos autores por parte do Equipo de Redacción do Anuario; os textos deben ser orixinais e o estilo será libre, seguindo o obxectivo xeral marcado polo Equipo.

A EXTENSIÓN máxima será de 17 páxinas, letra Times New Roman, tamaño 12, interliñado sinxelo.

A ESTRUCTURA do artigo será a seguinte:

- Título.
- Autor, lugar de traballo e e-mail de contacto.
- Resumo (150 palabras) en español ou galego e en inglés.
- Palabras chave: entre 3 e 5, en español ou galego e en inglés.
- Bibliografía estilo APA: mínimo de 5 referencias bibliográficas.

ANUARIO ABERTO: CASOS CLÍNICOS

Incluíranse descrições dun ou máis casos clínicos que supoñan unha contribución ao coñecemento da psicopatoloxía ou da intervención psicoterapéutica.

A EXTENSIÓN máxima do texto será de 15 páxinas, letra Times New Roman, tamaño 12, interliñado sinxelo.

A ESTRUCTURA do Caso Clínico deberá ser a seguinte:

- Título.
- Nome e apelidos dos autores, centro de traballo e un e-mail de contacto.
- Resumo (150 palabras): en galego ou español, e en inglés.
- Palabras chave: entre 3 e 5, en galego ou español, e en inglés.
- Introducción.
- Datos sociodemográficos.
- Motivo de consulta.
- Obxectivos.
- Intervención.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas: segundo a normativa da APA, cun mínimo de 5 referencias bibliográficas.

ANUARIO ABERTO: ARTIGOS LIBRES

Incluíranse traballos orixinais nos que se describan traballos de investigación ou revisións teóricas de temáticas psicolóxicas, desde un punto de vista clínico ou asistencial.

A EXTENSIÓN máxima do texto será de 15 páxinas, letra Times New Roman, tamaño 12, interliñado sinxelo.

A ESTRUCTURA da Comunicación Libre deberá ser a seguinte:

- Título.
- Nome e apelidos dos autores, centro de traballo e un e-mail de contacto.
- Resumo (150 palabras): en galego ou español, e en inglés.
- Palabras chave: entre 3 e 5, en galego ou español, e en inglés.
- Introducción.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas: segundo a normativa da APA, cun mínimo de 5 referencias bibliográficas.

ANUARIO DE PSICOLOGÍA Y SALUD

Nº/ **17**

Revista Oficial de la
Sección de Psicología y Salud del COPG
EDICIÓN BILINGÜE

GALICIA MÁGICA

DOLENCIAS

RITOS

CUENTOS

CURANDEROS

Nº17

REVISTA OFICIAL DE LA SECCIÓN DE PSICOLOGÍA Y SALUD DEL COPG

CONSEJO EDITORIAL

Xacobe Abel Fernández García / Presidente

Paula Marcos Carregal / Vicepresidenta

María Villarino González / Secretaria

Eduardo Martínez Lamosa / Tesorero

Paula Cid Gutiérrez / Vocal

María Salomé Botana Martínez / Vocal

Isabel Figueroa Matallín / Vocal

Marta Millares Otero / Vocal

CONSEJO DE REDACCIÓN

M^a Gabriela Domínguez Martínez / Directora
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN PONTEVEDRA

Noelia Pita Fernández
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE FERROL

Paula Rodríguez Vázquez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE VIGO

Laura Sotelo Estévez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA – O
SALNÉS

Aislinn García Hermo
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE A CORUÑA Y CEE

anuario@copgalicia.gal

EDITA

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espíñeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela

T. 981 534 049 | Fax. 981 534 983

www.copgalicia.gal | copgalicia@copgalicia.gal

DISEÑO Y MAQUETACIÓN – Laura de Cibreiro

IMÁGEN DE PORTADA – Raymond Petrik / Pexels

ISSN: 2444-6653

Revista indexada en Latindex
<https://www.latindex.org/latindex/ficha/22303>

latindex

Noviembre, 2024

Depósito Legal: C 1615-2019
<https://copgalicia.gal/secciones/psicologia-e-saude/publicacions>

El Consejo Editorial y el Consejo de Redacción no se hacen responsables de las opiniones vertidas en los artículos publicados

Las opiniones expresadas en la Presentación son responsabilidad del Consejo de Redacción

APUNTE

La preferencia de idioma en el original de cada artículo fue determinada por su autor/a, con la posterior traducción del Consejo de Redacción y revisión del COPG

SUMARIO

04	PRESENTACIÓN M ^a Gabriela Domínguez Martínez
06	DOLENCIAS / MALES DE CABEZA: NOTAS SOBRE DENOMINACIONES, CAUSAS, SÍNTOMAS Y REMEDIOS SEGÚN LA MEDICINA POPULAR TRADICIONAL GALLEGA Antonio Reigosa Carreiras
28	RITOS / TRANSFORMACIONES DE LA RITUALÍSTICA FUNERARIA EN LA GALICIA CONTEMPORÁNEA Rafael Quintía Pereira
50	CUENTOS / CRECER CON CUENTOS: EL IMPACTO DE LAS HISTORIAS EN EL DESARROLLO INFANTIL María Ángeles Goás Amado
60	HERRAMIENTAS — CURANDEROS / PSICÓLOGOS Y OTROS CURANDEROS Jorge García Fernández
	ANUARIO ABIERTO
76	CASO 1 / (RE)TOMANDO EL RUMBO: ABORDAJE DE UN CASO CLÍNICO A TRAVÉS DE LA TERAPIA NARRATIVA – Lucía Díaz Riola + Melania Beceiro Rico
90	CASO 2 / EVALUACIÓN NEUROPSICOLÓGICA DE UN SÍNDROME AMNÉSICO TRANSITORIO RECURRENTe – Anxo Fernández Villar + Cristina García Díez + Nora Suárez Fuentes + Jennifer Cabaleiro Suárez + Uxía Martínez Hervés + Beatriz Fernández Malvido
102	CASO 3 / ATENCIÓN PSICOLÓGICA AL FINAL DE LA VIDA EN EL CONTEXTO DEL COVID-19 – Ana Amado Mera
110	PÓSTER / GRUPOS DUELO PERINATAL Andrea Navarro Marcos + Marta Yáñez Vicente + Andrea Puime Pérez + Ana Asunción Canle de Andrés + Fátima Álvarez Martínez

*Son enfermos, unos del cuerpo,
otros del alma, que vienen
a curarse con exorcismos y
oraciones ya que la medicina no
puede hacer el milagro de aliviar
males que no tienen remedio ni
suprimir la inevitable muerte,
herencia de los mortales.*

Rosalía de Castro, *El primer loco*
[1881]

Muchas veces el tema que escogemos para el *Anuario* fue pensado hace tiempo, como propuestas anteriores que fueron rechazadas. Como si se tratara de una historia, hay personajes que salen al principio pero cobran protagonismo más adelante. No sabemos si, como el buen vino, esta idea tenía que madurar o si fue su predecesor, el *Anuario de los Inicios* quien la hizo resurgir; pero escogimos reflexionar sobre los orígenes. Bien podría ser este, Orígenes, el título del *Anuario*, pero en la tierra de las *meigas*, y siendo cinco brujas en el equipo, la magia y la poesía son nuestra huella, así que seguimos con el simbolismo, el realismo mágico de nuestra tierra, de la Galicia Mágica.

Probablemente este sea uno de los *Anuarios* más hermosos, hermoso porque el hilo conductor es nuestra tierra, Galicia, con su historia e historias. Es hermoso por el contenido y hermoso por las imágenes. Es hermoso por bonito y porque nos conecta con nuestras raíces.

Galicia es magia, es historia y memoria. Cada uno de nosotros creamos nuestra propia trama, embebidos de la historia y memoria colectiva, que nos atraviesa, que nos constituye, que nos da identidad. Al final de la vida, lo que dejamos son historias y vivimos en historias, por lo que conocerlas y no enterrarlas, ayuda a entender lo que nos ocurre.

Quizás en la época de la tecnología, de los avances, de la profesionalización del todo, de la patologización de la vida, de la individualidad frente a la comunidad se invite a la desmemoria, pero nosotros queremos evitarlo y recordar y contar. Y lo hacemos con artículos, artículos que enganchan y hacen sonreír, artículos que nos conectan entre nosotros y nos llevan a lo importante. Y, como si de hadas se tratara, entre los propios articulistas se citan.

Abrimos el *Anuario* con un artículo de Antonio Reigosa, escritor, investigador y divulgador de la cultura popular tradicional gallega. Con su artículo *Males de cabeza: notas sobre denominaciones, causas, síntomas y remedios según la medicina popular tradicional gallega*, trata de derribar barreras de

PRESENTACIÓN

M^a Gabriela Domínguez Martínez

Directora del Consejo de Redacción

Psicóloga Clínica

Práctica privada en Pontevedra

gabriela.dominguezmartinez@gmail.com

SUMARIO
GALLEGO

desentendimiento entre el mundo tradicional y el científico. Habla de las enfermedades o dolencias, del origen sociocultural de las mismas, como aspecto importante a reflexionar, y el miedo y la culpa que siempre están detrás. Y lo hace describiendo los males de ojo, de aire, de las sombras, el cuerpo abierto, el cuerpo santo, los curanderos...narrando las explicaciones que se daban a los males de cabeza, donde el poder curador no depende solo del que sabe, sino también de un ente superior y de la comunidad.

